




Guía de Cor e Materiais de Galicia

MEMORIA

Xunta de Galicia e
Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia

Editan: Xunta de Galicia
Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
Instituto de Estudos do Territorio
Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia

Lugar: Santiago de Compostela
Ano: 2017
I.S.B.N.:
D.L.:



Guía de Cor e Materiais de Galicia

MEMORIA

Xunta de Galicia e
Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia

NA GUÍA DE COR E MATERIAIS NAS DOCE GRANDES ÁREAS PAISAXÍSTICAS DE GALICIA

Co gallo da finalización de esta Guía, como punto de partida e alicerce de futuros traballos que no eido, tan particular e con tan escasos antecedentes no país, das cores das edificacións se teñen feito, veño obrigado -i é o meu pracer e a miña honra- en presentala aquí. Compre, no canto que presentación dun traballo colectivo, que representa a todo o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, explicar o marco no que este se desenvolve. Non é papel do representante do COAG o explicar a Estratexia da Paisaxe Galega, nin todo o esforzo de desenvolvemento normativo, de ordenación, de elaboración e apoio de traballos sistemáticos que, vencellados á defensa do territorio e das paisaxes, ven de realizar a Administración Autonómica; si que o é loubar o ben feito e, por outro lado, presentar este traballo como un chanzo máis, dado por un colectivo en apoio dos intereses do país, nun longo camiño.

Os arquitectos galegos teñen, desde a constitución no ano 1973 do Colexio de Galicia, liderado a preocupación polo Patrimonio, pola conservación da Paisaxe, polo Urbanismo e a Ordenación do Territorio, o impulso ao desenvolvemento de normas de habitabilidade, accesibilidade e das sucesivas lexislacións autonómicas sobre o Solo en Galicia. Por varios anos o COAG ten sido, ademais, unha das máis prolíficas editoriais culturais do país, sendo así unha referencia social nos campos de actuación dos profesionais, recollendo e canalizando os intereses e preocupacións cidadás sobre a vivenda, a edificación, os espazos públicos, a cidade, etc... pero tamén, e con carácter fundamental, dentro dos fins e funcións do COAG está o de colaborar coas Administracións Públicas no exercicio das súas competencias, así como para realizar prestacións de servizos de interese propias da Arquitectura e do Urbanismo (...) que lle encomenden os poderes públicos -art 5.f dos seus Estatutos-. Para a realización de tales funcións, para a realización de actividades de interese común e, especialmente, para a promoción de actuacións orientadas á defensa e dinamización do interese público, ven en celebrar convenios con moi diversos organismos, sinaladamente a Xunta de Galicia; nestos nos últimos dez anos temos asinado máis de 38 convenios con diferentes Consellerías, en materias de Vivenda, Ordenación, Educación, Aforro enerxético, diversas publicacións, desenvolvemento de normativa, organización de concursos de arquitectura, etc...

En xuño de 2014 asinouse un convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o COAG, no marco da Estratexia Galega da Paisaxe no que o colexio asumía xa a obriga de realizar, baixo a súa responsabilidade, a elaboración de recursos educativos sobre "A Paisaxe Galega" dirixidos á Educación Secundaria Obligatoria, que incidiran na apreciación do valor da paisaxe e na aprendizaxe da súa lectura, todo dentro de "Proxecto Terra", iniciado hai máis de 16 anos e auspiciado pola Xunta de Galicia desde o 2001.

No ano 2016 asinouse un convenio entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas a través do Instituto de Estudos do Territorio, e o COAG, para a convocatoria dun concurso para o desenvolvemento dunha guía de cor e materiais nas doce grandes áreas paisaxísticas do catálogo das paisaxes de Galicia; tralos bos resultados de ese traballo, elaborouse este protocolo de aplicación e desenvolvemento de exemplos de utilización da guía.

Para realízalos cumpríu harmonizar a presentación dos resultados, e logo desenvolver un mecanismo que permitiu articular un procedemento único (protocolo de aplicación) de xeito que fose, dunha banda, suficientemente xeralista pra garantir a súa aplicabilidade en calquera punto do territorio galego e, doutra, indubitable na súa interpretación, sinxelo na súa aplicación e, finalmente, seguro no cumprimento dos obxectivos.

Os resultados serán xulgados polo pobo galego, as suas institucións e quen veñan en aplicalo, pero, de se cumprir aquela apelación aos bós e xenerosos, confío en que este traballo será base de entendemento e facilitador de atender con arroubo ao son da paisaxe galega.

Antonio Maroño Cal
Decano do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia

Comisión Mixta de Seguimento

Polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia

ANTONIO MAROÑO CAL, decano do COAG
ELVIRA CARREGADO PAZOS, vogal da Xunta de Goberno do COAG, presidenta da comisión de urbanismo, territorio, administración local e función pública do COAG.

Polo Instituto de Estudos do Territorio

INÉS SANTÉ RIVEIRA, directora do IET
ALFREDO FERNÁNDEZ RÍOS, director do Departamento técnico de Estudos do IET
JOSÉ LUIS ÁLVAREZ VICENTE, xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe do IET

Coordinación

ÁNGELES CASTRO DAPENA, arquitecta

Secretaría técnica

ROCÍO LAMAS PÉREZ-CEPEDA, arquitecta

Corrección de textos

CRISTINA LÓPEZ EIMIL, arquitecta

Deseño gráfico

TALLER GRÁFICO DOBLEUVE

Compoñentes dos Equipos

ADRIÁN MARTÍNEZ MARTÍNEZ, arquitecto técnico
ALBERTO REDONDO PORTO, arquitecto
ANA LUISA CASTRO DAPENA, licenciada en Belas Artes
ÁNGELA CALDAS HERNÁNDEZ, licenciada en Historia do Arte
ÁNGELES CASTRO DAPENA, arquitecta
BEATRIZ SIERRA SOBRINO, arquitecta
BELÉN VÁZQUEZ-MONJARDÍN LORENZO, estudante de arquitectura
CAMILO BLANCO PAMPÍN, arquitecto
CELIA FAJAR LOMBA, arquitecta
CRISTINA GARCÍA FONTÁN, arquitecta
DIVINA PÉREZ VIÑA, arquitecta
EDUARDO JAVIER CARAMÉS PAZ, arquitecto
FÁTIMA NIEVES FERNÁNDEZ, arquitecta
FRANCISCO GARCÍA FERNÁNDEZ, licenciado en Historia
GEMMA BARCALA DOMÍNGUEZ, arquitecta
GERMÁN CAMINO MARTÍNEZ, arquitecto
GONZALO CASTRO MARTÍNEZ, licenciado en Historia
IRIA ABUÍN PIÑEIRO, título superior de Deseño
JAVIER AMADEO PENA GARRIDO, arquitecto
JAVIER GONZÁLEZ HARGUINDEY, arquitecto
JOAO NUNO PERNAO, arquitecto
JOSÉ AGUIAR, arquitecto
JOSÉ VALLADARES DURAN, arquitecto
JUAN MARIO CRECENTE MASEDA, arquitecto
LOURDES C. CALVO SEOANE, arquitecta
LUCÍA FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, arquitecta
LUIS FERNÁNDEZ RUIBAL, arquitecto
LUISA SERRANO GARCÍA, arquitecta
MARCIAL RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, arquitecto
MARIA FERNÁNDEZ PERNAS, arquitecta
MARIA MELERO LORENZO, arquitecta
NATALIA FIGUEIRAS PIMENTEL, historiadora do Arte e Conservadora do Patrimonio
NURIA FREIRE GONZÁLEZ, arquitecta
ÓSCAR GÓMEZ MALO, arquitecto
OSCAR LÓPEZ ALBA, arquitecto
PABLO BLANCO RÍOS, arquitecto
ROSA MARI BARREIRO PONTE, estudante de arquitectura
RUBÉN SANTIAGO TOJO
SARA FERNÁNDEZ LAVANDEIRA, arquitecta
XOSÉ CEFERINO CASTRO MARTÍNEZ, arquitecto

Colaboradores/asesores

ÁNGEL CONCHEIRO COELLO, historiador
ENRIQUE RAMOS FERNÁNDEZ, arquitecto técnico
FIZ SEIXO VÁZQUEZ, arquitecto
HÉCTOR SUÁREZ PASTRANA, arquitecto
JORGE VICENTE DÍAZ, xeógrafo
LUIS BRAÑA CASTILLO, arquitecto
MARIA LUISA SOBRINO MANZANARES, catedrática xubilada de Historia do Arte
PAULA VÁZQUEZ NÚÑEZ, enxeñeira forestal
QIAO LING CENDÓN CUNQUEIRO, estudante de arquitectura
RAFAEL SALVADORES RAMOS, biólogo

MEMORIA

1. INTRODUCCIÓN	9
1.1. Obxecto da Guía	11
1.2. Experiencias previas	13
1.3. Marco de desenvolvemento dos traballos	15
2. METODOLOXÍA	19
2.1. Criterios metodolóxicos	21
2.2. Estrutura das fichas de recollida de datos	22
2.3. Proposta de carta de cores e materiais	47
2.4. Variantes metodolóxicas.	47
3. DESCRICIÓN XERAL E DIAGNÓSTICO DAS GRANDES ÁREAS PAISAXÍSTICAS APLICADO A CADA UNHA DAS GAPs	51
BIBLIOGRAFÍA	109
ANEXOS (CD)	
I. Fichas de toma de datos	
II. Fichas de propostas de integración por comarca paisaxística	

INSTRUCCIÓN DE USO

- 4.1. Introducción xeral.
- 4.2. Criterios e recomendacións xerais para a selección de materiais e tipos de acabados.

TOMO I_GAP SERRAS ORIENTAIS

Cartas de combinacións de cores/materiais. Exemplos de aplicación.

TOMO II_GAP SERRAS SURORIENTAIS

Cartas de combinacións de cores/materiais. Exemplos de aplicación.

TOMO III_GAP CHAIRAS E FOSAS LUGUESAS

Cartas de combinacións de cores/materiais. Exemplos de aplicación.

TOMO IV_GAP CHAIRAS, FOSAS E SERRAS OURENSÁS

Cartas de combinacións de cores/materiais. Exemplos de aplicación.

TOMO V_GAP RIBEIRAS ENCAIXADAS DO MIÑO E DO SIL

Cartas de combinacións de cores/materiais. Exemplos de aplicación.

TOMO VI_GAP COSTA SUR-BAIXO MIÑO

Cartas de combinacións de cores/materiais. Exemplos de aplicación.

TOMO VII_GAP GALICIA CENTRAL

Cartas de combinacións de cores/materiais. Exemplos de aplicación.

TOMO VIII_GAP RÍAS BAIXAS

Cartas de combinacións de cores/materiais. Exemplos de aplicación.

TOMO IX_CHAIRAS E FOSAS OCCIDENTAIS

Cartas de combinacións de cores/materiais. Exemplos de aplicación.

TOMO X_GOLFO ÁRTABRO

Cartas de combinacións de cores/materiais. Exemplos de aplicación.

TOMO XI_GALICIA SETENTRIONAL

Cartas de combinacións de cores/materiais. Exemplos de aplicación.

TOMO XII_A MARIÑA-BAIXO EO

Cartas de combinacións de cores/materiais. Exemplos de aplicación.



MEMORIA

1. INTRODUCCIÓN

11. OBXECTO DA GUÍA

Normativa

O Consello de Europa asinou o 20 de outubro de 2000 en Florencia o Convenio Europeo da Paisaxe (CEP) que entrou en vigor en marzo de 2004 e foi ratificado por España o 6 de novembro de 2007, sendo de aplicación en todo o territorio español o 1 de marzo de 2008. O seu obxectivo, tal e como establece o seu artigo 3º, é promover a protección, xestión e ordenación das paisaxes, así como organizar a cooperación europea nese campo.

Pouco tempo despois da entrada en vigor do CEP, a Comunidade Autónoma de Galicia aprobou a Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia. Esta lei, conforme ás disposicións do CEP, recoñece xuridicamente a paisaxe e establece un marco de referencia para todas as lexislacións sectoriais, plans e programas que poidan influír na mesma. No capítulo III defínense os instrumentos para a protección, xestión e ordenación da paisaxe. Os primeiros instrumentos mencionados son os Catálogos da paisaxe de Galicia, aos que atribúe as funcións de delimitación das grandes áreas paisaxísticas de Galicia e de identificación dos tipos de paisaxes existentes en cada unha delas, así como das súas características diferenciais.

Paisaxe

Tanto o Convenio Europeo da Paisaxe como a Lei 7/2008 definen a paisaxe como: *"Calquera parte do territorio tal e como a percibe a poboación, cuxo carácter é o resultado da acción e da interacción de factores naturais e humanos"*.

Tamén é de destacar a importancia concedida á paisaxe na "Carta do Urbanismo Europeo. Unha visión das cidades e das rexións da Europa do século XXI", do Consello Europeo de Urbanistas (ECTP-CEU), o organismo da Unión Europea que agrupa aos urbanistas dos países membros e do que forma parte a Asociación Española de Técnicos Urbanistas (AETU). Esta carta, elaborada na asemblea de primavera da ECTP-CEU, que tivo lugar en Barcelona en 2013, establece nos seus artigos 50 e 51:

"50. A paisaxe é de vital importancia para a calidade e a diversidade cultural da ecoloxía, o medio ambiente e da sociedade europea; a paisaxe contribúe á economía de todas as cidades e territorios a través da súa protección, xestión e a súa ordenación. A paisaxe refírese a calquera territorio, segundo a percepción da xente; o seu carácter é o resultado da acción e a interacción dos recursos naturais e/ou humanos."

51. A paisaxe é un factor importante da calidade de vida, individual e social dos individuos: tanto nas zonas urbanas como rurais, nas zonas degradadas e nas zonas de alta calidade. Polo tanto, a paisaxe é unha expresión da diversidade do patrimonio compartido natural."

O obxectivo de promover paisaxes urbanas que sexan atractivas aparece recollido na "Declaración de Quito sobre cidades e asentamentos humanos sustentables para todos", resultado

No ano 2011 a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas puxo en marcha unha Estratexia da Paisaxe Galega para a posta en valor, protección e recuperación da paisaxe. Esta estratexia foi obxecto dunha revisión no ano 2014, na que se incluíu a elaboración do Atlas das Paisaxes de Galicia a partir dos Catálogos e Directrices de Paisaxe, establecendo como o seu obxectivo principal "identificar e caracterizar os valores e as potencialidades da paisaxe da Galicia cara a súa protección e xestión". Este Atlas concíbese como referencia para a caracterización e valoración da paisaxe galega, constituíndo, nun primeiro lugar, o Catálogo das Paisaxes de Galicia, que comprende a realización conxunta dos catálogos de todas as grandes áreas paisaxísticas.

Como base e armazón para o Catálogo partiuse do Mapa de Grandes Áreas Paisaxísticas de Galicia, elaborado no ano 2012 dentro da Estratexia da Paisaxe Galega e que divide o territorio galego en 12 grandes áreas e 50 comarcas paisaxísticas.

da Conferencia das Nacións Unidas sobre a vivenda e o desenvolvemento urbano sustentable (Hábitat III), celebrada en Quito en outubro de 2016, e que no seu artigo 67 afirma:

"67. Comprometémonos a promover a creación e o mantemento de redes ben conectadas e distribuídas de espazos públicos de calidade, abertos, seguros, inclusivos, accesibles, verdes e destinados a fins múltiples; incrementar a resiliencia das cidades fronte ao cambio climático e os desastres, como as inundacións, os riscos de seca e as ondas de calor; mellorar a seguridade alimentaria e a nutrición, a saúde física e mental e a calidade do aire nos fogares e o ambiente; reducir o ruído e promover cidades, asentamentos humanos e paisaxes urbanas que sexan atractivas e habitables, e dar prioridade á conservación de especies endémicas."

Na "Carta da paisaxe urbana das cidades", aprobada con ocasión do Primeiro Congreso Internacional de Paisaxe Urbana (ICOUL), celebrado en Sao Paulo en decembro de 2015, destácase a importancia da beleza da paisaxe urbana:

"O dereito a unha paisaxe urbana debe ser un dereito accesible e aplicable por todos e para todos os cidadáns. É dicir, dereito a unha paisaxe harmónica na que prevaleza a ética da estética. Cando se pensa nunha cidade, pénsase sobre todo na funcionalidade das vías públicas, edificios e o conxunto dos equipamentos que compoñen o escenario urbano e que deben estar integrados e pensados para un eficiente exercicio das súas funcións. Pero debe pensarse tamén na súa beleza e fermosura. O culto ao belo forma parte da cultura do home."

(<http://icoul.org/carta-das-cidades/>, 2015).

Identidade territorial galega. Valorización do espazo público e do patrimonio cultural

Os cambios que están a producirse no territorio galego e que teñen unha clara repercusión na súa paisaxe aparecen resumidos nos materiais elaborados dentro do ProxectoTerra.

O ProxectoTerra, proxecto do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, cofinanciado pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e desenvolvido coa colaboración da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria desde hai dezasete anos, ten como obxectivo achegar aos estudantes unha reflexión sobre a paisaxe e os espazos e lugares do noso país. Este proxecto, que foi Premio Nacional de Urbanismo en 2010, inclúe na súa documentación a seguinte reflexión de Juan Luis Dalda Escudero e Miguel Castelo Agra sobre a identidade territorial: *"O desenvolvemento territorial no que está inmersa Galicia dende aquela vén marcado polo reforzamento do peso das cidades e da industria, a modernización dos servizos e a crise da sociedade agraria tradicional, que provoca cambios no uso da terra e importantes movementos de poboación"*.

Neste proxecto recoñécense algúns dos bos resultados acadados en certos concellos de Galicia, pero aclárase o seguinte:

"Pero estes resultados só son posibles se existe unha visión planificada e de conxunto, unha valoración do construído e unha

decidida concepción do valor dos espazos públicos e do patrimonio cultural na construción da cidade de hoxe, un espazo que non pode ser entendido só como un mero amoreamento de construcións destinadas a dar solucións ao problema da vivenda".

Así mesmo, establécense os seguintes retos:

"Ante esta nova realidade, acadar un anovador ordenamento do territorio precisará, tamén, doutros esforzos:

- Saber valorar os pequenos núcleos existentes poñéndoo en relación cos grandes.*
- Procurar a axeitada integración das periferias difusas, antes rurais, nas cidades compactas.*
- E intentar captar as pegadas da nosa identidade territorial procurando reinterpretalas dun xeito modernizador.*

Todos eles son exemplos da inescusable tarefa que temos por diante para sentar as bases dunha necesaria racionalización do noso xeito de ocupar o territorio".

Esta Guía baséase en dous dos valores difundidos a través do Proxecto Terra: unha decidida concepción do valor dos espazos públicos e do patrimonio cultural.

Relación entre paisaxe e espazo público

A relación entre paisaxe e espazo público queda manifesta neste texto de inicio do 2º Congreso Internacional de Paisaxe Urbana:

"O concepto paisaxe urbano amplía o tradicional de espazo público, incorporando a aqueles de titularidade ou propiedade pública, os espazos privados na parte que son susceptibles de desfrute colectivo. Por iso calquera xestor que, desde o público se limite a

actuar sobre o público, o estará deixando de facer sobre algúns dos elementos esenciais que constitúen o medio ambiente urbano. A cidade percíbese a través da súa paisaxe, pero tamén a través da forma na que a poboación utiliza os espazos urbanos. O esencial non é a mera existencia destes espazos, senón o xeito no que as persoas se relacionan con estes espazos e fan uso deles. A paisaxe urbana é percepción e uso". (<http://es.icoul.eu/>, 2017).

Relación entre paisaxe e arquitectura. Patrimonio cultural.

Segundo o programa de paisaxe PAGUS do ProxectoTerra, conforman a paisaxe os elementos abióticos, bióticos e culturais e antrópicos. Dentro dos elementos culturais ou antrópicos están as construcións e edificacións, sendo estas, ademais dun compoñente da paisaxe, portadoras e representantes dun patrimonio cultural herdado e presente, e constituíntes fundamentais dunha identidade territorial, dun patrimonio común.

A relación das construcións e edificacións coa paisaxe prodúcese a través da súa envolvente ou pel, e queda perfectamente definida neste texto de Fariña Tojo:

"Arquitectura e urbanismo son materias tan próximas que, moitas veces, é imposible establecer una liña de separación entre ambas. En calquera caso, de existir fisicamente esta liña, probablemente habería que situala na envolvente do edificio. Naquela parte da arquitectura que acouta o seu territorio. Ás veces tan tenue,

que deixa de ser física e é difícil de atopar. Pero, ademais de ser contedor e fronteira, esta envolvente é a encargada de que o particular, o privado, transcenda ao colectivo, ao patrimonio común. Por iso ten tanta importancia. Calquera modificación no interior dun edificio afecta basicamente aos seus usuarios, pero se a modificación se produce na envolvente nunha gran parte dos casos aféctanos a todos. Se entendemos esta envolvente como unha pel que, dalgunha maneira, regula as relacións da arquitectura coa contorna física ou social que a rodea, o que lle pase a esa pel é do maior interese, non só de "portas a dentro" senón tamén de "portas a fóra"". (<https://elblogdefarina.blogspot.com.es/2014/10/arquitecturas-desolladas.html>, 2014)

Esa envolvente ou pel das edificacións, de propiedade privada pero parte dun ben colectivo, está configurada por superficies, texturas e cores que, tal e como expresa Quaroni (1980), derivan da calidade e do traballo do material que se utilice e do tratamento ao que se

Ile someta. Pode ser realizada usando un ou outro material, pero tamén tratando dun xeito ou doutro un mesmo material.

A capacidade de compoñer texturas e cores cos materiais de revestimento das construcións é una habilidade que se adquire, como outras moitas no oficio da arquitectura, co estudo e a aprendizaxe.

Obxectivos, bases e fin da Guía

O obxectivo xeral deste traballo é a redacción dunha guía técnica que estableza as pautas para o emprego da cor e os materiais de revestimentos arquitectónicos nas paisaxes urbanas e rurais das doce Grandes Áreas Paisaxísticas de Galicia.

O obxectivo específico da Guía é establecer unhas pautas de composición para construcións e edificacións, que favorezan unha adecuada integración paisaxística e con iso contribuír a unha maior calidade da paisaxe galega. Esas pautas centraranse nos tipos de materiais máis recomendables para os diferentes elementos das construcións e edificacións, así como nas gamas e paletas de cores máis congruentes coas características das contornas nas que se vaian empregar.

O termo integración haberá de entenderse como o feito de que algo pase a formar parte dun todo, de que aquel se acomode, adapte e axuste a este de tal sorte que non haxa discrepancia entre eles. Deste modo a edificación/construción haberá de acomodarse á paisaxe de referencia por medio dos materiais empregados para a súa construción e das cores dos elementos que a compoñen.

Pero tamén haberá que ter en conta o seguinte:

"Na tradición, a cor nos seus parámetros ornamentais sempre veu articulado coa linguaxe da propia arquitectura, dada a súa utilización a través dos materiais construtivos, e neste senso non resultan lóxicas algunhas solucións onde a cor, convertida en pintura mural, asoballa a composición arquitectónica, convertendo a fachada nunha masa de difícil lectura..."

[García et al., 1995].

"A estimación dos matices das distintas cores, o acoplamento e a elección de varias cores, nas súas cantidades relativas, que hai que harmonizar non é, como moitas outras cousas, reducible a regras simples; só coa persoal experimentación, sobre todo, é posible dominar o tema" (Quaroni, 1980; 181).

Por iso, como resultado da análise das tipoloxías da arquitectura tradicional das comarcas e do distinto xeito en que as arquitecturas das diferentes épocas, constituíntes da totalidade da arquitectura tradicional, articulan a súa linguaxe compositiva, engádesse unha clasificación morfotípica, baseada nas relacións entre os fondos, elementos compositivos, carpintarías e cerrallarías da arquitectura tradicional galega. Apórtase, en consecuencia, unha resposta en forma de carta de cores, instrucións de uso e recomendacións sobre materiais para cada morfotipoloxía. Porén, cómpre recoñecer que se trata dunha clasificación xenérica, debido á extensión do ámbito obxecto da presente Guía.

Consecuentemente, esta Guía baséase na busca da integración e harmonización coa paisaxe, así como no estudo compositivo das distintas morfotipoloxías das arquitecturas.

A Guía de Cor e Materiais de Galicia elabórase co fin de servir de instrumento para a mellora da paisaxe, a través dos materiais e cores da envolvente das edificacións. Pártese da concepción da arquitectura como un patrimonio cultural vencellado á identidade territorial, que nalgúns casos haberá que recualificar a través da mellora da súa pel, para así facelo visible e que se poida producir unha toma de conciencia do seu valor patrimonial colectivo, tanto por parte do cidadán que a posúe e habita como do que a percibe e disfruta.

1.2. EXPERIENCIAS PREVIAS

Neste apartado faise un percorrido selectivo por traballos referentes á cor realizados en países do noso entorno, recollendo dúas tendencias diferentes no xeito de facer intervencións cromáticas, e en España, para finalmente expoñer as realizadas ata este momento en Galicia.

Francia

Os traballos desenvolvidos en Francia están xeralmente inspirados polas teorías de Jean Philippe Lenclos. Para Lenclos existe unha xeografía da cor, una interacción cromática entre as condicións xeolóxicas e climáticas, os materiais de construción locais, as tradicións culturais e o traballo das persoas que viven en sociedade. Os estudos de Lenclos demostran a existencia dunha relación estreita entre territorio e linguaxe arquitectónica (Aguar, 2005).

En Francia existen instrumentos non reguladores que teñen como obxectivo a sensibilización, educación e participación, e que recollen un programa de accións concretas que poden tomar moitas formas dependendo dos obxectivos marcados. Estes instrumentos pretenden ser puntos de referencia para outros proxectos, crear conciencia de identidade e promover un paisaxismo de calidade, conciliando a preservación da paisaxe (agrícola e residencial) co desenvolvemento da terra e do medio ambiente. Son as Cartas de Arquitectura e Paisaxe desenvolvidas para o ámbito dos Pays.

Ao mesmo tempo, desenvólvense Plans de Cor para ámbitos tanto municipais e urbanos (a todas as escalas, incluso para novas urbanizacións de cidade xardín) como paisaxísticos, como poden ser os parques naturais.

Na introdución da Guía de cores e materiais das construcións do Parque Natural Rexional da Haute Vallée de Chevreuse afirmase: "O

propósito da carta de cor non é impoñer senón poñer a disposición gamas de cor de acordo coas tonalidades xerais do territorio e a as tipoloxías da construción".

Italia

Entre os documentos urbanísticos contemplados en Italia para a recualificación e a tutela do tecido urbano están os Plans de Cor. Estes Plans de Cor difúndense a partir de principios dos anos oitenta, a continuación da experiencia piloto de Turín a finais dos anos setenta do século XX. O obxectivo, en principio, destes tipos de plans é o de tutelar o aspecto cromático do centro histórico a través da cor e os materiais.

Moitos destes plans supeditaban a escena urbana e os aspectos de percepción da contorna ao edificio individual e á súa historia. Outros destacaban o aspecto histórico, favorecendo as cores dun período histórico determinado. Sen embargo, todos pretendían plantexar a cuestión cromática na renovación urbana e evitar intervencións inapropiadas sobre a construción histórica.

Os últimos plans teñen un enfoque máis libre e baséanse na elección de cores polo cidadán, entre os dunha carta que é o resultado dunha coidadosa análise dos edificios, da súa historia e do seu contexto. Neles trátase de combinar os aspectos cromáticos e materiais da fachada do edificio coa percepción da contorna urbana e da escena urbana no seu conxunto.

En Turín, o plan inicial de 1979 implementouse corrixindo desviacións grazas á experiencia adquirida no tempo, elaborando

un novo Plan de Cor que entrou en funcionamento en 1997. Este plan ten como obxectivo principal a rehabilitación da imaxe da cidade, a preservación e protección do patrimonio construído e a conseguinte mellora da paisaxe urbana. Ademais, realiza unha función de guía e control, establecendo os mecanismos de xestión. Nos últimos anos, a través da implementación do Plan, realizáronse numerosas intervencións nas principais rúas e prazas do casco antigo, priorizando a importancia da recuperación da unidade no ambiente. Este plan xestiónase a través da Oficina da Cor, que coordina a todos os actores, tanto públicos como privados, que participan na operación e na simultaneidade global do proxecto.

En Italia enténdese o Plan de Cor como unha ferramenta, ao igual que outros instrumentos de planeamento, que poden ser adoptadas polos xestores co fin de protexer, conservar ou mellorar o carácter predominante dunha cidade ou dun concello desde o punto de vista da cor. Este plan ten o obxectivo de garantir a uniformidade, continuidade visual e consistencia que caracteriza a un territorio, evitando que a arbitrariedade poda danar a súa imaxe, sobre todo se é moi marcada desde o punto de vista histórico.

Actualmente case todos os concellos de Italia teñen o seu Plan de Cor estendido a todo o seu territorio e non limitado ao casco histórico.

España

En España atópanse varios instrumentos para desenvolver políticas de intervención na paisaxe que inclúen a cor. Entre estes modelos destacan pola súa influencia o do concello de Madrid e o de Barcelona.

No concello de Madrid elaborouse un plan especial da paisaxe, o Plan de Calidade da Paisaxe Urbana, aprobado o 19 de xaneiro de 2009. Este plan contempla unha serie de instrumentos, dentro dos cales está o Programa Cro-Mad, que "constitúe unha estratexia para a xestión e tutela de intervencións nas fachadas das diferentes unidades de paisaxe definidas no Plan encamiñadas á revitalización e configuración da imaxe de Madrid".

O programa Cro-Mad componse de dúas accións preferentes:

- A. Madrid cromático, co obxectivo de investigar e definir as constantes cromáticas das áreas históricas de Madrid. O principal documento será o Plan de Cor e Carta de Cores Históricas de Madrid.
- B. Madrid contrapunto, co obxectivo de incentivar e establecer os principios para que se poidan desenvolver propostas

cromáticas específicas para unidades de paisaxe urbana, con tipoloxías de bloques e actuacións de recualificación do ambiente urbano e paisaxístico. O principal documento será o Manual de pautas cromáticas para a intervención na paisaxe urbana.

No concello de Barcelona optouse por compactar todas as ordenanzas municipais nunha soa, a Ordenanza Municipal dos Usos da Paisaxe Urbana, aprobada o 26 de marzo de 1999. O órgano xestor é o Instituto Municipal da Paisaxe Urbana e a Calidade de Vida, constituído en 1997 pero cuxa orixe se remonta ao ano 1986, e que ten entre as súas funcións a de asesorar aos particulares sobre aplicacións da cor, uso das tipografías e, en xeral, sobre opcións que afecten á paisaxe urbana e non estean reguladas con carácter imperativo polas ordenanzas municipais.

Esta ordenanza utiliza os Códigos da Paisaxe para orientar as actuacións, entre os que está o Código Cromático. A estrutura do Código é unha carta de cores para cada período estilístico, que inclúe as combinacións máis apropiadas para os elementos compositivos das fachadas.

Anteriormente, de cara ao papel de representación que xogaría a cidade histórica de Barcelona nos Xogos Olímpicos de 1992, desenvolveuse un Plan de Cor que tivo o seu inicio en 1989, aproximado ás experiencias italianas da época e baseado na análise das principais tipoloxías representativas de fachadas. Os Códigos derivan da implementación deste Plan de Cor.

Galicia

A finais do século XIX produciuse unha gran preocupación polo ornato público que se reflectiu nunha serie de ordenanzas emitidas polos concellos. Ditas normas recollían directrices sobre o uso da cor e os materiais. Esta preocupación polo ornato público mantívose ata principios do século XX.

Ata os anos oitenta, nos Conxuntos Histórico-Artísticos existía unha rigorosa limitación da cor. Na maior parte deles, senón en todos, só se permitía a cor branca nas fachadas e nas carpintarías, nas que tamén se permitía a cor da madeira ao natural.

A partir dos anos 80, o planeamento de desenvolvemento, en forma de plans especiais na súa maior parte, recollía indicacións de cor e materiais, aínda que estas foran concisas, remitíndose, nalgúns casos, ao desenvolvemento de plans e ordenanzas de cor que non chegaron a fraguar.

Ao longo destes anos atópanse intervencións illadas de regulación

Como consecuencia das experiencias nas dúas cidades máis importantes, apareceron Plans de Cor desenvolvidos por toda España: Girona, Lleida, Toledo, Málaga, Sevilla, Valencia, Cartagena, etc.

da cor, moitas delas elaboradas e xestionadas polas Oficinas de Rehabilitación dos concellos.

Unha experiencia concreta de intervención cromática, na que interviu o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, foi a chamada iCor, desenvolvida na cidade de Lugo. Esta experiencia foi o resultado dun convenio entre o Concello de Lugo e a Delegación en Lugo do COAG. iCor desenvolveuse en tres fases sucesivas: 1º Seminario Internacional Cor e Cidade; Workshop Internacional Cor e Cidade; e Laboratorio Ensanche da Ramella. O ámbito de actuación do Laboratorio foi o primeiro ensanche realizado a principios do século XX na cidade de Lugo e que forma parte do seu casco histórico. O Plan de Cor consistiu na proposta cromática concreta, previa análise morfotipolóxica, gráfica, construtiva, sociolóxica e ambiental, para cada un dos 45 edificios, moitos deles de arquitectura protoracionalista e racionalista, situados no ámbito de traballo.

1.3. MARCO DE DESENVOLVEMENTO DOS TRABALLOS

Os traballos para a elaboración desta Guía desenvóléronse no marco dun convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a través do Instituto de Estudos do Territorio, e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

Obxecto do convenio

O obxecto do convenio é establecer as condicións de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, aos efectos de elaborar a Guía de cor e materiais nas doce grandes áreas paisaxísticas definidas no Catálogo das paisaxes de Galicia.

Neste convenio establécese como finalidade da Guía de cor e materiais de Galicia a redacción duns criterios e directrices técnicas, científicas e obxectivas para a regulación do emprego da cor e os materiais de revestimentos arquitectónicos nas paisaxes urbanas e rurais das doce grandes áreas paisaxísticas de Galicia. Unhas pautas de composición para edificacións orientadas a acadar unha axeitada integración paisaxística, e así contribuír a unha maior calidade dos espazos públicos e do medio rural.

Con este fin o convenio concreta que estas pautas se centrarán nos tipos de materiais máis recomendables para os diferentes elementos das construcións e edificacións, así como nas gamas ou paletas de cores máis congruentes coas características das contornas (urbanas ou rurais) nas que se vaian empregar. Para

elo sería preciso documentar a realidade existente en cada área paisaxística, identificando as principais tipoloxías de fachada. A partir desta análise e diagnose previa elaborárase unha carta de cores e materiais locais para cada unha das grandes áreas paisaxísticas.

Establécese como criterio metodolóxico a procura de analoxías coa arquitectura popular galega de cada área paisaxística, podendo ademais propoñer novas cores e materiais que harmonicen coa paisaxe construída. Trátase de configurar un conxunto de cores e materiais "deseñado" a partir dos empregados historicamente en cada rexión xeográfica, pero ampliados para permitir unha arquitectura aberta a novas achegas e contrastes equilibrados e harmónicos.

Finalmente, defínese como obxectivo final a plasmación da Guía nunha serie de recomendacións e propostas prácticas, que terán un carácter orientativo, e que poderán servir de fundamento e axuda para que os plans urbanísticos e os instrumentos de ordenación do territorio as concreten para ámbitos territoriais menores.

Desenvolvemento das actuacións

O desenvolvemento da Guía de cor e materiais de Galicia baséase nas 12 Grandes Áreas Paisaxísticas (GAP) delimitadas no Catálogo das paisaxes de Galicia.

Recoñecendo as diferentes características das 12 áreas e a súa repercusión na complexidade e dificultade para o desenvolvemento dos traballos, e tendo en conta a superficie total da área, a superficie construída, a superficie de solo urbano, número de entidades de poboación e número de entidades do sistema de asentamentos das DOT, determináronse dous graos de dificultade para esta análise:

- A. As áreas de: Rías Baixas; Golfo Ártabro; Galicia Central; e Chairas e Fosas Luguesas.
- B. As restantes áreas paisaxísticas, é dicir: Serras Orientais; Serras Surorientais; Chairas, Fosas e Serras Ourensás; Ribeiras Encaixadas do Miño e do Sil; Costa Sur-Baixo Miño; Chairas e Fosas Occidentais; Galicia Setentrional; e A Mariña-Baixo Eo.

Para o desenvolvemento da Guía, o Instituto de Estudos do Territorio (IET) elaborou unhas bases técnicas, que serviron de partida para a execución do Convenio; neste, o COAG convocou un concurso para seleccionar seis equipos, distribuíndose os traballos nas doce Grande Áreas en seis bloques, catro correspondentes a unha área de tipo A e unha de tipo B, e outros dous correspondentes a dúas áreas de tipo B. A selección dos equipos levouse a cabo por un xurado conformado paritariamente por representantes do COAG e da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

O equipo redactor das bases técnicas para o IET foi o formado por:

Alberte González Rodríguez, arquitecto
Jorge Salvador Fernández, arquitecto
Manuel J. López Guitir, arquitecto
Jorge B. Gómez Cereijo, arquitecto

Os equipos seleccionados no concurso quedan como segue:

Composición dos equipos que traballaron en cada Grande Área Paisaxística

GAP	EQUIPO	
1 I SERRAS ORIENTAIS VII GALICIA CENTRAL	ALBERTO REDONDO PORTO, MARCIAL RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, JOSÉ VALLADARES DURÁN (rvr arquitectos) JAVIER GONZÁLEZ HARGUINDEY. Arquitecto	
	COLABORADORES: HÉCTOR SUÁREZ PASTRANA, Arquitecto LUIS BRAÑA CASTILLO, Arquitecto FIZ SEIXO VÁZQUEZ, Arquitecto. ASESOR: ÁNGEL CONCEIRO COELLO. Historiador	
2 IX CHAIRAS E FOSAS OCCIDENTAIS X GOLFO ÁRTABRO	CRISTINA GARCÍA FONTÁN, Arquitecta OSCAR LÓPEZ ALBA, Arquitecto LUCÍA FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, Arquitecta NURIA FREIRE GONZÁLEZ, Arquitecta CAMILO BLANCO PAMPÍN, Arquitecto FÁTIMA NIEVES FERNÁNDEZ, Arquitecta ADRIÁN MARTÍNEZ MARTÍNEZ, Arquitecto Técnico BELÉN VÁZQUEZ-MONJARDÍN LORENZO, Estudante de arquitectura ROSA MARI BARREIRO PONTE, Estudante de arquitectura	
	ASESORES: JORGE VICENTE DÍAZ. Xeógrafo ENRIQUE RAMOS FERNÁNDEZ. Arquitecto técnico PAULA VÁZQUEZ NÚÑEZ. Enxeñeira Forestal	
3 IV SERRAS E FOSAS E SERRAS OURENSÁS V RIBEIRAS ENCAIXADAS DO MIÑO E DO SIL	GEMMA BARCALA DOMÍNGUEZ, Arquitecta LOURDES C. CALVO SEOANE, Arquitecta JAVIER AMADEO PENA GARRIDO, Arquitecto NATALIA FIGUEIRAS PIMENTEL, Historiadora da Arte e Conservadora do Patrimonio. FRANCISCO GARCÍA FERNÁNDEZ, Licenciado en Historia	
	COLABORADORES: ROI BARCALA DOMÍNGUEZ, Licenciado en Xeografía. MARTA Mª CALVO SEOANE, Licenciada en Medicina.	
4 VI COSTA SUR-BAIXO MIÑO VIII RÍAS BAIXAS	SARA FERNÁNDEZ LAVANDEIRA. Arquitecta BEATRIZ SIERRA SOBRINO. Arquitecta XOSÉ CEFERINO CASTRO MARTÍNEZ. Arquitecto ÁNGELA CALDAS HERNÁNDEZ. Licenciada en Historia do Arte GONZALO CASTRO MARTÍNEZ. Licenciado en Historia ÓSCAR GÓMEZ MALO. Arquitecto	
	ASESORES: RAFAEL SALVADORES RAMOS. Biólogo MARÍA LUISA SOBRINO MANZANARES. Catedrática xubilada de Historia do Arte	
5 III CHAIRAS E FOSAS LUGUESAS XI GALICIA SETENTRIONAL	ANA LUISA CASTRO DAPENA Licenciada en Belas Artes ÁNGELES CASTRO DAPENA Arquitecta CELIA FAJAR LOMBA Arquitecta DIVINA PÉREZ VIÑA Arquitecta IRIA ABUÍN PIÑEIRO Título Superior de Deseño LUISA SERRANO GARCÍA Arquitecta MARÍA FERNÁNDEZ PERNÁS Arquitecta MARÍA MELERO LORENZO Arquitecta PABLO BLANCO RÍOS Arquitecto	
	COLABORADORES: QIAO LING CENDÓN CUNQUEIRO. Estudante de arquitectura	
6 II SERRAS SURORIENTAIS XII A MARIÑA-BAIXO EO	JUAN MARIO CRECENTE MASEDA, Arquitecto EDUARDO JAVIER CARAMÉS PAZ, Arquitecto LUIS FERNÁNDEZ RUIBAL, Arquitecto JOSÉ AGUIAR, Arquitecto JOAO NUNO PERNAO, Arquitecto GERMÁN CAMINO MARTÍNEZ, Arquitecto RUBÉN SANTIAGO TOJO	ALBERTO REDONDO PORTO, Arquitecto MARCIAL RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, Arquitecto
		II SERRAS SURORIENTAIS ÁNGELES CASTRO DAPENA, Arquitecta CELIA FAJAR LOMBA, Arquitecta XII A MARIÑA-BAIXO EO



MEMORIA

2. METODOLOGÍA

2.1. CRITERIOS METODOLÓXICOS

A continuación descríbense os criterios metodolóxicos que serviron de base para a primeira etapa do traballo, consistente na toma de datos e na súa análise e diagnóstico.

A arquitectura popular adoptouse como referencia para a análise dos núcleos urbanos e rurais. Por este motivo partiuse da toma de datos das construcións que posuían sinais significativos e carácter representativo (formal ou estético) da súa comarca paisaxística.

Este carácter obtívose do recoñecemento detallado, identificando os patróns máis significativos de composición, forma, proporción e vista sen esquecer o recurso a fontes indirectas de información.

Para un recoñecemento actualizado da "arquitectura popular" tívose en conta que estes elementos antrópicos da paisaxe pasan a ser compoñentes integrados nela unha vez transcorrido un determinado tempo que permita a súa asimilación.

1. Desenvolvemento do traballo

Esta primeira parte do traballo desenvolveuse nas seguintes etapas:

1.1. Recollida de información

A primeira fase do traballo consistiu na recollida dos datos necesarios dominantes nos diferentes ámbitos da Grande Área Paisaxística. Para tal efecto, en cada unha das comarcas paisaxísticas nas que se divide unha grande área, recolleuse información sobre ámbitos seleccionados adoptando, nun principio, os seguintes criterios básicos:

- Un núcleo urbano, que pode ser unha cidade ou algún dos núcleos cabeceira ou subcabeceira do sistema urbano intermedio definido nas Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia (DOT). Nas comarcas paisaxísticas nas que non existe ningún núcleo dos niveis indicados, seleccionouse algún dos nodos para o equilibrio do territorio definidos nas propias DOT.
- Tres núcleos rurais por cada comarca, seleccionados en atención ás peculiaridades morfolóxicas, arquitectónicas ou construtivas dos ámbitos.
- Un polígono industrial, preferentemente vinculado co núcleo urbano seleccionado.
- No caso de existir, unha zona periurbana.
- No caso de existir, unha zona rurubana.
- Instalacións ou edificacións situadas fóra dos asentamentos de poboación (en solo rústico).

En cada un dos ámbitos así seleccionados recolléronse os datos que se indican para un número de edificacións ou construcións existentes, que se determinaron, nun principio, de acordo coas seguintes regras:

- Nos núcleos urbanos: o 5% das edificacións e construcións existentes de acordo cos datos do Instituto Galego de Estatística (IGE). Isto necesitou unha filtraxe por barrios ou elementos significativos nos que se poida descompoñer o núcleo urbano. A porcentaxe indicada axustouse á baixa, en determinados casos, en función do tamaño da cidade analizada.

- Nos núcleos rurais: entre o 10% e o 50% das edificacións e construcións existentes de acordo cos datos do IGE en función do tamaño do núcleo rural.

- Nos polígonos industriais: entre o 10% e o 20% das edificacións e construcións existentes no ámbito do polígono en función do tamaño do mesmo.

- Nas zonas periurbanas e rururbanas: 20 edificacións de vivenda e 10 edificacións ou construcións destinadas a outros usos.

- En solo rústico, unha instalación ou edificación por cada un dos seguintes grupos de usos: agropecuario, industrial/comercial, infraestruturas (estacións depuradoras, parques eólicos, estacións de servizo, etc.), equipamentos, hostalería/restauración.

Estas regras modificáronse nos casos necesarios segundo o descrito no apartado 2.4.

Os elementos de mostra seleccionáronse en diferentes lugares e con diferentes características e idades, para poder obter resultados representativos do conxunto.

1.2. Tratamento dos datos recollidos e presentación

Os datos presentáronse en fichas axustadas aos modelos definidos no seguinte apartado. Para cada unha das edificacións ou construcións analizadas tomouse, polo menos, unha fotografía na que se aprecia do mellor modo posible a súa configuración e, segundo o caso, outras fotografías de detalle dos elementos construtivos compoñentes da construción.

Cada unha das edificacións ou construcións foi xeorreferenciada e recollida nun ficheiro dixital compatible con sistemas de información xeográfica (SIX), ao que se asociou unha táboa cos datos acadados. Ditos datos referidos a todos os elementos de cada comarca paisaxística sometéronse a un proceso de análise estatística, para obter resultados globais para cada comarca e para cada tipo de construción ou edificación.

Así mesmo, elaborouse unha memoria na que se describen os procesos de traballo desenvolvidos e na que se expoñen as conclusións sobre os materiais e cores máis frecuentes ou característicos para os elementos que compoñen os distintos

tipos de edificacións e construcións de cada un dos ámbitos diferenciados. En todo caso xustificáronse os criterios de selección dos núcleos estudados e, no caso dos núcleos urbanos maiores, os criterios de zonificación empregados, así como os fundamentos das propostas de materiais e cores e mesmo das composicións suxeridas.

1.3. Proposta de integración.

En congruencia cos datos resultantes do traballo de información elaborouse unha proposta de materiais e cores para as diferentes localizacións, ámbitos construtivos e elementos que compoñen a edificación.

2. Método de traballo: análise da realidade e criterios de integración

2.1. Núcleos urbanos e rurais e ámbitos periurbanos e rururbanos

Como punto de partida fundamental procurouse a harmonización material e cromática. A súa concreción guiouse polas tipoloxías arquitectónicas, polos materiais, tons e relacións cromáticas das compoñentes da arquitectura popular propias da comarca que definen a súa percepción.

De acordo co seguinte procedemento:

- Analizouse a tipoloxía das edificacións de arquitectura tradicional da comarca.
- Efectuouse unha análise das fachadas e cubertas da arquitectura popular ou tradicional da comarca.
- Elaborouse unha estratexia de harmonización entre os diferentes elementos construtivos.
- Desenvolveuse unha paleta de materiais e cores da comarca para cada un dos elementos.

2.2. Polígonos industriais

A aproximación compositiva ao entorno dos polígonos, a diferenza do caso anterior, incluíu unha análise da gama cromática propia do lugar.

2.3. Construción e instalación en solo rústico

Como punto de partida fundamental procurouse a unidade material e cromática. A súa definición guiouse polos tons e relacións cromáticas das compoñentes da paisaxe e polo coñecemento dos materiais propios da arquitectura da zona.

2.2. ESTRUCTURA DAS FICHAS DE RECOLLIDA DE DATOS

Os datos resultantes da toma de datos recolléronse nos seguintes modelos de fichas:

- Ficha de toma de datos. Núcleos e ámbitos periurbanos e rururbanos.
- Ficha de toma de datos. Polígonos industriais.
- Ficha de toma de datos. Construcións illadas en solo rústico.

As conclusións da toma de datos e a proposta de integración presentáronse nos seguintes modelos de ficha:

- Proposta de integración. Ficha de núcleos e ámbitos periurbanos e rururbanos.
- Proposta de integración. Ficha de polígonos industriais.
- Proposta de integración. Ficha de construcións illadas en solo rústico.


A continuación preséntase o formato destas fichas. O conxunto das fichas cumprimentadas para cada unha das Grandes Áreas Paisaxísticas recóllese no Anexos I e II.

ANEXO II ANÁLISE DO ÁMBITO DE ACTUACIÓN. FICHA DE TOMA DE DATOS NÚCLEOS E ÁMBITOS PERIURBANOS E RURURBANOS


DATOS XERAIS

Localización paisaxística	Área paisaxística:			
	Comarca paisaxística:			
Localización xeográfica	Vía/rúa:			Nº
	Parroquia			Localidade:
	Concello			Provincia:
	Xeorreferencias:	X:	Y:	
Ámbito da edificación	Urbano	Suburbano		
	Rural	Periurbano		

FOTOGRAFÍA DE CONXUNTO



MOSAICO CROMÁTICO



PATRÓN DE COMPOSICIÓN CROMÁTICA



Esquema de cor sobre o círculo cromático

Proporción por cores da escena			
Cor dominante			%
Gama cromática			
Cor de mediación			
Cor de mediación			%
Gama cromática			
Cor tónica			
Cor tónica			%
Gama cromática			
Esquema de cor:			
Complementarios	Análogos	Triádico	
Complementarios divididos	Tetrádicos	Cadrado	



ELEMENTOS ARQUITECTÓNICOS. ANÁLISE CROMÁTICA

--	--	--

--	--	--

--	--	--

--	--	--

--	--	--

--	--	--



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIOINSTITUTO
DE ESTUDOS DO
TERRITORIO

ELEMENTOS ARQUITECTÓNICOS. DESCRICIÓN INDIVIDUALIZADA

	Elemento	Material	Acabamento	Tipo/variedade	Colocación	Textura	Cor (NCS)
Caracterización	Fondos						
	Zócolos						
	Balcóns						
	Impostas						
	Cornixas						
	Recercados						
	Outros						
Cobertura	Ventás						
	Portas						
	Ferraxes						
	Reixas						
	Defensas						
	Outros						
Cubrición	Cubrición						
	Limas						
	Cumios						
	Chemineas						
	Bufardas						
	Canlóns						
	Baixantes						
	Outros						


COMENTARIOS E OBSERVACIÓNS

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO**INSTITUTO**
DE ESTUDOS DO
TERRITORIO**ANEXO II ANÁLISE DO ÁMBITO DE ACTUACIÓN. FICHA DE TOMA DE DATOS POLÍGONOS INDUSTRIAIS****DATOS XERAIS**


Localización paisaxística	Área paisaxística:				
	Comarca paisaxística:				
Localización xeográfica	Parroquia			Localidade:	
	Concello			Provincia:	
	Xeorreferencias:	X:		Y:	
Características xerais	Grao de ocupación < 50%		Uso predominante industrial		Arrimado a núcleo residencial
	Grao de ocupación > 50%		Uso predominante servizos		Illado de núcleo residencial

PLANO DE SITUACIÓN DOS PUNTOS DE VISTA E ESCENAS ANALIZADOS

FOTOGRAFÍA DE CONXUNTO





MOSAICO CROMÁTICO




CORES POR ESCENA

Cor NCS:	Cor NCS:	Cor NCS:	Cor NCS:	Cor NCS:	Cor NCS:


FOTOGRAFÍA DE CONXUNTO**MOSAICO CROMÁTICO****CORES POR ESCENA**

Cor NCS:	Cor NCS:	Cor NCS:	Cor NCS:	Cor NCS:	Cor NCS:

FOTOGRAFÍA DE CONXUNTO




MOSAICO CROMÁTICO




CORES POR ESCENA

Cor NCS:	Cor NCS:	Cor NCS:	Cor NCS:	Cor NCS:	Cor NCS:

FOTOGRAFÍA DE CONXUNTO



MOSAICO CROMÁTICO



CORES POR ESCENA




Cor NCS:	Cor NCS:	Cor NCS:	Cor NCS:	Cor NCS:	Cor NCS:



COMENTARIOS E OBSERVACIÓNS

ANEXO II ANÁLISE DO ÁMBITO DE ACTUACIÓN. FICHA DE TOMA DE DATOS CONSTRUCCIÓN ILLADAS EN SOLO RÚSTICO
DATOS XERAIS

Localización paisaxística	Área paisaxística:			
	Comarca paisaxística:			
Localización xeográfica	Vía/rúa:			Nº
	Parroquia			Localidade:
	Concello			Provincia:
	Xeorreferencias:	X:	Y:	
Uso da construción	Agropecuaria	Industrial	Infraestrutura	
	Equipamento	Servizos	Outros	

FOTOGRAFÍA DE CONXUNTO

MOSAICO CROMÁTICO

PATRÓN DE COMPOSICIÓN CROMÁTICA


Esquema de cor sobre o círculo cromático

Proporción por cores da escena			
Cor dominante			%
Gama cromática			
Cor de mediación			%
Gama cromática			
Cor tónica			%
Gama cromática			
Esquema de cor:			
Complementarios	Análogos	Triádico	
Complementarios divididos	Tetrádicos	Cadrado	

ELEMENTOS ARQUITECTÓNICOS. ANÁLISE CROMÁTICA

[illegible]

[illegible]



ELEMENTOS ARQUITECTÓNICOS E DE PARCELA. DESCRICIÓN INDIVIDUALIZADA

	Elemento	Material	Acabamento	Tipo/variedade	Colocación	Textura	Cor (NCS)
Carreiramentos	Fondos						
	Zócolos						
	Balcóns						
	Impostas						
	Cornixas						
	Recercados						
	Outros						
Cercas	Ventás						
	Portas						
	Ferraxes						
	Reixas						
	Defensas						
	Outros						
Cubertas	Cubrición						
	Limas						
	Cumios						
	Chemineas						
	Bufardas						
	Canlóns						
	Baixantes						
	Outros						
Límites	Valados						
	Portadas						
	Xardinaria						
	Anexos						
	Vialidade						

COMENTARIOS E OBSERVACIÓNS

ANEXO III PROPOSTA DE INTEGRACIÓN. FICHA DE NÚCLEOS E ÁMBITOS PERIURBANOS E RURURBANOS**DATOS XERAIS**

Localización paisaxística	Área paisaxística:	
	Comarca paisaxística:	
Ámbito da edificación	☐ Urbano	☐ Suburbano
	☐ Rural	☐ Periurbano

MATERIAIS

	Elemento	Conclusións da toma de datos			Proposta		
		Material	Remate	Textura	Material	Remate	Textura
Paramentos	Fondos						
	Zócolos						
	Balcóns						
	Impostas						
	Cornixas						
	Recercados						
	Outros						
	Ventás						
Ocos	Portas						
	Ferraxes						
	Reixas						
	Defensas						
	Outros						
Cuberta	Cubrición						
	Limas						
	Cumios						
	Chemineas						
	Bufardas						
	Canlóns						
	Baixantes						
	Outros						
	Valados						
Exteriores	Portadas						
	Xardinaria						
	Anexos						
	Vialidade						
	Pendello						
	Outros						

Comentarios e observacións:

DEFINICIÓN CROMÁTICA POR ELEMENTO CONSTRUTIVO

Elemento	Conclusións da toma de datos			Proposta		
	Ton	Luminosidade	Saturación	Ton	Luminosidade	Saturación
Caramentos	Fondos					
	Zócolos					
	Balcóns					
	Impostas					
	Cornixas					
	Recercados					
Cercos	Outros					
	Ventás					
	Portas					
	Ferraxes					
	Reixas					
	Defensas					
Cubada	Outros					
	Cubrición					
	Limas					
	Cumios					
	Chemineas					
	Butardas					
Estadivas	Canlóns					
	Baixantes					
	Outros					
	Valados					
	Portadas					
	Xardinaria					
	Anexos					
	Vialidade					
	Pendello					

Comentarios e observacións:

AVALIACIÓN CROMÁTICA GLOBAL DA CONSTRUCCIÓN

Proporción e intensidade		
Cor da composición cromática	Conclusións de toma de datos (%)	Proposta (%)
Dominante		
De mediación		
Tónica		

Combinacións do círculo cromático		
Composición	Conclusións de toma de datos (%)	Proposta (%)
Binario ou de complementarios		
Linea		
De análogos		
Triádico		
De complementarios divididos		
Tetrádico (rectangular)		
Cadrado		

Comentarios e observacións:


NOTAS EXPLICATIVAS

Proporción e intensidade da cor: refírese ao feito de que as cores, cando se relacionan nun mesmo contexto, se perciben como unha mestura que será diferente en función da súa extensión dentro da composición. Deste modo fanse os seguintes distinguos:



- **Dominante** (O fondo): é a máis neutra e a de maior extensión. A súa función é destacar as outras cores que forman parte da composición.
- **De mediación ou sub-dominante:** actúa como conciliadora e de transición entre os dominantes e normalmente sitúase no círculo cromático próxima á cor tónica.
- **Tónica ou de énfase:** polo xeral refírese a unha cor na gama complementaria da dominante e ten unha área relativamente pequena. Responde a un patrón de maior saturación en cor e supón un contraste importante en valor.

Combinacións do círculo cromático: esta análise está referida ás figuras que se debuxan sobre o círculo cromático ao enlazar entre si as diferentes cores que forman unha composición e que se corresponden con diferentes sensacións perceptivas.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIOINSTITUTO
DE ESTUDOS DO
TERRITORIO

ANEXO III PROPOSTA DE INTEGRACIÓN. FICHA DE POLÍGONOS INDUSTRIAIS

DATOS XERAIS

Localización paisaxística	Área paisaxística:	
	Comarca paisaxística:	

CONCLUSIÓNS DE DATOS DA ÁREA


Escena	Conclusións da toma de datos		
	Ton	Luminosidade	Saturación
Comentarios e observacións:			

PROPOSTAS DE COMPOSICIÓNS CROMÁTICAS

Binario ou de complementarios			
NCS	NCS		
NCS	NCS		
NCS	NCS		
Lineal			
NCS	NCS	NCS	NCS
NCS	NCS	NCS	NCS
NCS	NCS	NCS	NCS
De análogos			
NCS	NCS	NCS	
NCS	NCS	NCS	
NCS	NCS	NCS	
Triádico			
NCS	NCS	NCS	
NCS	NCS	NCS	
NCS	NCS	NCS	
De complementarios divididos			
NCS	NCS	NCS	
NCS	NCS	NCS	
NCS	NCS	NCS	
Tetrádico (rectangular)			
NCS	NCS	NCS	NCS
NCS	NCS	NCS	NCS
NCS	NCS	NCS	NCS
Cadrado			
NCS	NCS	NCS	NCS
NCS	NCS	NCS	NCS
NCS	NCS	NCS	NCS
Comentarios e observacións:			

NOTAS EXPLICATIVAS

Exemplos de composicións formadas a partir das cores da cobertura do chan e as diferentes combinacións xeométricas do círculo cromático.



Lineal



Triádica



Tetrádica

ANEXO III PROPOSTA DE INTEGRACIÓN. FICHA DE CONSTRUCCIÓN ILLADAS EN SOLO RÚSTICO**DATOS XERAIS**

Localización paisaxística	Área paisaxística:			
	Comarca paisaxística:			
Uso da construción	Agropecuário	Industrial	Infraestrutura	
	Equipamento	Servizos	Outros	

MATERIAIS

		Conclusións da toma de datos			Proposta		
Elemento		Material	Remate	Textura	Material	Remate	Textura
Ceramentos	Fondos						
	Zócolos						
	Balcóns						
	Impostas						
	Cornixas						
	Recercados						
	Outros						
Ocos	Ventás						
	Portas						
	Ferraxes						
	Reixas						
	Defensas						
Cuberta	Outros						
	Cubrición						
	Limas						
	Cumios						
	Chemineas						
	Bufardas						
	Canlóns						
	Baixantes						
	Outros						
	Valados						
Exteriores	Portadas						
	Xardinaria						
	Anexos						
	Vialidade						
	Pendello						
	Outros						

Comentarios e observacións:

DEFINICIÓN CROMÁTICA POR ELEMENTO CONSTRUCTIVO

[illegible]**Comentarios e observacións:**

AVALIACIÓN CROMÁTICA GLOBAL DA CONSTRUCCIÓN

Proporción e intensidade		
Cor da composición cromática	Conclusións de toma de datos (%)	Proposta (%)
<i>Dominante</i>		
<i>De mediación</i>		
<i>Tónica</i>		

Combinacións do círculo cromático		
Composición	Conclusións de toma de datos (%)	Proposta (%)
<i>Binario ou de complementarios</i>		
<i>Linea</i>		
<i>De análogos</i>		
<i>Triádico</i>		
<i>De complementarios divididos</i>		
<i>Tetrádico (rectangular)</i>		
<i>Cadrado</i>		

Comentarios e observacións:

AVALIACIÓN CROMÁTICA DA CONTORNA

Escena	Conclusións da toma de datos		
	Ton	Luminosidade	Saturación


Comentarios e observacións:

PROPOSTAS DE COMPOSICIÓN CROMÁTICAS

Binario ou de complementarios			
NCS	NCS		
Lineal			
NCS	NCS	NCS	NCS
De análogos			
NCS	NCS	NCS	
Triádico			
NCS	NCS	NCS	
De complementarios divididos			
NCS	NCS	NCS	
Tetrádico (rectangular)			
NCS	NCS	NCS	NCS
Cadrado			
NCS	NCS	NCS	NCS
Comentarios e observacións:			


NOTAS EXPLICATIVAS

Proporción e intensidade da cor: refírese ao feito de que as cores, cando se relacionan nun mesmo contexto, se perciben como unha medida que será diferente en función da súa extensión dentro da composición. Deste modo fanse os seguintes distinguos:




- **Dominante** (O fondo): é a máis neutra e a de maior extensión. A súa función é destacar as outras cores que forman parte da composición.
- **De mediación ou sub-dominante:** actúa como conciliadora e de transición entre os dominantes e normalmente sitúase no círculo cromático próxima á cor tónica.
- **Tónica ou de énfase:** polo xeral refírese a unha cor na gama complementaria da dominante e ten unha área relativamente pequena. Responde a un patrón de maior saturación en cor e supón un contraste importante en valor.

Combinacións do círculo cromático: esta análise está referida ás figuras que se debuxan sobre o círculo cromático ao enlazar entre si as diferentes cores que forman unha composición e que se corresponden con diferentes sensacións perceptivas.



Exemplos de composicións formadas a partir das cores da cobertura do chan e as diferentes combinacións xeométricas xurdidas do círculo cromático.



2.3. PROPOSTA DE CARTA DE CORES E MATERIAIS

Unha vez analizada a información recollida e os resultados do traballo de campo, comprobouse que a utilización da linguaxe cromática non é a mesma en todas as tipoloxías da arquitectura tradicional e de transición dun ámbito. Por iso, considerouse necesario proceder á sistematización da edificación tradicional e de transición, realizando unha clasificación da mesma nunha serie de categorías que presentan un conxunto de características formais, compositivas e temporais similares, o que permite agrupalas, empregándose o termo morfotipoloxía para cada categoría.

Son as propias morfotipoloxías as que definen as cores da paisaxe edificada dun ámbito determinado. Por exemplo, hai núcleos onde se atopa unha concentración de edificacións correspondentes á morfotipoloxía racionalidade, como pode ser As Pontes, outros no que se concentran edificacións mariñeiras, como O Barqueiro ou Porto de Bares, ou ámbitos máis grandes, como pode ser Lugo, onde se atopan as morfotipoloxías distribuídas por barrios, coincidindo coas etapas de crecemento da cidade.

Atopouse unha grande incidencia dos finxidos de pedra feitos con morteiros de cal e bastardos. Case pode dicirse que onde non se utilizaba a pedra (suponse que por cuestións económicas ou de falta de man de obra) aparece a intención de utilizala en forma de finxido, atopándose casos incluso de cachotería enfoscada e sobre o enfoscado feito un finxido de pedra.

Comprobouse que as cores da arquitectura tradicional son as das pedras locais e as dos áridos e cales utilizadas nos revocos e argamasas, agás na arquitectura do século XX, na que aparecen cores novas dependentes da corrente estilística do momento e das influencias que introduciu a arquitectura indiana desde o continente americano. Nas influencias Art Déco e na racionalidade,

segundo as fontes documentais consultadas, teñen grande influencia na utilización da cor as correntes europeas e as teorías da Bauhaus, introducidas conscientemente polos arquitectos da época. Por este motivo, para determinar os cromatismos desta morfotipoloxía, utilizáronse fontes bibliográficas ademais do estudo das cores atopadas e das súas relacións.

Atopáronse tamén, en núcleos pequenos, edificacións influenciadas polas correntes estilísticas de principios do século XX, introducidas polos arquitectos da época nas cidades onde traballaban, e pola arquitectura indiana, sen ter cabida neste traballo o estudo de como se producían esas relacións.

Detectouse que non existen diferencias estritas na utilización das cores e dos materiais nas comarcas paisaxísticas, xa que os fluxos dos materiais utilizados na construción tradicional non tiñan relación coas comarcas paisaxísticas senón con redes comerciais. Por exemplo, o granito utilizado en Galicia Setentrional procedía de Burela, que está na Grande Área Paisaxística A Mariña-Baixo Eo. Tamén existen referencias que indican que os pigmentos vermellos utilizados nas carpintarías de Lugo viñan das minas de ferro situadas no occidente asturiano. Ademais, é coñecido o feito de que os construtores da edificación tradicional (canteiros, telleiros, pintores ou, incluso, mestres de obras e pintores portugueses), movíanse por toda Galicia levando dun lugar a outro as técnicas construtivas.

Por este motivo, decidiuse elaborar as cartas de cores para cada Grande Área Paisaxística, deixando para investigacións futuras o estudo das influencias nos materiais e cores das edificacións que puideran ter eses intercambios comerciais e de coñecementos en ámbitos territoriais máis reducidos.

24 VARIANTES METODOLÓXICAS

EQUIPO 2. CHAIRAS E FOSAS OCCIDENTAIS E GOLFO ÁRTABRO

No que atinxe ao sistema de selección e delimitación das áreas de traballo, para o caso das grandes áreas paisaxísticas correspondentes a O Golfo Ártabro e Chairas e Fosas Occidentais, por unha banda, atopáronse fortes diferenciacións entre as dúas áreas, tanto en termos de densidade de poboación como de número de comarcas paisaxísticas. Tendo en conta que a delimitación das comarcas paisaxísticas entrañou un estudo moito máis amplo que o que concirne exclusivamente á edificación, semellaba preciso facer algunhas modificacións nos ámbitos de estudo en favor da elaboración da guía de cor e material. Isto implicou equilibrar as áreas e núcleos urbanos a estudar para cada unha das grandes áreas paisaxísticas, sendo preciso nalgúns casos a condensación de varias comarcas e noutros a ampliación de núcleos que se consideraron de interese.

Ademais, a selección debía ter en conta outros aspectos fundamentais como a proximidade ás Áreas de Especial Interese

Paisaxístico recollidas no Catálogo das paisaxes de Galicia e o paso dos Camiños de Santiago. Como medida xeral propúxose axustar o número de fichas de estudo das principais cidades, xa que a súa análise en profundidade deixaría de lado outras poboacións importantes a traballar. Considerouse máis adoitado seleccionar algunhas zonas de especial impacto na paisaxe, como son as principais arterias de entrada á cidade, excluindo boa parte dos ámbitos que contan xa con regulación específica nos plans especiais de protección e reforma interior. Cabe destacar en calquera caso algunhas áreas identitarias específicas que deben figurar na guía como parte importante e exemplar da Comarca Paisaxística. Recollidos estes aspectos fundamentais das grandes áreas urbanas, pasouse a identificar outros núcleos de identidade litoral nos que facer unha análise máis exhaustiva.

Tendo en conta as consideracións mencionadas, achegouse a proposta de delimitación das áreas de estudo para Golfo Ártabro e

Chairas e Fosas Occidentais que aquí se recolle. A metodoloxía de traballo empregada adaptouse aos criterios xerais especificados nas bases proporcionadas polo Instituto de Estudos do Territorio e o Colexio de Arquitectos de Galicia, coas consideracións antes mencionadas, intentando introducir melloras que respondan a aspectos socioculturais, histórico-artísticos e de sustentabilidade ambiental. No proceso de análise botouse man das tecnoloxías de software SIX (sistemas de información xeográfica), empregando datos tomados, entre outros, do Catálogo das paisaxes de Galicia e do proceso de participación pública realizado para a súa elaboración.

En primeiro lugar pasouse a delimitar os ámbitos de estudo dentro de cada unha das grandes áreas paisaxísticas, e a establecer unha categorización dos elementos a analizar, partindo dunha escala xeral que deu paso a outra máis concreta.

Selección de ámbitos de análise

A selección dos ámbitos para a toma de datos realizouse a través dunha análise territorial dos elementos paisaxísticos e patrimoniais das dúas áreas. Para establecer relacións entre eles elaborouse una cartografía traballando con xeodatabase e software SIX, empregando capas obtidas de diversas fontes, tales como o Visor de Información Xeográfica da Xunta de Galicia, o IGN (Instituto Geográfico Nacional), a web de Augas de Galicia, a webEIEL (Enquisa de Infraestruturas e Equipamentos Locais) da Deputación da Coruña, e o CNIG (Centro Nacional de Información Geográfica).

Elementos de base:

- División Administrativa: Concellos
- Grandes Áreas Paisaxísticas (GAP)
- Comarcas Paisaxísticas
- Hidrografía
- Modelo Dixital do Terreo (MDT200)
- Elementos construídos (construción)

Elementos patrimoniais e paisaxísticos:

- Camiños de Santiago
- Mosteiros
- Miradoiros
- Lugares de especial interese paisaxístico
- Valores
- Áreas degradadas

Proteccións ambientais e paisaxísticas:

- LIC (Lugares de Interese Comunitario) Rede Natura 2000
- ZEPA (Zonas de Especial Protección de Aves) Rede Natura 2000
- ZEC (Zonas Especiais de Conservación) Galicia
- Outras proteccións da rede galega tales como: reservas naturais fluviais, tramos de interese medioambiental,

natural, piscícola ou de especies ameazadas, zonas húmidas e paisaxes protexidos.

En base a estes datos cartográficos obtívose un plano de síntese do que se poden extraer as áreas de poboación máis próximas a elementos de valor patrimonial, ambiental e paisaxístico. Estes núcleos foron seleccionados como ámbitos de análise propostos para a toma de datos de campo e posterior procesado dos mesmos mediante elaboración de fichas.

Proposta de delimitación de ámbitos de análise

En base aos criterios expostos, delimitáronse as seguintes áreas de estudo para as grandes áreas paisaxísticas Golfo Ártabro e Chairas e Fosas Occidentais.

Golfo Ártabro:

- 1. Núcleos urbanos.** Estudo das arterias de entrada ás cidades da Coruña e Ferrol, e dalgúns elementos de identidade de ambas como as fachadas marítimas. Estudo dos núcleos de identidade litoral de Betanzos e Pontedeume.
- 2. Núcleos rurais.** Dez núcleos rurais entre as dúas comarcas paisaxísticas, en base ás consideracións antes mencionadas e a unha análise previa: Redes, San Felipe, Carnoedo, Taibo, Oza, Cesuras, Coiros, Collantres, Irixoa e Aranga.
- 3. Polígonos industriais.** Seleccionáronse mediante unha análise de proximidade a AEIP, a impactos paisaxísticos e a outros factores.
- 4. Zonas periurbanas e rururbanas.**
- 5. Instalacións en solo rústico.**

Chairas e Fosas Occidentais:

Realizouse unha unificación das seis comarcas paisaxísticas en tres bloques:

- Bloque 1: Arco Bergantiñán, Bergantiños
- Bloque 2: Costa da Morte, Terra de Soneira, Terra de Fisterra
- Bloque 3: Terra de Xallas

- 1. Núcleos urbanos.** Estudáronse tres núcleos cabeceira ou subcabeceira do sistema urbano intermedio, un por cada bloque mencionado: Carballo, Cee-Corcubión e Santa Comba. Ademais analizáronse tres núcleos de identidade litoral, tales como Malpica, Muxía e Fisterra.
- 2. Núcleos rurais.** Estudáronse dezoito núcleos rurais en base ás consideracións antes mencionadas e a unha análise previa: Arnado, Suevos, Pastoriza, Caión, Buño, Xermaña, Lira, Caldebarcos, Panche, Berdeogas, Buxantes, Toba, Nemiña, Camelle, Coluns, Quintans, Cives e Vilariño De Beba.
- 3. Polígonos industriais.** Estudáronse tres polígonos industriais; Laracha, Vimianzo e Santa Comba.
- 4. Zonas periurbanas e rururbanas.**
- 5. Instalacións en solo rústico.**

EQUIPO 3. CHAIRAS, FOSAS E SERRAS OURENSÁS E RIBEIRAS ENCAIXADAS DO MIÑO E DO SIL

A metodoloxía utilizada por este equipo para a toma e análise dos datos implicou as seguintes etapas:

1. Selección de núcleos e edificacións

A selección de núcleos e edificacións para a toma de datos realizouse en dúas fases:

- Nunha primeira etapa planificáronse e seleccionáronse os núcleos e edificacións representativos mediante unha visita previa a cada núcleo rural e urbano, cun total de 152 visitados, nos que se localizaron e seleccionaron as edificacións significativas.
- Nunha segunda etapa seleccionáronse os núcleos máis representativos, un total de 40, que foron visitados por segunda vez para realizar o traballo de campo fotográfico, a toma de datos e a recollida de mostras, resultando nun total de 700 edificacións analizadas e fotografadas.

2. Toma de datos e fotografía

A planificación da toma implicou un estudo de soleamento, para ordenar a toma fotográfica en base á incidencia da luz en relación

á orientación da fachada das edificacións seleccionadas, e a preparación do equipo fotográfico.

Para as medicións in situ levouse a cabo un exhaustivo procedemento baseado nos seguintes procesos: (1) medición da luz con carta de grises, (2) medición de balance de brancos con cartas de WB, (3) xestión de cor-calibración de cámara con carta de cor, (4) medición espacial con telémetro láser, (5) posicionamento da cámara e nivelado, e (6) toma fotográfica.

3. Produción e postproducción dixital

Nunha primeira etapa creáronse perfís de cor para cada toma, edificación e escena, por núcleo e por comarca. A continuación, realizouse o procesado dixital (revelado) de cada imaxe e, finalmente, a creación do mosaico cromático para obter o patrón de cor de cada edificación.

4. Análise da cor

Unha vez creada a paleta cromática da construción, analízase a distribución das cores: tónica, dominante e mediación. Finalmente, as propostas de cor elabóranse en base aos resultados obtidos (porcentaxes) por núcleo e por comarca.

EQUIPO 5. CHAIRAS E FOSAS LUGUESAS E GALICIA SETENTRIONAL

A metodoloxía utilizada por este equipo para a toma e análise dos datos implicou as seguintes etapas:

1. Delimitación do ámbito de traballo

Realizouse un traballo de campo previo en cada unha das comarcas para seleccionar os núcleos nos que realizar a recollida de información. Na GAP Chairas e Fosas Luguesas, constituída por catro comarcas, foron seleccionados para a recollida de información un total de nove núcleos urbanos, periféricos e rururbanos e 55 núcleos rurais. Na GAP Galicia Setentrional, constituída por tres comarcas, foron seleccionados para a recollida de información un total de 26 núcleos urbanos, periféricos e rururbanos e 21 núcleos rurais.

2. Identificación de diversas tipoloxías de edificación tradicional

Identificouse un conxunto de variantes morfolóxicas ou estilísticas da arquitectura tradicional, así como da arquitectura de transición que se construíu a finais do século XIX e primeira metade do século XX. Esas variantes ou morfotipoloxías deron lugar a procesos de recollida de información diferenciados, e constitúen a base da proposta final de cartas de materiais e cores.

3. Recollida de información

A recollida de datos en campo implicou:

- A visita e fotografado de todos os edificios de arquitectura tradicional e de transición non alterados en canto a volumetría, composición e acabados exteriores. No caso de dúbida sobre o ano de construción, utilizáronse os datos catastrais.

- A toma de fotografías da paisaxe (desde unha posición máis afastada da edificación) e da contorna (desde unha posición máis próxima á edificación).
- A toma de mostras de materiais de acabado.
- A toma de mostras de materiais permanentes, tanto naturais como artificiais, atopados no ámbito.
- A extracción das cores das pedras do ámbito co colorímetro portátil e as cartas NCS.

En total, visitáronse e fotografáronse 1.394 edificacións.

4. Análise dos datos

A análise dos datos levouse a cabo nas seguintes etapas:

- Clasificación e estudo das edificacións utilizando, ademais dos datos recabados, fontes documentais e bibliográficas, xunto con entrevistas persoais.
- Elaboración de táboas agrupando fotografías por elemento compositivo e materiais de acabado: fondos (cachotaría, cantaría, encalados, cachotaría/recebo, encalado/finxidos de pedra con cal, encintados de cal, finxidos de pedra, remates, pétreos, recercados de vans, zócolos); carpintaría (portas e fiestras); e cerrallaría (varandas, rexas, antepeitos, apoios).
- Elaboración de táboas agrupando as fotografías das construcións especiais: polígonos industriais e edificacións illadas en solo rústico (explotacións agropecuarias, industrias, equipamentos, hostalaría, infraestruturas, servizos, etc.).
- Elaboración de táboas agrupando as fotografías da paisaxe

e da contorna (rúas, prazas, peiraos, praias, urbanización, ribeira, natureza, cultivos, ceos, elementos singulares,...).

- Nos casos nos que se considerou necesario, debuxo das fachadas dunha rúa, recollendo a evolución das distintas cores segundo as distintas épocas (por exemplo, rúa Lavandeiras en Celeiro).

5. Tratamento da información

Unha vez analizada a información procedeuse a:

- A definición das morfotipoloxías coa finalidade de elaborar modelos para a aplicación da cor.
- O debuxo de fachadas representativas de cada morfotipoloxía.
- A selección dun total de 30 edificacións en cada núcleo urbano e rururbano e dun total de seis en cada núcleo rural, que incluíran todas as tipoloxías clasificadas en cadansúa comarca paisaxística, dando lugar a un total de 252 edificacións analizadas. Elaboráronse as fichas xeorreferenciadas para estas edificacións.
- A extracción das cores das mostras resultado das catas por elemento construtivo, utilizando o colorímetro e as cartas NCS nas condicións de luz apropiada, con luz exterior,

nas horas centrais do día e co ceo nubrado. Estas cores extraídas das mostras foron clasificadas e ordenadas.

- A análise comparativa das cores extraídas das mostras coas táboas elaboradas por elemento construtivo e compositivo.
- A análise comparativa das cores extraídas das mostras coas táboas de fotografías elaboradas para as construcións especiais.
- A análise comparativa das cores extraídas das mostras coas táboas de fotografías elaboradas para a paisaxe e a contorna.
- A clasificación e ordenación das cores das pedras extraídas *in situ* coas cartas NCS.
- A elaboración da mostraxe conxunta de todas as cores utilizando as cores soltas da carta NCS para estudar as interaccións e harmonía do conxunto das cores.

6. Interpretación e sistematización dos datos

O seguinte paso foi a interpretación e sistematización dos datos obtidos no tratamento da información para a elaboración de dúas propostas -unha para cada GAP-, que inclúen unha carta de cores e as instrucións para o seu uso e o emprego de materiais en cada unha das morfotipoloxías definidas.

MEMORIA

2. DESCRICIÓN XERAL E DIAGNÓSTICO DAS GRANDES ÁREAS PAISAXÍSTICAS

3.1. SERRAS ORIENTAIS

3.1.1. Descrición xeral

A GAP Serras Orientais abrangue unha extensa área de carácter montañoso na que contrastan os altos cumios das serras cos vales encaixados. A diversidade morfolóxica do relevo débese á presenza de distintos materiais litolóxicos, á tectónica, á acción fluvial e ó glaciario.

Esta área paisaxística atesoura un alto nivel de biodiversidade e parte do seu territorio está incluído na Rede Natura 2000. A Serra dos Ancares ademais foi declarada Paisaxe Pintoresca e forma parte da Reserva da Biosfera de Ancares e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá. Pola súa singularidade e importancia son tamén espazos a destacar as masas boscosas da Fraga da Marronda, Carballido, A Devesa da Rogueira e as devesas de Romeor, Paderne, Pintinidoira, Aciveiral de Cabana Vellá, Acíñeiral de Cruzul e Souto de Agüeira.

A paisaxe é esencialmente rural e agroforestal, definida pola presenza de asentamentos de poboación en pequenas vilas e aldeas dispersas, bosques naturais xeralmente nas valgadas, bosques seminaturais e cultivos na contorna dos pobos, prados nas beiras dos ríos e pradarias artificiais e repoboacións forestais nos montes. As cimas dos montes non só ofrecen vistas panorámicas de gran alcance, senón tamén valiosas paisaxes invernales. Ademais, a diversidade de comunidades vexetais expresa un atractivo policromatismo na primavera e no outono. A combinación do relevo accidentado coa abundancia de precipitacións favorece a aparición de fervezas e regatos que matizan e melloran a calidade da paisaxe.

Os pobos de Piornedo, O Cebreiro, Seceda e Froxán foron recoñecidos como Bens de Interese Cultural polos seus valores etnográficos e de arquitectura popular. Tamén podemos atopar valores arqueolóxicos (castros, castrelos...) e de arqueoloxía industrial (ferrerías, minas romanas...). Por este territorio discorren os trazados de dúas vías xacobeanas: o Camiño de Santiago Francés e o Primitivo. Entre a riqueza de tradicións destacan as festas populares como a Festa da castaña e os magostos. De feito a GAP Serras Orientais atópase no territorio da Indicación Xeográfica Protexida Castaña de Galicia.

A configuración do mosaico paisaxístico actual é resultado da actividade humana, que se adaptou durante séculos aos duros condicionantes que presenta este medio de difícil accesibilidade, rigor climático e escaseza de solos idóneos para a agricultura. O sistema agrario tradicional dominante no pasado era de tipo agrosilvopastoral, cunha organización das propiedades en prados, hortas, cortiñas, agras, soutos e monte. Na actualidade apréciase un cambio de usos co abandono das zonas tradicionalmente cultivadas. Con todo unha cuarta parte da poboación deste territorio desenvolve a súa actividade no campo (fronte ao 5% de Galicia). Existe un predominio da gandería de aptitude láctea e cárnica, destacando os concellos de Cervantes, O Incio e A Pobra de Brollón pola superficie adicada a gandería extensiva. Tamén hai concellos con extensas superficies de aproveitamento forestal como A Fonsagrada.

A grande área paisaxística Serras Orientais está situada nunha posición periférica e carece de núcleos cabeceira. Os dous Nodos para o Equilibrio do Territorio son A Fonsagrada e Becerreá. A vila de Meira, que tamén ten categoría de Nodo, aínda que se atopa fóra da área está moi preto do seu límite, polo que presenta relacións funcionais relevantes cos concellos limítrofes que pertencen a esta área paisaxística. Os núcleos urbanos desta área presentan certa compacidade, derivada polos fortes condicionantes orográficos.

En canto ós asentamentos rurais, dentro desta grande área sobresaen os núcleos nos que aparecen as pallozas como tipoloxía predominante en canto a vivenda.

A comarca da Fonsagrada, segundo a clasificación de tipos de asentamentos feita por Fariña Tojo, está composta na súa totalidade de parroquias de tipoloxía aldea polinuclear con caserío denso, mentres que a do Courel entra maioritariamente dentro da categoría de aldea nuclear con caserío denso, cunha pequena parte da mesma, na súa zona máis occidental que pertencería á categoría de aldea polinuclear de caserío claro.

A comarca paisaxística dos Ancares-Fonsagrada, en canto ao tamaño do ámbito vinculado ós núcleos de poboación, mostra un claro patrón de gran densidade de asentamentos (con superficies asociadas aos mesmos menores dun quilómetro cadrado por núcleo) nos vales que discorren en dirección sur desta comarca, así como a aparición de enclaves illados destas mesmas características repartidos por todo o ámbito.

As zonas máis montañosas desta comarca presentan superficies asociadas aos núcleos dun maior tamaño, sendo o intervalo característico entre 2 e 10 km² por núcleo, chegando a exceder este intervalo nas zonas máis orientais da comarca.

Na comarca do Courel, unicamente a parte máis occidental da mesma presenta modelos de asentamentos con superficies asociadas menores dun quilómetro cadrado por núcleo, mentres que os sectores centrais e occidentais oscilan en valores que nalgún núcleo chegan ós 10 km² de superficie vinculada.

En canto ao tamaño dos núcleos, predominan os asentamentos de menos de cinco vivendas, especialmente nas zonas máis montañosas. Na comarca dos Ancares-Fonsagrada aparecen núcleos con entre 11 e 25 casas, nos mencionados vales, así como en pequenos enclaves repartidos por toda a comarca.

Con todo, na comarca do Courel dáse a característica específica de que, nas zonas montañosas da parte central do ámbito, onde predominaban superficies asociadas aos núcleos de entre 2 e 10 km² por asentamento, aparecen núcleos de tamaño mediano, de entre 11 e 25 vivendas, mentres que nas zonas con menor superficie asociada aos asentamentos (na zona occidental da comarca) predominan os núcleos de entre 6 e 10 vivendas.

3.1.2. Toma de datos

Previamente á recollida de información fíxose un traballo de análise territorial para definir os criterios para a selección de núcleos rurais e urbanos, e así poder extraer as mostras para a súa posterior análise estatística. Tratouse de seleccionar, tanto nos núcleos rurais como nos tecidos urbanos, diferentes exemplos morfotipolóxicos.

Para o caso dos núcleos rurais, partiuse dunha análise dos modelos históricos de asentamentos segundo as clasificacións realizadas por Abel Bouhier e Fariña-Tojo, de tal maneira que, cruzando estes datos cos ámbitos das comarcas paisaxísticas, obtívose unha primeira aproximación ás tipoloxías características dos núcleos de cada comarca.

A partir destas análises previas realizouse unha selección de núcleos rurais, co fin de representar, na medida do posible, a identidade arquitectónica e urbanística de cada comarca paisaxística. En cada comarca analizáronse tres núcleos rurais, que foron seleccionados de acordo coa metodoloxía antes descrita. En cada un dos núcleos estudouse un número significativo de edificacións, seleccionando preferentemente aquelas que conservaban un maior número de elementos tradicionais: revocaduras antigas, carpintarías de madeira, varandas orixinais, etc. Tamén se analizaron edificacións que sufriron alteracións e edificacións de recente construción.

Selección de núcleos rurais en cada comarca paisaxística

Os Ancares-A Fonsagrada: Río de Sabugo, A Airesa e Piornedo
O Courel-O Incio e Samos-Triacastela: Goó, Froxán e Pacios

Nos núcleos urbanos analizouse a información obtida en función das diferentes áreas que os compoñen -casco histórico, ensanches e barrios de diferentes épocas- dependendo da maior ou menor complexidade do núcleo en estudo. Os núcleos estudados presentan situacións similares en canto ao seu desenvolvemento urbanístico, que xeralmente se produce en torno ás estradas principais de acceso e nos tecidos ou ensanches que se implantaron a partir dos anos 60 entre estes crecementos lineais.

Obtivéronse mostras das diferentes tipoloxías da edificación nos distintos tipos de tecido, que presentan certa homoxeneidade nas zonas máis antigas, aínda que tamén é frecuente a súa alteración pola substitución das antigas construcións por outras máis recentes que non adoitan estar integradas en canto á tipoloxía, escala, cor, etc., rompendo a harmonía do conxunto urbano.

Selección de núcleos urbanos en cada comarca paisaxística.

Os Ancares-A Fonsagrada: Fonsagrada
O Courel-O Incio e Samos-Triacastela: Samos

3.1.3. Diagnóstico de materiais e cores

Núcleos rurais

Da análise global dos núcleos rurais analizados en Serras Orientais, obtivéronse as seguintes conclusións:

- En xeral, a maioría dos núcleos analizados conservan en gran medida as condicións tradicionais das súas edificacións, aínda que existen bastantes vivendas abandonadas ou que non reúnen unhas condicións mínimas de habitabilidade.
- Os núcleos de Río de Sabugo e A Airesa en Os Ancares e o núcleo de Pacios en O Courel presentan un maior número de edificacións alteradas. Os núcleos de Piornedo en Os Ancares e Froxán en O Courel atópanse rehabilitados e as edificacións presentan un bo estado de conservación. O núcleo de Goó en O Courel mantén en gran medida o seu carácter tradicional, malia que algunhas edificacións están abandonadas.
- As alteracións das condicións tradicionais dos núcleos son debidas, en xeral, a reformas e ampliacións con materiais e solucións construtivas distintas das orixinais, como pode ser a substitución das carpintarías de madeira por carpintarías de aluminio, a utilización de cubertas de prancha de fibrocemento, ou o uso do bloque de formigón e o ladrillo en substitución dos muros de cachotería.

Da análise das condicións construtivas, uso de materiais e uso

da cor nas edificacións dos núcleos rurais desta grande área, obtivéronse as seguintes conclusións:

- O material tradicional de construción de muros en toda a área é a cachotería de lousa ou de cuarcita. A escaseza de granito fai que non se poidan labrar pezas de gran tamaño para a execución dos linteis ou das xambas dos ocos, o material empregado para a construción destes elementos é a madeira. A pedra característica da área presenta tonalidades de ocre vermello, cores terrosos, grises escuros e negros.
- Para evitar a penetración da humidade ao interior das vivendas os muros revocábanse con morteiros tradicionais de area e barro e de cal e area, que se pintaban con pintura ao cal. Aínda que tamén existen moitas edificacións nas que a cachotería quedaba á vista rexuntada con morteiros de barro, en especial as edificacións dedicadas ao gando ou ao almacenaxe de produtos agrarios.
- O material de cuberta utilizado tradicionalmente é a lousa, en ocasións con grandes beirados. A topografía accidentada da área fai que as cubertas cobren gran protagonismo, sendo en moitos casos o elemento que define a imaxe dos núcleos desde a distancia.
- O material utilizado tradicionalmente para a construción das carpintarías é a madeira, e esta protéxese con pintura ao aceite. As carpintarías, que inclúen as fiestras, as portas e os

cerramentos de madeira, en especial os dos hórreos, eran os únicos elementos construtivos nos que a cor se aplicaba de forma intencionada e non como resultado da utilización dun determinado material. A cor era utilizada nestes elementos como acento, establecendo un contraste importante coas cores da cachotería ou das revocaduras tradicionais.

- A análise das tonalidades de carpintaría recollidas nos núcleos rurais da área paisaxística leva á conclusión de que os tons utilizados se repiten en todas as comarcas con pequenas variacións: verdes con tons comprendidos entre B90G, G e G10Y, ocres comprendidos entre o Y20R e o Y50R, ocres vermellos comprendidos entre o Y70R e o Y80R, azuis claros ou agrisados con tons comprendidos entre o R90B e o B e o B50G e o B70G con luminosidades entre 15 e 50 e saturacións entre 02 e 02. Ademais destas cores o uso do branco é tamén habitual en todas as comarcas.

Núcleos urbanos

Os núcleos urbanos analizados na área paisaxística foron A Fonsagrada, na comarca de Os Ancares-A Fonsagrada e Samos, na comarca de O Courel-O Incio e Samos-Triacastela. Estes núcleos presentan unha situación dispar no que respecta á preservación das condicións tradicionais da edificación. A Fonsagrada conserva bastantes edificacións tradicionais na contorna da Praza de España, na Rúa Maior, Rúa Burón e na Avenida de Galicia, pero as edificacións máis recentes de maior tamaño e menor calidade arquitectónica, construídas na periferia, desvirtuaron a imaxe dun núcleo que, pola súa situación topográfica prominente, domina visualmente un amplo territorio.

Pola contra, Samos, encaixado nun profundo val, xunto á ribeira do río Sarria presenta un bo estado de conservación.

Da análise das condicións construtivas, uso de materiais e uso da cor nas edificacións dos núcleos urbanos da área paisaxística obtivéronse as seguintes conclusións:

- O material tradicional para a construción dos muros das edificacións é a cachotería de lousas de xisto ou de cuarcita. O granito é moi escaso na zona, polo que a resolución dos linteis dos ocos realízase con madeira ou mediante arcos planos ou arcos rebaxados nos ocos máis grandes ou nas edificacións de maior importancia.
- As fábricas de cachotería revístense con morteiros tradicionais de cal e area para garantir a impermeabilidade do muro. Os cercados, impostas, zócolos e demais elementos constitutivos das fachadas se realizan con morteiro e diferenciáanse mediante o uso da cor.
- O material de cuberta tradicional en toda a área é a lousa. Este material segue a usarse nas construcións máis recentes, aínda que utilizando pezas de menor espesor e de factura regular.
- As carpintarías son de madeira protexida con pintura ao aceite. A diferenza das zonas de Galicia nas que os ocos teñen cercados de granito, colócanse a faces interiores e contan con marco de madeira.
- Como acontece nos núcleos rurais, as carpintarías son o elemento da fachada na que o uso da cor maniféstase con máis claridade. As cores máis utilizadas son, ademais do branco, os azuis con tons agrisados R80B, R90B, B e B10G

con saturacións entre 05 e 20 e luminosidades entre 30 e 60, os verdes azulados comprendidos entre o B70G e o B90G cunha saturación de 20 e luminosidades comprendidas entre 20 e 70, os ocres amarelos correspondentes aos tons comprendidos entre o Y20R e o Y40R con luminosidades comprendidas entre 20 e 40 e saturacións tamén situadas entre 20 e 40 e os tons avermellados Y70R a Y80R con luminosidades de 40 a 60 e saturacións entre 10 e 20, para rematar, tamén se atopa algún exemplo de vermello máis intenso, Y80R, con saturación entre 60 e 80 e luminosidade entre 10 e 20.

- A cor tradicional dos panos de revocadura que cobren a cachotería é o branco, xeralmente non brancos puros, o que produce pequenas variacións de matiz entre unha edificación e outra. As tonalidades destes brancos poden abarcar ámbitos do azul, o verde e os amarelo e ocres, pero sempre con luminosidades inferiores a 05 e saturacións tamén por baixo de 05.
- Nos cercados rematados con pintura predominan os azuis agrisados, B, R80B ou R90B con luminosidades comprendidas entre 10 e 50 e saturacións entre 02 e 15, tamén os tons terrosos ou ocres comprendidos entre os tons Y10R e Y40R con luminosidades entre 15 e 50 e saturacións entre 10 e 20. Os zócolos adoitan ter as mesmas cores que os cercados, aínda que nalgúns ocasións en tonalidades máis escuras.
- Nas zonas e barrios de construción máis moderna a escena urbana é máis heteroxénea, variando en función da época de construción dos edificios. Os aplacados de granito, prefabricados de formigón ou revocaduras máis asimilables á construción tradicional alternan con revestimentos cerámicos ou metálicos de máis difícil integración. As carpinterías son polo xeral de aluminio, con cores próximas aos tradicionais (branco, verde etc.) e máis recentemente de PVC. As cubertas son en xeral de lousa, aínda que tamén abundan outros materiais como o fibrocemento e as chapas metálicas.
- A tendencia a picar as revocaduras tradicionais para deixar a cachotería de pedra vista produce importantes alteracións na imaxe das edificacións e, por conseguinte, na escena urbana.

Edificacións e instalacións en solo rústico

As edificacións analizadas en solo rústico presentan características e problemas comúns ás doutras comarcas de Galicia:

- As actividades industriais-comerciais, infraestruturas, servizos e equipamentos están xeralmente vinculadas ás estradas principais e presentan un importante impacto debido á escala da edificación en relación coa paisaxe que as rodea.
- As edificacións destinadas a actividades industriais-comerciais e as infraestruturas, polo xeral, son construcións onde se empregan materiais moi heteroxéneos cunha gama cromática moi variada, sendo moi frecuente nos paramentos o uso de bloque de formigón ou paneis prefabricados metálicos ou de formigón. Nas cubertas xeralmente utilízanse como elemento de cubrición paneis tipo sándwich ou paneis de fibrocemento, para cubrir as grandes luces das naves con gran variedade de cores.

- As actividades agropecuarias habitualmente están situadas dentro da estrutura agraria, vinculadas directamente coa explotación. Dependendo de se a súa posición en relación coa topografía da zona propicia a súa visibilidade, poden xerar impactos de maior ou menor entidade.
- A maioría das edificacións destinadas a actividades agropecuarias están construídas con estruturas de formigón prefabricadas ou realizadas in situ, con cerramentos de bloque de formigón e cubertas de fibrocemento. En casos máis puntuais poden utilizar tamén cerramentos de chapa metálica e cubertas do mesmo material. A problemática deste tipo de edificación está relacionada coa súa calidade

construtiva. En moitos casos trátase de edificacións feitas de xeito improvisado, sen unha planificación previa, ou xurdidas mediante ampliacións e reformas sucesivas realizadas de xeito informal.

- As edificacións con actividades de servizos-hostalería e equipamentos presentan características diferentes ao resto dos grupos, os materiais e a gama cromática nestes ámbitos é variado en grao sumo, predominando nos paramentos exteriores os recebados con acabado en pintura e os distintos aplacados pétreos en toda a súa gran variedade. O material de cuberta é o tradicionalmente utilizado na zona, neste caso a lousa de xisto ou de cuarcita.

3.2. SERRAS SURORIENTAIS

3.2.1. Descrición xeral

A GAP Serras Surorientais atesoura un importante patrimonio natural, cultural e paisaxístico. Varios son os espazos baixo figuras de protección natural: O Bidueiral de Montederramo, Pena Trevinca, Pena Maseira e o Macizo Central atópanse recoñecidos como Zonas de Especial Conservación dos Valores Naturais. Tamén corresponden a esta área paisaxística o Parque Natural O Invernadeiro, o único parque natural galego en propiedade pública, o Monumento Natural Souto de Rozabales, a Paisaxe Natural Protexida do Val do Río Navea e a Lagoa de Serpe en Trevinca.

Entre os valores naturais destacan as formacións boscosas como o Teixedal de Casaio, bidueirais como o de Montederramo, reboleiras como a do Navea, as acebedas do Invernadoiro, soutos como o de Rozabales, pero tamén o estreito do val do río Bibei e do Larouco e a xeomorfoloxía das montañas máis altas de Galicia, como Pena Trevinca e Manzaneda.

Os valores escénicos derivan da variedade xeomorfolóxica, da altitude das montañas, da presenza de neve no inverno, da variabilidade cromática estacional debida á presenza dos bosques naturais e seminaturais, da pegada humana e da alternancia de elevadas serras con profundos vales. O principal conxunto de cumios son as cimas de Trevinca, destacando Pena Trevinca Sur (2.127 m), Pena Surbia (2.095 m) e Pena Trevinca Norte (2.041 m). Outras cimas relevantes son Cabeza Grande de Manzaneda (1.178 m) na Serra de Queixa ou O Seixo (1.705 m) na Serra do Invernadeiro.

Son abundantes as paisaxes enriquecidas pola presenza da auga en lagoas glaciares, encoros ou en regatos e ríos como o Navea e o Bibei. Destacan tamén as pegadas do glaciario no Val do río Xares, as Lagoas de Ocelo e da Serpe en Trevinca, o Val do Cenza e a morrena de Chaguazoso no Macizo Central.

O patrimonio cultural inclúe mosteiros, castelos, castros, pontes e santuarios. No eido etnográfico destacan os socalcos do Bibei e das Ermidas, así como os entroidos e festas populares. Cruzan o territorio a ruta xacobea Vía da Prata e a vía romana Vía Militar XVIII do itinerario Antonino, que unía Braga con Astorga.

Parte da área caracterízase por unha agricultura e gandería tradicionais con produtos de alta calidade. As modalidades

ecolóxicas tamén teñen importancia, especialmente no que se refire ao pastoreo extensivo de gando caprino e ovino. Incluída na Indicación Xeográfica Protexida Castaña de Galicia, abunda a produción de castaña ademais da de cogomelos. Ten presenza tamén o cultivo da vide que se fai en socalcos dando lugar a paisaxes únicas.

É de destacar a produción de enerxía hidroeléctrica, os parques eólicos e a minería, especialmente a extracción de lousa. Os encoros representan un valor industrial ademais dun valor de uso náutico-recreativo. Aséntase na zona a única estación de neve de Galicia (Manzaneda) e tamén se realiza esquí de travesía en Trevinca.

Modelo tradicional de asentamento Núcleos urbanos e vías de comunicación

A grande área paisaxística das Serras Surorientais está situada nunha situación periférica e carece de núcleos de cabeceira de comarca. Conta con dous nodos para o equilibrio do territorio, Viana do Bolo e Pobra de Trives. Non obstante parte do territorio está en relación funcional con cabeceiras situadas fora da área como son Verín e O Barco de Valdeorras.

A autovía A-52 e a estrada paralela N-525 cruzan a parte sur do territorio de este a oeste e unen o paso de entrada en Galicia pola Canda con A Gudiña e Verín. A estrada OU-533 estrutura o territorio de sur a norte e une A Gudiña con Viana do Bolo e continúa cara ao norte ata Petín e A Rúa de Valdeorras. A parte norte da comarca de Terra de Trives é percorrida pola OU-536, que une A Pobra de Trives con Castro Caldelas e continúa cara ao oeste ata chegar a Ourense. Esta estrada vese continuada en dirección leste na OU-636, que une A Pobra de Trives coa OU-533. O territorio está tamén atravesado pola liña ferroviaria que une Zamora con Ourense e que pasa por A Gudiña.

Asentamentos rurais

A morfoloxía dos asentamentos rurais vese fortemente condicionada polo medio no que se asentan. As zonas altas de terreos aplanados, con solos pouco profundos, de escasa produtividade agropecuaria, e os vales estreitos de abas** empinadas limitan as posibilidades

de atopar lugares axeitados para os asentamentos de poboación. A alta aridez estival, en contraste con outras zonas de Galicia, condiciona tamén a localización dos núcleos rurais, obrigándoos a buscar as proximidades dos cursos de auga e facendo que diminúa a súa presenza canto máis ascende a cota do terreo cara os cumes. Os núcleos rurais ocupan emprazamentos de bocarribeira, con pendentes o máis chairas posibles, que permitan dispor dunha zona relativamente ampla de solo apto para o cultivo.

Estes fortes condicionantes ambientais teñen como consecuencia que os núcleos da zona sexan concentrados e compactos, polo xeral agrupando nun único núcleo a totalidade das vivendas da parroquia. A súa morfoloxía pode dar lugar a agregacións de tipo polinuclear ou en estrela, nas zonas máis chairas, e lineal, seguindo o trazado dos camiños ou das curvas de nivel, cando a topografía non permite unha maior folgura no asentamento.

3.2.2. Toma de datos

En cada comarca paisaxística analizáronse tres núcleos rurais. En cada un dos núcleos analizáronse un número significativo de edificacións, en especial aquelas que conservaban un maior número de elementos tradicionais: revocaduras antigas, carpinterías de madeira, varandas orixinais etc.

Selección de núcleos rurais en cada comarca paisaxística.

- Terra do Bolo: Bembibre, Punxeiro e Valdín.
- Terra de Trives: Edrada, Placín e Sobrado.
- A Gudiña-Riós: Enxames, Vilarello de Cota e Florderrei.

A variedade dos materiais dispoñibles no subsolo da grande área produce tamén variedade nas construcións dos núcleos, con solucións construtivas que van cambiando dependendo do material da zona. Así, os muros constrúense con cachotería de lousa, xisto ou granito, a primeira e a segunda xeralmente revestida con morteiros de cal nas edificacións destinadas á vivenda, a terceira protexida con revestimentos de morteiro ou con encintados, que nalgúns casos dan lugar aos encintados decorativos característicos dalgunhas zonas, dándose tamén casos de construcións realizadas en cantería de boa feitura. Nas cubertas ocorre o mesmo, nas zonas con dispoñibilidade de lousa, resólvense con este material. No resto, fundamentalmente no sur, utilízase a tella, dando lugar tamén a zonas de transición nas que se utiliza a tella e a lousa indistintamente ou a solucións nas que se combinan os dous materiais – beirados de lousa co resto da cuberta de tella–.

A pesar do reducido tamaño dos núcleos urbanos da grande área paisaxística, nas súas edificacións obsérvanse claramente as diferencias tipolóxicas características das edificacións urbanas galegas das diferentes épocas, o que permitiu extraer mostras dos materiais e das cores empregadas nas diferentes tipoloxías.

Selección de núcleos urbanos en cada comarca paisaxística.

- Terra do Bolo: Viana do Bolo
- Terra de Trives: Pobra de Trives e Manzaneda
- A Gudiña-Riós: A Gudiña e Vilardevós

3.2.3. Diagnóstico de materiais e cores

Núcleos rurais

Da análise global dos núcleos rurais da grande área paisaxística das Serras Surorientais obtivemos as seguintes conclusións:

- A meirande parte dos núcleos analizados conservan en gran medida as condicións tradicionais das súas edificacións, aínda que hai bastantes vivendas deshabitadas ou en estado ruinoso.
- En xeral as edificacións que conservan sen alteracións os materiais e as cores tradicionais son aquelas que se encontran deshabitadas ou en estado ruinoso. As edificacións en uso están na súa meirande parte alteradas.
- As alteracións máis comúns son a substitución das carpinterías de madeira por carpinterías de aluminio, a substitución dos portóns de madeira por outros de chapa de aceiro, a substitución dos peches de madeira, pallabarro ou barrotiño dos corredores exteriores por peches de ladrillo,

a substitución das revocaduras de morteiro de cal por morteiro de cemento etc.

Da análise das condicións construtivas, uso de materiais e uso da cor nas edificacións dos núcleos rurais da grande área paisaxística obtivéronse as seguintes conclusións:

- A variedade do subsolo rochoso da grande área paisaxística produce tamén variedade nos materiais utilizados para a construción das edificacións. En xeral os muros son de cachotería da pedra dispoñible na contorna do núcleo, que, segundo ás zonas pode ser granito, lousa ou xisto. Nos núcleos do sur, na comarca de A Gudiña-Riós, atópanse tamén edificacións de cantería de granito e de perpiaño. En moitas ocasións, ao contrario que nas Serras Orientais, os linteis, xambas, antepeitos e soleiras dos ocos son de cantería de granito, incluso nas edificacións construídas con cachotería de lousa ou de xisto, aínda que tamén hai edificacións nas que os linteis, xambas e peitoris son de madeira.

- En xeral as fábricas de cachotería das vivendas están revocadas ou encintadas. Nas partes das edificacións dedicadas ao gando e nos alpendres e demais construcións adxectivas deixase á pedra á vista. A cachotería de granito construída con cachotes de tamaño mediano ou grande encintase con morteiro de barro revestido con cal ou directamente con morteiro de cal. Nalgúns núcleos estes encintados dan lugar a encintados decorativos con motivos orgánicos ou combinación de motivos orgánicos e xeométricos en torno aos ocos e na parte superior do muro, no encontro co beirado. Nalgún caso aparecen tamén elementos figurativos, polo xeral animais. A Cachotería de xisto ou de lousa revístese completamente con revocadura de cal.
- Nos núcleos analizados da comarca de Terra de Trives o material máis utilizado nas cubertas é a lousa. Na Terra do Bolo é habitual que nun mesmo núcleo existan edificacións con cuberta de tella e con cuberta de lousa, aínda que no nordeste da comarca, no que abunda a lousa, este sexa o único material de cuberta utilizado. No sur da comarca de A Gudiña-Riós, no concello de Vilardevós, as cubertas son en xeral de tella. A medida que nos desprazamos cara ao norte na comarca empezan a aparecer cubertas de lousa mesturadas coas de tella.
- O material utilizado tradicionalmente para a construción de carpinterías de portas, ventás e dos corredores e galerías é a madeira, esta protéxese con pintura ao aceite. Xeralmente estes son os únicos elementos nos que a cor é utilizada de maneira intencionada e non como resultado da utilización dun determinado material. A cor convertese, deste xeito, nun elemento de acento que destaca sobre os tons neutros da cachotería ou da revocadura.
- A análise das tonalidades de carpintería recollidas nos núcleos rurais da área paisaxística lévannos á conclusión de que os tons utilizados repítense en todas as comarcas con pequenas variacións: verdes con tons comprendidos entre B90G, G e G20Y, ocreos comprendidos entre o Y e o Y20R, ocreos vermellos comprendidos entre o Y90R e o R, azuis claros ou agrisados con tons comprendidos entre o R90B e o B e o B50G e o B70G con luminosidades entre 15 e 50 e saturacións entre 20 e 50. Ademais destas cores o uso do branco é tamén habitual en todas as comarcas.
- O material máis común na construción dos muros das edificacións dos núcleos analizados é o granito, que é utilizado para a construción de fábricas de cachotería e de cantería. En menor medida utilízase tamén a cachotería de xisto e lousa, nas zonas nas que estes son os únicos materiais dispoñibles.
- As fábricas de cantería de granito están concibidas para quedar vistas. A cachotería de granito de pezas grandes encíntanse para evitar a entrada da humidade polas xuntas, as de pezas de menor tamaño, as de xisto e as de lousa revístense completamente con morteiros de cal. Os linteis, xambas, antepeitos e esquinais adoitan realizarse en cantería de granito.
- Os materiais de cobertura utilizados son a tella e a lousa, dependendo da dispoñibilidade deste último material na zona. Nalgúns núcleos utilízanse indistintamente os dous materiais, en outros o uso dun deles homoxeneiza as cubertas das edificacións, como ocorre en Vilardevós coa tella e en A Gudiña coa lousa.
- As carpinterías son de madeira protexida con pintura ao aceite. Como é común en case toda Galicia, en xeral a faces exteriores, facendo o batente contra o propio recercado de granito.
- Como nos núcleos rurais, as carpinterías son o elemento da fachada na que o uso da cor maniféstase con máis claridade. As cores máis utilizadas son, ademais do branco, os azuis con tons agrisados R80B, R90B e B con saturacións entre 05 e 20 e luminosidades entre 15 e 40, os verdes comprendidos entre o B90G, G e G20Y con saturacións comprendidas entre 40 e 60 e luminosidades comprendidas entre 20 e 40, os ocreos amarelos correspondentes aos tons comprendidos entre o Y e o Y20R con luminosidades comprendidas entre 20 e 30 e saturacións comprendidas entre 20 e 70 e os tons avermellados Y90R e R con luminosidades de 20 a 40 e saturacións entre 40 e 70.
- A cor tradicional dos panos de revocadura que cobren a cachotería é o branco, xeralmente non brancos puros, o que produce pequenas variacións de matiz entre unha edificación e outra. As tonalidades destes brancos poden abarcar ámbitos do azul, o verde e os amarelo e ocreos, pero sempre con luminosidades inferiores a 05 e saturacións tamén por baixo de 05.
- A tendencia a picar os revocaduras tradicionais para deixar a cachotería de pedra vista produce importantes alteracións na imaxe das edificacións e, por conseguinte, na escena urbana.

Núcleos urbanos

Na comarca de Terra do Bolo o núcleo urbano analizado foi Viana do Bolo. Na comarca de Terra de Trives analizáronse os núcleos de Pobra de Trives e Manzaneda e na comarca de A Gudiña-Riós os núcleos analizados foron A Gudiña e Vilardevós.

Da análise das condicións construtivas, uso de materiais e uso da cor nas edificacións dos núcleos urbanos do área paisaxística obtivéronse as seguintes conclusións:

Ámbitos periurbanos e rururbanos

A escasa entidade dos núcleos urbanos existentes na área paisaxística fai que non se xeren en torno a eles tecidos periurbanos ou rururbanos.

Polígonos industriais

Non existen polígonos industriais nos núcleos analizados.

Edificacións e instalacións en solo rústico

En xeral as edificacións en solo rústico son escasas e presentan características e problemas comúns ás doutras comarcas de Galicia, aínda que nesta grande área estes vense atenuados pola dispersión das edificacións e polo efecto de ocultación producido pola intensa topografía e a vexetación arbórea.

- As actividades industriais-comerciais, infraestruturas, servizos e equipamentos, están xeralmente vinculadas ás estradas principais e presentan un importante impacto debido á escala da edificación en relación coa paisaxe que as rodea.
- As edificacións destinadas a actividades industriais-comerciais e as infraestruturas polo xeral son construcións onde se empregan materiais moi heteroxéneos, sendo moi frecuente nos paramentos o uso de bloque de formigón, paneis prefabricados metálicos ou de formigón. Nas cubertas xeralmente utilízanse como elemento de cubrición paneis tipo sándwich ou paneis de fibrocemento, para cubrir as grandes luces das naves.
- Entre as actividades industriais-comerciais cabe destacar as instalacións vinculadas á industria de extracción e procesado de lousa, situadas na zona noroeste da grande área, no concello de Carballeda de Valdeorras, moitas delas situadas nunha paisaxe xa de por si completamente alterado polas propias canteiras nas que se extrae a lousa.

- Na grande área teñen tamén especial importancia as instalacións hidroeléctricas. A súa posición en lugares depresidos, en ocasións rodeados de vexetación, atenuan o seu impacto na paisaxe.
- As actividades agropecuarias habitualmente están situadas dentro da estrutura agraria, vinculadas directamente coa explotación. Dependendo de se a súa posición en relación coa topografía da zona propicia a súa visibilidade, poden xerar impactos de maior ou menor entidade.
- A maioría das edificacións destinadas a actividades agropecuarias están construídas con estruturas de formigón prefabricadas ou realizadas in situ, con cerramentos de bloque de formigón e cubertas de fibrocemento. En casos máis puntuais poden utilizar tamén cerramentos de chapa metálica e cubertas do mesmo material. A problemática deste tipo de edificación está tamén relacionada coa súa calidade construtiva, en moitos casos trátase de edificacións feitas de xeito improvisado, sen unha planificación previa, ou xurdidas mediante ampliacións e reformas sucesivas realizadas de xeito informal.
- As edificacións con actividades de servizos-hostalería e equipamentos presentan características diferentes ao resto dos grupos, os materiais e a gama cromática nestes ámbitos pode ser bastante variado, predominando nos paramentos exteriores os recebados con acabado en pintura e os distintos aplacados pétreos en toda a súa gran variedade. O material de cuberta pode ser lousa ou tella, dependendo das zonas.

3.3. CHAIRAS E FOSAS LUGUESAS

3.3.1. Descrición xeral

Na GAP Chairas e Fosas Luguesas destacan os valores produtivos das paisaxes ligadas ao sector agrogandeiro. De xeito que nesta área dominan os tipos de paisaxe resultado dos agrosistemas extensivos e intensivos de mosaico agroforestal e superficie de cultivo.

A combinación dos valores de uso cos valores naturais é notable, aínda que os espazos protexidos contan cunha reducida extensión. A maioría dos espazos naturais atópanse vinculados ao sistema hídrico, caracterizado por unha densa rede fluvial e zonas de difícil drenaxe nas diversas planicies do sector norte. Así, espazos como o Sistema Fluvial Parga-Ladra-Támoga e lagoas como Cospeito, Caque ou Ríocaldo configuran un sistema hídrico cuxo destino final é a bacía do río Miño. O sector sur conta tamén con espazos vinculados á auga como son o río Cabe e tributarios, o río Mao unha vez supera o Encoro de Vilasouto e o Loio-Ruxidoira.

O valor estético vincúlase directamente á diversidade de usos, especialmente á relación harmoniosa entre eles formando mosaicos de alta calidade. A presenza de cultivos, bosquetes de

frondosas, peches e sebes e aldeas tradicionais xunto coa rede hidrográfica e as masas forestais completan un mosaico de texturas heteroxéneo. A ausencia de amplitude de vistas e fondos escénicos debido á dominancia de espazos chairros non diminúe a calidade estética das paisaxes. Trátase dunha das áreas mellor conservadas de Galicia, na que se ten mantido a matriz que outorga harmonía e equilibrio entre os diversos elementos.

A presenza dos Camiños Xacobeos é o principal elemento patrimonial. Os camiños do Norte, Primitivo e Francés transcorren durante extensos tramos. Outro grande elemento patrimonial é o casco histórico de Lugo, con compoñentes tan relevantes como a Muralla Romana ou a catedral de Santa María declarados Patrimonio da Humanidade pola UNESCO. Ademais, as vilas desta área contan con elementos declarados Bens de Interese Cultural como o casco histórico de Monforte de Lemos ou o Castelo dos Andrade en Vilalba.

As boas condicións agrolóxicas deron lugar a unha dedicación histórica ao sector agrogandeiro. Na actualidade, o avellentamento

da poboación e a desligación do hábitat respecto ao modelo produtivo, por exemplo, gandeiros que traballan no rural pero que viven nas vilas, está xerando o abandono do rural. Son frecuentes as zonas nas que dominan os usos relacionados co gando vacún. Isto implica nalgúns casos a homoxeneización da paisaxe, pero tamén permite o mantemento deste sector produtivo e da súa paisaxe asociada. A conversión de amplas superficies de cultivo tradicional a cultivo de millo e a pasteiros responde ao dominio do sector lácteo. Estas áreas de monocultivo forraxeiro para o gando manteñen en todos os casos a presenza de manchas puntuais de masas arbóreas autóctonas, ou incluso, pódense observar procesos de xurdimento de bosque espontáneo.

Esta Grande Área Paisaxística acolle a área urbana de Lugo, na comarca paisaxística central, e catro cabeceiras do Sistema

Urbano Intermedio nas outras tres comarcas. No norte, Vilalba é a principal vila da Terra Chá, onde aparecen tamén dous Nodos para o Equilibrio do Territorio: Meira, no extremo leste, e Guitiriz, no oeste.

No que se respecta ós asentamentos rurais, esta grande área inclúe un numeroso conxunto de comarcas con características diversas e cun marcado contraste na ocupación do espazo entre as máis meridionais e as do extremo setentrional. A parte setentrional e occidental de Terra Chá caracterízase por aldeas elementais de estrutura laxa, mentres que na parte central e meridional da meseta lucense as aldeas son de estrutura compacta. Tamén se atopan aldeas de tamaño medio e estrutura compacta, moi próximas entre elas e agrupadas en torno á igrexa, propias da depresión de Monforte e arredores.

3.3.2. Toma de datos

A metodoloxía de análise e toma de datos nos núcleos urbanos, rururbanos e rurais foi a seguinte:

1. Recollida de información. Realizouse unha mostraxe en cada comarca paisaxística para visitar e fotografar os edificios da arquitectura tradicional e de transición construídos ata o ano 1950, -descartando a arquitectura de autor, que se considera caso de estudo aparte-, e non alterados en canto a volumetría e composición. Así mesmo, no traballo de campo realizáronse catas de materiais de acabado, cando foi posible, que se utilizaron posteriormente para o proceso de selección de cores.
2. Análise dos datos. En primeiro lugar, clasificáronse, estudáronse e identificáronse as edificacións das distintas tipoloxías de arquitectura tradicional e de transición en cada comarca paisaxística. Posteriormente, nos núcleos urbanos e rururbanos seleccionáronse as 30 edificacións máis representativas, e nos núcleos rurais as 6 edificacións máis representativas, buscando aquelas menos alteradas en canto a acabados exteriores e de xeito que se obtiveran mostras de todas as tipoloxías en cadansúa comarca paisaxística.
3. Tratamento da información. A partir da análise dos datos definíronse modelos para a aplicación da cor en cada tipoloxía. Así mesmo, a partir de catas recollidas na fase do traballo de campo, procedeuse a extraer e seleccionar as cores por elemento construtivo. Estas cores obtivéronse a partir das mostras coa carta NCS en condición de luz apropiada, con luz exterior e nas horas centrais do día.
4. Tratamento e sistematización de datos. Interpretáronse e sistematizáronse os datos obtidos no tratamento de información para a elaboración dunhas paletas de cores e códigos cromáticos.

A selección dos ámbitos de traballo para a toma de datos e a análise de núcleos urbanos e ámbitos rururbanos levouse a cabo nas cidades cabeceira nas DOT e nos núcleos urbanos seleccionados pola súa escasa presión inmobiliaria, pola súa

actividade relacionada directamente coas tipoloxías edificatorias ou para a comprobación das tipoloxías noutro ámbito. No ámbito rural estudáronse os asentamentos máis representativos de cada comarca e aqueles nos que a riqueza tipolóxica era maior.

A Terra Chá

Realizouse a mostraxe en Vilalba (cabeceira comarcal nas DOT) e en Rábade, debido á súa escasa presión inmobiliaria.

No ámbito rural, visitado o territorio e dada a escasa variedade de tipoloxías de vivendas, tanto illadas como en pequenos asentamentos, realizouse un estudo máis pormenorizado daqueles núcleos rurais que presentaban unha maior entidade e riqueza tipolóxica. Como caso especial de estudo destacáronse os chamados Poboados de Colonización localizados nos concellos de Cospeito e Castro de Rei.

Lugo

Realizouse a mostraxe en Lugo, no ámbito delimitado polo PEPRI no barrio de Recatelo, e, como exemplo de rururbano, no barrio da Fervedoira e en Friol, para recoller a edificación tradicional dun pequeno núcleo urbano directamente vinculado coa actividade feiral e agro-gandeira.

No ámbito rural, por mor da gran extensión da comarca e da cantidade de concellos que abrangue, para o traballo de campo seleccionáronse os núcleos rurais co obxectivo de abarcar o maior territorio posible e así poder ter unha mostra máis ampla da súa arquitectura.

Sarria-Terra de Lemos

Traballouse en Sarria, por ser unha cabeceira de comarca establecida nas DOT, e tamén se visitou Monforte de Lemos e a área rururbana de Betote de Abaixo, núcleo próximo a Sarria.

No ámbito rural estudouse, como mínimo, un núcleo en cada concello co fin de comprobar se existían diferenzas en canto ás tipoloxías.

Terra de Chantada

Analizouse o núcleo urbano de maior entidade, Chantada, no que se estudou o ámbito urbano segundo a metodoloxía descrita anteriormente. Posteriormente, realizouse traballo de campo nos

núcleos urbanos de Taboada e A Barreira.

O ámbito rural caracterízase por unha arquitectura rural con tipoloxía de casas-vivenda serranas, aínda que se aprecian influencias da arquitectura das chairas e fosas luguesas, así como da arquitectura meridional, ó longo de toda a comarca.

3.3.3. Diagnóstico de materiais e cores

O traballo de campo realizouse nos emplacements de maior interese arquitectónico e nos que o estado de conservación dos acabamentos e os materiais era máis fiel ao orixinal das construcións, é dicir, nos que se conservaban os acabamentos orixinais (morteiros de cal con acabado encalado) tanto en carpintarías e galerías como en muros.

Visitáronse diversos núcleos urbanos (Vilalba, Rábade, Lugo, Friol, Sarria, Monforte de Lemos e Chantada) e núcleos rurais ao longo de toda a GAP.

No ámbito urbano observouse, nas zonas máis antigas dos núcleos ou naquelas zonas outrora rurais absorbidas pola cidade, unha tendencia encamiñada a construcións cunha arquitectura de eixos apoiadas nos viarios, que manteñen as características de sobriedade e falta de ornamentación das súas antecesoras, aínda que empeza a intuírse unha certa intención compositiva en canto á distribución dos ocos de fachada e á aparición de elementos máis formais como poden ser finxidos de cantaría na fachada, zócolos, recercados e cornixas simples, ben realizados en morteiro ou pintados e rematados con cores sinxelas.

Ó aproximarse ós centros urbanos atópanse edificacións con maior grao de complexidade (arquitectura de eixos, ornamento, volumetría e racionalidade). Vinculadas á rúa atópanse edificacións de dous ou tres eixos, nas que xa aparecen elementos academicistas tales coma zócolos, impostas, etc., ben en relevo a base de morteiro ou realizados con cantaría de granito (tamén poden aparecer aquí os finxidos de cantaría e raras veces salpicados). Tamén se aprecian nestas vías principais construcións que responden ás tipoloxías de influencia, onde aparecen cerramentos e adornos realizados con materiais industriais tales como ladrillo e formigón combinados cos tradicionais, incluso finxidos de ladrillo e cantaría máis elaborados.

En canto ós materiais, atópase cachotería de xisto para os muros con cantaría nos recercados, con acabado de recebo de cal ou bastardo e pintura a cal (pintados en cores terreos con escasa pigmentación), carpintarías en madeira pintadas ó óleo con cores vivas, existindo unha variante de galería pechada realizada en madeira, pintada ó óleo habitualmente en branco.

O xisto é o material utilizado para cubrición, a excepción da comarca de Chantada, na que as cubricións son maioritariamente de tella.

En canto á construción dos muros, atópase unha singularidade en certas construcións da comarca de Terras de Lemos, onde as plantas altas e as medianeiras presentan un sistema construtivo en tapia.

No ámbito rural pódese ver unha clara diferenciación entre as comarcas situadas máis ao norte da grande área e as situadas máis ao sur da mesma. Por unha banda, nas comarcas de Lugo e Terra Chá (situadas máis ao norte) atópase unha tipoloxía de vivenda bastante unificada. A orografía do terreo, á que hai que engadir unha actividade case exclusivamente agraria e gandeira, dá como resultado unha arquitectura rural denominada casa-vivenda das chairas e depresións lucenses.

Destaca a distribución das vivendas dentro dos núcleos, xa que son principalmente edificacións illadas, formadas por volumes compactos de planta rectangular e separadas do resto das construcións adxectivas que caracterizan á casa-vivenda de Chairas e Fosas Luguesas. Trátase dunhas construcións de dous andares cunha arquitectura sinxela, sobria e de volumetrías prismáticas e limpas integradas totalmente no medio, nas que predomina a horizontalidade, como describe Caamaño (2003) e De Llano (1996). Na comarca de Terra Chá atópase un elemento moi característico da vivenda chairrega, como é a solaina, no sendo tan frecuente na comarca de Lugo.

As arquitecturas atopadas nesta área realizábanse na súa maioría con cachotería de xisto ou granito, utilizando a cantaría de granito para os elementos estruturais de apertura de ocos en fachada e, en certas ocasións, para os esquinais. A cuberta era de lousa aparelada irregularmente e a catro augas cando a vivenda é illada e a dous entre medianeiras. As carpintarías son moi simples e colocadas ao exterior coa contraventá no interior e ausencia de elementos sobresaíntes do plano de fachada tales como zócolos, impostas, recercados e cornixas. Os muros estruturais remátanse con recebo de cal branco (tonalidade debida ós árido, sen pigmentos engadidos), ben completamente ou ben deixando sen recebo as partes de cantaría que forman os ocos de fachada e os esquinais. O desollamento dos acabamentos da fachada tradicional, é dicir, os recibos de cal, é recorrente en toda a comarca; deixando á vista a cachotería e alterando as condicións de confort e construtivas, ademais da propia alteración de cores na paisaxe.

Caso especial de estudo requiren os chamados Poboados de Colonización (comarca de Terra Chá) sitios nos concellos de Cospeito e Castro de Rei. Trátase de poboados dos anos 60 cos que se pretendía a repoboación e a explotación agraria e gandeira da comarca de Terra Chá. Son asentamentos de poboación compostos por vivendas unifamiliares dispersas no territorio e axuntadas ao redor dun centro cívico que albergaba os equipamentos locais como igrexa, casa reitoral, escola, etc.

Por outra banda, nas comarcas de Chantada e Terra de Lemos (situadas máis ao sur) atópase unha tipoloxía de vivenda menos unificada, existindo unha gran variedade en canto ós materiais utilizados.

Así, respecto á volumetría, atópanse volumes compactos e limpos, tamén volumes con elementos entrantes e saíntes que rompen a pureza da volumetría; tales elementos son patíns, solainas e balcóns. É frecuente atopar volumes compactos que inclúen conxuntos, sendo habitual un tipo de casa-curro nun único volume, onde a fachada de entrada non se percibe desde o exterior, sendo a entrada principal unha portada que dá acceso ó curro, e só unha vez dentro do curro pódese apreciar a fachada principal.

As edificacións situadas en concellos da parte norte aseméllanse máis á arquitectura que caracteriza a comarca de Lugo, mentres que nas edificacións situadas máis ao sur, atópanse variantes como a arquitectura en terra (Monforte e Pobra de Brollón), concretamente con tapia na planta primeira e en medianeiras.

Os materiais de muros son diversos, aínda que o sistema construtivo de cachotaría é frecuente, a cantaría apréciase en pequenos elementos construtivos como recercados ou esquinais; sendo anecdótico o uso do aparello de cantaría en vivendas. Por veces, a cachotaría é pura, é dicir, dun só material, e noutros casos é mixta, isto é, aparecen dous ou máis tipos de materiais no aparello. Entre os diferentes tipos de cachotes atópanse o granito, o gneis, xisto, canto rodado, seixos e "pedra roxa".

No lugar de Caborrecelle (comarca de Chantada) atópase un tipo de pedra chamada "pedra roxa". Trátase dunha pedra de gran dureza, cunha cor vermella con incrustacións de pequenos cristais, que ó parecer proviña dunhas antigas minas de ferro que se atopaban nas proximidades do lugar.

Con relación ós materiais de cobertura, o xisto sobre armazón de

madeira é característico das zonas rurais próximas á comarca de Lugo; mentres que a tella é o material de acabado nos concellos situados máis ao sur das comarcas de Chantada e Terra de Lemos.

Nestas comarcas destaca o tratamento dos encintados en cal, elementos moi singulares e que corren o risco de desaparecer, sendo elementos ornamentais con depuradas técnicas de tratamento dos muros. Cómpre destacar dúas edificacións atopadas no núcleo de Santalla de Rei (comarca de Terras de Lemos) pola súa singularidade. As súas fachadas están debuxadas con encintados de cal con motivos vexetais. Unha delas ten debuxado con cal, ó redor das fiestras, uns balcóns.

Observouse que os núcleos por onde pasa o Camiño de Santiago, concretamente o Camiño Francés, están moi alterados e apenas se poden entrever restos tradicionais nas casas. Entre outras actuacións que distorsionan a paisaxe característica do rural galego, creando unha imaxe desfigurada ao visitante, destaca o desollamento dos muros tras a retirada dos morteiros tradicionais de cal, así como actuacións agresivas con materiais industrializados, como o cemento, especialmente en aperturas de ocos e na substitución das coberturas tradicionais de madeira. Esta tendencia pode estenderse en xeral ao resto do rural da comarca, onde se aprecian intervencións similares en casas que aínda están habitadas.

En xeral, pódese concluir que na GAP Chairas e Fosas Luguesas prevalecen as cores propias dos materiais ou de escasa pigmentación, dada tamén polos pigmentos naturais dispoñibles, sendo as carpinterías as que achegan o carácter tónico de distinción ás edificacións.

3.4. CHAIRAS, FOSAS E SERRAS OURENSÁS

3.4.1. Descrición xeral

A GAP Chairas, Fosas e Serras Ourensás é unha zona de importantes valores naturais, tanto pola súa biodiversidade vexetal e animal como pola súa xeodiversidade. Así mesmo, abundan as zonas de augas termais e mineromedicinais e conta coa presenza das fosas tectónicas coas súas lagoas, máis representativas de Galicia (Maceda, A Limia e Verín). Pódense atopar nesta área as seguintes Zonas de Especial Conservación dos Valores Naturais: A Baixa Limia, Río Támega, Veiga de Ponteliñares e Bidueiral de Montederramo. Abrangue tamén a Reserva da Biosfera Área de Allariz, a Reserva da Biosfera Transnacional Xerés, o Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés e as zonas de protección das aves de A Limia e A Baixa Limia e Serra do Xurés, ademais dos monumentos naturais Carballa da Rocha e Pena Corneira.

Desde a perspectiva dos valores estéticos e panorámicos destacan as fosas tectónicas de Maceda e de Verín, as chairas da Limia, os viñedos de Monterrei, os encoros, os penedos do Xurés, os bosques naturais e seminaturais e as altas cimas de montañas, como a

Fonte do Santo (1.714 m) na Serra de San Mamede ou A Nevosa (1.539 m) na Serra do Xurés.

O patrimonio cultural é reflexo das distintas épocas históricas. No caso dos numerosos megálitos destacan os dólmenes do conxunto megalítico do val do Salas. Relacionado coa cultura romana transcorre a Vía Nova XVIII do Itinerario Antonino que unía Braga con Astorga e os seus elementos funcionais, como campamentos militares, mansións viarias, baños termais ou miliarios. Pegadas da idade media son os mosteiros como o de Celanova e a igrexa monacal de Santa Comba de Bande. Existen tamén núcleos de gran valor patrimonial como Allariz e Celanova e o paso da ruta xacobeá da Vía da Prata. Destaca a existencia de varias festas declaradas de Interese Turístico Nacional como O Entroido. Elemento singular é a cultura común transfronteiriza Galicia-Portugal e os itinerarios culturais da denominada "raia".

Entre os usos que se poden atopar nesta grande área destacan a agricultura intensiva, o cultivo de patacas e cereais na Limia

e as zonas vitivinícolas da Denominación de Orixe de Monterrei. Tamén teñen importancia o pastoreo extensivo e o aproveitamento forestal madeireiro, sobre todo de piñeiro. Pouco a pouco estase estendendo o cultivo da oliveira, ligado con frecuencia aos viñedos, e o aproveitamento de leñas e de biomasa para aproveitamento enerxético. Outras actividades emerxentes son a produción e comercialización de mel, cogomelos e castañas. Son importantes tamén os aproveitamentos hidroeléctricos, de enerxía eólica, as industrias extractivas de area e o aproveitamento das augas termais e mineromedicinais. Diseminadas pola zona poden observarse industrias de serra de madeira, adegas e granxas avícolas e porcinas.

Estas terras contan con dúas cabeceiras do Sistema Urbano Intermedio: Xinzo de Limia, en posición centrada, e Verín, no extremo sueste. Aparte acolle catro Nodos para o Equilibrio do Territorio: Maceda, Allariz, Celanova e Bande.

En canto ós asentamentos rurais, nas serras do Suroeste, o curso do Limia marca o paso das aldeas relativamente grandes e situadas a unha certa distancia entre elas, cara ó predominio das pequenas agregacións, sempre compactas e bastante densas, agás no caso de que teñan incidido nelas os habituais procesos de dispersión exterior.

A partir da vertente occidental da serra de San Mamede prodúcese unha transición entre a cuberta de lousado e a de tella (pola ausencia de xistos ou lousa na zona) substituindo ao emprego do colmo como solución, que aínda era común de antigo nalgúns áreas da serra do Leboeiro. Nalgúns concellos existen notables diferenzas entre os núcleos dos vales ou das terras baixas e os das elevacións das serras, non soamente no nivel de conservación das tipoloxías tradicionais, senón tamén na propia estrutura catastral. O relevo aplanado, ben sexa en plataformas de altitude ou na veiga, caracteriza a boa parte dos concellos de Verín, Monterrei, Oímbra ou Cualedro, onde as antigas aldeas son, polo regular, de tamaño grande, mononucleares, densas e situadas a unha certa distancia unhas das outras.

Xa desde Calvos de Randín, as áreas montañosas obrigan aos asentamentos a penetrar na serra da Pena. Esa mesma situación reproducese no concello de Muíños, cunha concentración de aldeas, sempre de tamaño pequeno e próximas unhas das outras, nun espazo reducido. Por Bande, o relevo suavízase algo máis e

as pequenas aldeas tradicionais, ás veces polinucleares, dan paso, nos límites con Rairiz de Veiga, ás grandes agregacións rurais de tipo compacto que caracterizan á zona da Limia, como acontece no caso de núcleos como Sarreaus, Pereira ou Gúin, e dos que constitúe un exemplo singular o asentamento de Congostro.

No ámbito das terras baixas da Limia, as antigas aldeas amosan un tamaño superior respecto da media galega, aínda que vai ser o propio territorio a variable que máis condicione o tamaño final das agregacións.

Na Fosa de Maceda, o aproveitamento agrario das veigas fértiles leva ás aldeas tradicionais a emprazarse nas pequenas oscilacións do relevo, reservando ó máximo os terreos con potencialidade agrícola. Por Xunqueira de Espadañedo, os pequenos núcleos van espallándose pola atracción da cabeceira municipal, crescendo en diseminado arredor das estradas de relación coa mesma e seguindo as pistas de concentración parcelaria.

A estrutura territorial ten mudado dese xeito, a partir dos orixinais núcleos pechados, formados sobre as aliñacións a rueiros, pasando a conformar conxuntos mixtos onde a vivenda illada xurde máis aleatoriamente, nunha posición libre no interior das parcelas agrarias e repetindo a ordenación xeométrica das novas parcelacións concentradas.

A sucesión de núcleos compactos e mestos repítese cara ó Oeste, por Paderne de Allariz, dependendo, no seu tamaño, da antiga amplitude do agro. Cara ao Sur e Suroeste a altitude vai incrementándose, tanto por Baños de Molgas como polo concello veciño de Xunqueira de Ambía, os núcleos tenden ás formas agregadas, moi compactas e que van medrando en tamaño a medida que se achegan ás vertentes da Limia.

Ao longo do concello de Xunqueira de Ambía, os núcleos son de moi diversa configuración e van desde as aldeas de pequeno tamaño ata agregacións maiores, sempre de perímetro moi irregular.

Polo Norte, onde o relevo é máis ondulado e gaña altura, as antigas aldeas tenden a formar contornos máis compactos e perímetros ovalados ou redondeados, como acontece pola zona de Augas Santas. O curso do Arnoia e a súa plataforma de veiga de relevo moi aplanado, dá paso ás terras de Celanova, do mesmo xeito que a configuración do poboamento vai adoptando un maior espallamento polo territorio, no que as agregacións pasan a ter un perímetro menos definido e de maior irregularidade.

3.4.2. Toma de datos

A Comarca Paisaxística Alto Arnoia foi analizada seguindo tres escalas de aproximación:

- A. Escala de traballo comarcal co fin de comprender a realidade territorial. Alto Arnoia presenta tres grandes caracterizacións paisaxísticas que determinaron as entidades de poboación motivo de análise: vilas, de destacado valor patrimonial ou arquitectónico, **núcleos rurais nos vales**, aldeas de tamaño intermedio asentadas nos diversos vales fluviais da comarca e **núcleos rurais nas serras**, de presenza reducida.

- B. A primeira saída de campo realizouse atendendo aos tres tipos de comportamento e á presenza de entidades relevantes desde o punto de vista patrimonial, histórico ou estético. Estes aspectos, xunto á integración paisaxística do conxunto, permitiron reducir a posibilidade de elección do núcleo, sendo visitados os seguintes: Allariz, Xunqueira de Ambía, Baños de Molgas, Maceda, Santa Mariña de Augas Santas, Laioso, San Breixo, Vilar de Flores, San Salvador dos Penedos, Vilaboa, Valverde, Requeixo de Valverde, O Covelo, Santa Eufemia de Ambía, Suatorre e San Xés.

- C. Tras a análise de detalle das características do núcleo atendendo á súa morfoloxía, tipoloxías arquitectónicas e estado de conservación, procedeuse a determinar os exemplos de maior representatividade e calidade da comarca e a analizar en detalle as edificacións e elementos construtivos relevantes, realizando fotografías de alta calidade e procedendo ao borrador inicial das fichas. Deste xeito, os núcleos visitados na segunda saída de campo en Alto Arnoia foron: Allariz, Baños de Molgas, Vilar de Flores, Valverde e Requeixo.

A Comarca Paisaxística Alta Limia foi analizada seguindo tres escalas de aproximación:

- A. Escala de traballo comarcal co fin de comprender a realidade territorial. Alto Arnoia presenta dúas grandes caracterizacións paisaxísticas que determinaron as entidades de poboación motivo de análise: **núcleos rurais na chaira**, aldeas agrarias intermedias asentadas na chaira da Limia; **núcleos rurais nas serras**, localizados no reborde montañoso da comarca.
- B. Na primeira saída de campo visitáronse os núcleos de Xinzo de Limia, A Sainza, Lamas, Congostro, Escornabois, Faramontaos, Forxa, Lodoselo, Meaus, Morgade, Nocelo da Pena, Penouzos, Reboreda, Sandiás, Sarreaus, Viladerrei, Vilar de Barrio e Vilar de Santos.
- C. Os núcleos estudados na segunda saída de campo na foron: Xinzo de Limia, Sandiás, Forxa e Vilar de Barrio.

A Comarca Paisaxística Baixa Limia foi analizada seguindo tres escalas de aproximación:

- A. Escala de traballo comarcal co fin de comprender a realidade territorial. Alto Arnoia presenta dúas grandes caracterizacións paisaxísticas que determinaron as entidades de poboación motivo de análise: **núcleos no val do río Limia**, aldeas de pequeno tamaño e vilas das capitais municipais asentadas nos espazos de maior valor agrolóxico da comarca paisaxística; **núcleos rurais nas serras**, núcleos de dedicación agrogandeira asentados no sistema de media montaña.
- B. Na primeira saída de campo visitáronse os núcleos de Maus de Salas, Puxedo, Lobios, Requiás, Santa Comba de Bande, Vilameá, Muiños, Venceás, Cela, Entrimo e Buxán.
- C. Os núcleos estudados na segunda saída de campo foron Maus de Salas, Santa Comba de Bande e Vilameá,

A Comarca Paisaxística Baixa Arnoia foi analizada seguindo tres escalas de aproximación:

- A. Escala de traballo comarcal co fin de comprender a realidade territorial. Alto Arnoia presenta tres grandes caracterizacións paisaxísticas que determinaron as entidades de poboación motivo de análise: **vilas**, de destacado valor patrimonial ou arquitectónico; **núcleos rurais nos vales e outeiros**, aldeas de pequeno tamaño asentadas nos espazos de maior valor agrolóxico da comarca paisaxística; **núcleos rurais nas serras**, de presenza moi reducida.

- B. Na primeira saída de campo visitáronse os núcleos de Celanova, Vilanova dos Infantes, Bande, A Bola, Vereia, Bangueses de Abaixo, Casal do Bispo, Cexo, Covelas, Nogueiró, Outomuro, Vilavidal, O Viso, Cerdal, Gomesende, Quintela de Leirado, Leirado e Pontedeiva.

- C. Os núcleos estudados na segunda saída de campo foron Celanova, Vilanova dos Infantes, A Bola e Casal do Bispo.

A Comarca Paisaxística de Verín foi analizada seguindo tres escalas de aproximación:

- A. Escala de traballo comarcal co fin de comprender a realidade territorial. Verín presenta tres grandes caracterizacións paisaxísticas que determinaron as entidades de poboación motivo de análise: **vila de Verín**, de destacado valor patrimonial ou arquitectónico; **núcleos rurais no val de Monterrei**, núcleos tradicionais asentados no fondo de val de relevancia agraria e expoñentes de arquitectura popular; **núcleos rurais nas serras**, constitúen un modelo significativo de asentamento.
- B. Na primeira saída de campo visitáronse os núcleos de Verín, Albarellos, Cabreiroá, Servoi, Videferre, Vilaza, Pazos, Tamagos, Mixós e San Cibrao.
- C. Os núcleos estudados na segunda saída de campo foron: Verín, Cabreiroá, Servoi e Vilaza.

34.21. Procedemento de toma e análise dos datos

Toma de datos en campo

A recollida de datos en campo abordouse desde unha perspectiva multiescalar. A análise en campo do territorio realizouse en función de tres escalas de aproximación. A primeira aproximación realizouse en gabinete e consistiu nunha análise territorial a escala comarcal. Esta fase permitiu a identificación de áreas paisaxísticas, atendendo a variables como a morfoloxía ou os usos do solo. Esta zonificación resulta relevante pois determina o comportamento histórico dos asentamentos da poboación. A maiores realizáronse consultas bibliográficas específicas para avanzar na caracterización inicial da comarca. Unha vez analizada a Comarca Paisaxística en gabinete, procedeuse a unha primeira saída de campo que permitiu establecer liñas mestras en canto ao comportamento xeral da comarca desde o punto de vista xeográfico e paisaxístico.

A toma de datos en campo incluíu a realización de fotografías xeorreferenciadas, a toma de notas xerais de cada un dos núcleos e a realización dunha cartografía efémera de referencia. De novo en gabinete, procedeuse á selección dos exemplos de núcleos máis representativos dos tipos de comportamento detectados na análise inicial, tendo en conta a súa representatividade, tipoloxía arquitectónica e estado de conservación.

O seguinte paso foi realizar unha segunda saída de campo que permitiu ampliar a análise a aqueles exemplos concretos de entidades de poboación que recollen de modo significativo as características propias do modelo de asentamento ao que pertencen. Esta selección foi realizada atendendo á presenza de

entidades relevantes desde o punto de vista patrimonial, histórico ou estético.

A continuación realizouse unha análise de detalle das características do núcleo atendendo á súa morfoloxía, tipoloxías arquitectónicas e estado de conservación. Nesta fase realizáronse fotografías en alta definición que permitiron a análise xeral do espazo construído e de detalle dos elementos arquitectónicos. En paralelo, realizouse un primeiro borrador de datos que serán a base da ficha final. A fase final supuxo o procesado de datos en gabinete, nomeadamente os procesos de revelado fotográfico e a versión final da base de datos e fichas.

Resumindo, no total das comarcas das Grandes áreas paisaxísticas IV e V, analizáronse 8 núcleos urbanos e máis de 30 núcleos rurais froito dunha primeira selección da análise do territorio, dos cales se estudaron en total máis de 800 edificacións, das que se analizaron e tomaron máis de 8000 mostras e porcentaxes de cores e materiais de 414 edificacións seleccionadas cualitativamente.

34.2.2. Proceso Fotográfico. Traballo de campo e Fotografía de Arquitectura.

Planificación da toma

A. Estudo de soleamento (Por núcleo e Edificación). Unha vez desenvolvido o plan de selección de núcleos representativos por comarca paisaxística, así como o estudo previo de campo con fins a seleccionar as edificacións singulares polo seu valor cualitativo, procédese a planificar o traballo de campo fotográfico para desenvolver coherentemente a toma de datos. Procedemos a unha primeira fase fotográfica de cara á catalogación de materiais e exemplos tipolóxicos arquitectónicos e unha segunda fase orientada a toma de datos de cor para o estudo das edificacións existentes e a creación de paletas cromáticas en futuras propostas. O traballo de campo planifícase previamente cun estudo de soleamento do núcleo a visitar, de maneira que con antelación o equipo responsable coñece as circunstancias de luminosidade ao longo do día, así como a orientación das edificacións seleccionadas e a súa interacción coa luz e as circunstancias climáticas concretas. Deste xeito ordénase a toma fotográfica en base á incidencia da luz en relación á orientación da fachada ou elementos arquitectónicos a rexistrar. A percepción da cor está condicionada por unha serie de aspectos que provocan variacións na visión do ollo humano, tales como as cores próximas (interacción), o tipo de superficies dos materiais (acabados), a fonte de luz (segundo incidencia, angulación, dureza ou carácter) e especialmente a lonxitude de onda de devandita radiación e a súa temperatura de cor (°K), entre outros. As condicións de iluminación foron as seguintes: **día nubrado** (luz difusa, suave e homoxénea), **día asollado** (luz directa e dura, sol/sombra) e **día de claros e nubes** (luz directa e difusa, suave e dura, respectivamente).

B. Preparación do Equipo Fotográfico. Con antelación é necesaria a revisión e preparación do equipo fotográfico co que imos traballar. Empregouse material profesional de imaxe e de xestión de cor, que garante a fiabilidade nos resultados e aproxímase de xeito apropiado á percepción do ollo humano.

Medicións in situ O traballo de campo comeza coa selección da escena a estudar e a toma fotográfica en si mesma. Para iso emprégase o exposímetro da cámara para medición de luz

reflectida e a partir de aí determinar os Valores de Exposición óptimos para o rexistro fiel da cor e a medición da luz para gris medio.

A. Medición de la Luz con carta de grises por toma. Para a medición da luz emprégase a carta de grises, de maneira que esta sexa o máis exacta posible e non interprete a luz. Do mesmo xeito búscase realizar tomas de baixo-medio contraste, onde o rango dinámico da cámara cubra perfectamente todos os tons de luminosidade presentes na escena e o rexistro da cor sexa o máis similar á percepción humana no momento da toma. B. Medición de Balance de brancos con cartas de WB por toma. A elección dos valores de exposición están suxeitos ao uso de diafragmas pechados ($f > 11$), obtendo a máxima información de texturas, detalles e cores, así como a máxima profundidade de campo, neste caso necesaria. O Balance de Brancos (WB) emprégase personalizado, por selección directa de Grados Kelvin (°K), en función da luz presente na escena, en canto á cámara. C. Xestión da Cor-Calibración da Cámara con carta de cor por escena. En cada escenario elixido e por cada tipo de iluminación concreta realízase a medición adecuada para unhas condicións de luz exclusivas, empregando carta de cor de 24 parches (Cor Checker Passport. X-Rite) de xeito, que durante a fase de postproducción da imaxe pódase aplicar o perfil de cámara correspondente ao equipo fotográfico e á luz. Deste xeito, as cores rexistradas polo sensor da cámara serán en gran medida os observados in situ polo ollo humano. D. Medición Espacial con telémetro láser e ubicación dos puntos de toma por cada distancia de toma. De xeito paralelo á preparación da toma procédese a medir con telémetro láser a distancia entre o elemento fotografado e a cámara para crear unha base de datos que vinculen a imaxe á distancia real da cámara para establecer singularidades na percepción da cor. Si unha cor obsérvase a dúas distancias diferentes a súa percepción en ambos casos variará, estas condicións non só dependen da luz como indicamos anteriormente senón tamén da distancia coa que este é observado. E. Posicionamento da cámara e nivelado do horizonte por toma. Na medida en que se pode lograr a correcta nivelación da cámara, emprégase tanto o nivel virtual de cámara como o nivel externo de tripla burbulla para localizar o horizonte e respectar a perspectiva frontal sempre que o espazo de traballo o permita.

Toma fotográfica Realízase a toma fotográfica segundo tres aspectos: -Determinación de Valores de Exposición e Lente: EV, F, ISO, WB e H (Por toma). -Toma fotográfica Frontal de Fachadas (Por construción singular) -Toma fotográfica Frontal de detalles e materiais. (Por construción singular). O traballo de toma resúmese en que para un núcleo urbano, por exemplo Allariz (Ato Arnoia), estúdanse/fotografan un total de 50 edificacións, sendo necesario un total de 1.232 disparos (fotografías), das cales 223 son específicas para xestión de luz e cor. Para cada toma final, son necesarias tres tomas previas con pequenas variacións.

34.2.3. Producción e Postproducción dixital.

Unha vez o arquivo documental está baleirado, clasificado, organizado e renomeado procedemos á fase de produción e postproducción dixital, comezando pola Xestión de cor imprescindible neste estudo.

Xestión da Cor: - Conversión de Formatos RAW - Creación de Perfís de cámara (Por toma). Todos os arquivos de imaxe que

conteñen carta de cor son convertidos a formato universal, de .NEF (formato de Nikon) a .DNG (formato universal) utilizando o software profesional Adobe DNG Converter. Creamos os perfís de cor para cada toma, para cada edificación e para cada escena, por núcleo e por comarca. Creamos un perfil específico por toma (.dcp) cuxos algoritmos permitirán obter un perfil de corrección de cor. Para cada comarca creamos un total de 70 perfís por edificacións seleccionadas. **Procesado Dixital da Imaxe (Revelado)** Continuamos co procesado das imaxes para a obtención do arquivo final adecuado ao correcto estudo arquitectónico e análise cromática. Realizando os seguintes pasos por cada toma: 1. Balanceado de Brancos 2. Procesado do Histograma para Exposición 3. Corrección da lente e angulación 4. Toma das mostras, Mapeo cualitativo 5. Creación do Mosaico da Imaxe 6. Optimización dos Arquivos e Conversión dos Formatos JPG e TIFF. Empregamos de novo software profesional da casa Adobe, neste caso Adobe Photoshop CC e Camera Raw 9.3. O revelado realízase por cada fotografía, é dicir unha a unha, respectando as súas singularidades. Imprescindible traballar cun monitor calibrado, de maneira que cada catro días calibrase de novo e axústase a iluminación do espazo de traballo mediante sistema de monitoreo da luz. **Creación do mosaico cromático** Unha vez a imaxe fotográfica contén xa os valores da luz e cor que buscamos, é dicir, próximos á visión humana para 5.500°K e gris medio, así como a perspectiva corrixida, procedemos a crear os mosaicos cromáticos onde se creará un patrón de cor por cada edificación.

34.24. Metodoloxía de cor. Rexistro de Datos e Xestión de datos de cor. Sistema NCS.

Unha vez os exemplos arquitectónicos teñen os seus documentos visuais (fotografías) optimizados para luz e cor comezamos a fase de Estudo Cromático de fachadas e elementos arquitectónicos. Realízanse pois as seguintes fases de traballo: - Conversión de valores cromáticos ao Espazo de cor NCS - Creación de Paletas de Gammas Cromáticas NCS - Identificación de cor Dominante, Mediación e Tónica - Patrón de Composición en Círculo Cromático - Creación de Paletas por Escena - Cumprimentación das fichas cos datos concluíntes. En primeiro lugar, fotografía por fotografía, vanse estudando as edificacións en canto á súa composición cromática xeral e a estrutura de harmonía que presenta. Establécense as mostras de xeito personalizada, situándoas nas zonas significativas da construción, ata crear ordenadamente por luminosidade e cor a paleta cromática que define dita construción. Analizamos a

construción cromática no Círculo Cromático e concluímos a súa estrutura de harmonía. Unha vez creada a paleta e identificado o patrón de harmonía, analízase a distribución das súas correspondentes cores: tónico, dominante e mediación. A partir da conclusión créanse de novo as paletas para dita clasificación. No exemplo que segue, unha vez xa están identificados as cores no espazo de cor NCS (Natural Cor System) créanse as paletas específicas para cada cor.

34.2.5. Creación de paletas cromáticas NCS e propostas de cor.

As propostas de cor e a súa creación de paletas suscítanse en base aos resultados obtidos por núcleo e por comarca. O procedemento é o seguinte.- Elaboración de listado de cores NCS seleccionados. - Creación de Paletas por cor e Navegación polo Espazo NCS - Creación de Estructuras de Harmonía para cada cor. Regras de cor.- Cumprimentación das fichas. Para iso traballamos agora co Navegador NCS (NCS Navigator). A partir das conclusións establecidas en base ás porcentaxes obtidas créanse as paletas, buscando a harmonía adecuada ao núcleo, así como as cores por materiais máis representativos. E para rematar, unha vez identificadas as cores das propostas, definimos cada unha en base ás súas características básicas de cor: Ton, Luminosidade e Saturación, para o que determinamos o seguinte criterio de análise máis aló do meramente descritivo. Definimos o ton partindo do círculo cromático, identificamos a luminosidade en base ao valor da cor no espazo de cor HSB (Ton, Saturación e Luminosidade) e establecemos a escala. Deste xeito a cor queda definida nas súas características primordiais á marxe da súa numeración NCS dentro da carta de Cor Natural Cor System.-

Unha vez as paletas propostas abarcan una ampla gama de cores, procédese a clasificación destas nunha segunda fase de traballo atendendo a clasificación morfotipolóxica das edificacións de xeito individualizado. Trabállase agora por Grande Área Paisaxística e dentro de cada unha aplícase o criterio de análise tipolóxico. As novas propostas, máis sucintas e concretas, obtéñense dun segundo estudo en laboratorio, partindo das mostras de materiais extraídas na primeira saída de campo e das conclusións da primeira fase do traballo, ambos valores estúdanse por medio comparativo coa carta de cores NCS, tal como se observa na imaxe, empregando mesa de luz a 5500°K. Como froito da conxunción do primeiro traballo de campo, a primeira proposta e o análise de cor por tipoloxía nace a proposta final de cores e materiais desta GAP.

34.3. Diagnóstico de materiais e cores

Comarca do Alto Arnoia - ámbito urbano (Allariz)

Cores

O estudo da toma de datos revela un gran predominio do amarelo alaranxado claro ou medio desaturado ou parcialmente desaturado da pedra en posición dominante combinado coas outras cores, directamente en posición tónica, orixinando diversas combinacións tendentes a complementarias, moitas veces tendentes a divididos, ou análogas, deixando xeralmente pequenas superficies de mediación residuais que se reflicten nas proporcións globais.

Hai unha importante porcentaxe dos brancos ou grises claros e medios con algún matiz verde nos morteiros e carpintarías ás veces nas plantas altas das fachadas, grises escuros en carpintarías e varandas en concreto, de verdes medios e escuros parcialmente desaturados en carpintarías ás veces en plantas baixas e de laranxas vermello claro ou medios nas cubertas visibles coa tella e nas carpintarías ás veces na planta baixa. Hai unha presenza dos azuis medios ou escuros desaturados e púrpuras medios desaturados ou medios, presentes usualmente nas carpintarías e pola súa composición ocupando posicións de tónicos. As combinacións destas cores dan lugar a unha maioría

de composicións complementarias coa pedra ou divididas se hai máis cores ou algún outro matiz.

Por último, hai unha presenza de laranxas vermellos claros desaturados en morteiros, vermellos medios ou escuros desaturados ou parcialmente desaturados en carpintarías e baixantes e vermellos medios en carpintarías, en maior medida en posición tónica, dando composicións análogas coa combinación coas cores da pedra. Dependendo da perspectiva, topografía ou o espazo urbano, hai unha importancia na percepción polo viandante das cores das cubertas.

Materiais

O material predominante no núcleo histórico de Allariz é a pedra granítica do país con acabado abuxardado. Aínda que non se trata da tónica xeral, algún dos panos existentes atópase revestido. Existen balcóns voados, de pedra na súa maioría. Existe algunha galería e algún miradoiro de madeira, aínda que non resulta unha pauta moi estendida. Os edificios que están rematados mediante cornixas son de pedra de cantería. O resto das mostras, como remate superior, posúen aleiro de madeira pintada. As carpinterías das mostras tomadas son de madeira pintada, existindo en moitos casos unha diferenciación cromática entre as carpinterías da planta baixa e das plantas superiores. As ferraxes das carpinterías tradicionais, ou están ocultas, por ter apertura cara o interior do inmovible, ou son de ferro lacado na mesma cor que a carpintería. A pauta xeral nas defensas dos balcóns é a utilización de ferro lacado. O material empregado maioritariamente para a cubrición das cubertas é a tella cerámica. Nos elementos de evacuación de augas pluviais das mostras analizadas predomina indistintamente tanto o cobre como o zinc. Como materiais nobres que son, non se atopan revestidos, e o seu acabado é o natural.

Comarca do Alto Arnoia - ámbito rural (Vilar de Flores, Valverde, Requeixo, Xunqueira de Ambía, Baños de Molgas)

Coreas

O estudo demostra un predominio do amarelo alaranxado claro ou medio desaturado ou parcialmente desaturado da pedra que pode adquirir outros matices en posición de dominante combinado na posición de mediador cando existe ou tónico, co branco de morteiros ás veces nos encintados e carpintarías, grises da propia pedra envellecida e carpintarías, laranxa vermello claro ou medio presente na cuberta coa tella e baixantes e nas carpintarías, vermello medio e vermello medio ou escuro desaturado ou parcialmente desaturado de carpintarías xeralmente. Estas combinacións dan lugar a unha gran porcentaxe de análogos. Hai unha gran variedade de cores na posición tónica e polo tanto ocupando pequenas superficies da composición pero moi rechamantes, xeralmente nas carpintarías, ademais dos sinalados anteriormente, laranxas vermellos claros ou medios, vermellos medios e escuros parcialmente desaturados, xerando combinacións análogas coa pedra, púrpuras, azuis claros, medios ou escuros e augamariñas medios xerando combinacións complementarias coa pedra e de complementarios divididos se aparece outra cor, e verdes claros, medios, escuros ou tendentes cara o amarelo xerando combinacións complementarias ou análogas dependendo da natureza cara ao azul ou ao amarelo do verde.

Materiais

No núcleo rural de Vilar de Flores predomina o uso da pedra granítica do país vista e abuxardada, tanto como material de fondo de fachada como para os balcóns e patíns. Existen ademais exemplos con balcóns, pasais e corredores de madeira. Todas as mostras analizadas, como remate superior, posúen aleiro de madeira pintada. As carpinterías das mostras tomadas son de madeira pintada, existindo en moitos casos unha diferenciación cromática entre as carpinterías da planta baixa e das plantas superiores. As ferraxes das carpinterías tradicionais, ou están ocultas, por ter apertura cara o interior do inmovible, ou son de ferro lacado na mesma cor que a carpintería. As defensas dos balcóns existentes son maioritariamente de madeira, existindo algunha en ferro. O material utilizado maioritariamente para a cubrición das cubertas é a tella cerámica. Nos elementos de evacuación de augas pluviais das mostras analizadas predomina o aluminio lacado e o zinc. Existen moitos exemplos que carecen destes elementos, deixando caer libremente as augas cara á rúa pública ou ó interior da parcela.

No núcleo rural de Valverde predomina o uso da pedra granítica do país vista e abuxardada, tanto como material de fondo de fachada como para os balcóns e patíns. Existen edificacións con panos revestidos en madeira e encalados. Existen ademais exemplos con balcóns e corredores de madeira. Todas as mostras analizadas, como remate superior, posúen aleiro de madeira pintada. As carpinterías das mostras tomadas son de madeira pintada, existindo en moitos casos unha diferenciación cromática entre as carpinterías da planta baixa e das plantas superiores. As ferraxes das carpinterías tradicionais, ou están ocultas, por ter apertura cara o interior do inmovible, ou son de ferro lacado na mesma cor que a carpintería. As defensas dos balcóns existentes son maioritariamente de madeira, existindo algunha en ferro. O material utilizado maioritariamente para a cubrición das cubertas é a tella cerámica. Nos elementos de evacuación de augas pluviais das mostras analizadas predomina o aluminio lacado, o cobre e o zinc. Existen exemplos que carecen destes elementos, deixando caer libremente as augas cara o exterior da edificación.

No núcleo rural de Requeixo de Valverde predomina o uso da pedra granítica do país vista e abuxardada, tanto como material de fondo de fachada como para os balcóns e patíns. Existen edificacións con panos revestidos e vestixios de antigo encalado. Existen ademais exemplos con balcóns e corredores de madeira. Todas as mostras analizadas, como remate superior, posúen aleiro de madeira pintada. As carpinterías das mostras tomadas son de madeira pintada, existindo en moitos casos unha diferenciación cromática entre as carpinterías da planta baixa e das plantas superiores. As ferraxes das carpinterías tradicionais, ou están ocultas, por ter apertura cara o interior do inmovible, ou son de ferro lacado na mesma cor que a carpintería. As defensas dos balcóns existentes son de madeira ou de ferro. O material utilizado maioritariamente para a cubrición das cubertas é a tella cerámica. A maioría das mostras analizadas carecen de elementos para evacuación de augas pluviais, deixando caer libremente as augas cara o exterior da edificación. Existe algún elemento en zinc, cobre ou PVC.

No casco antigo de Baños de Molgas predomina o uso da pedra granítica do país, vista ou encalada, tanto como material de fondo de fachada como para os balcóns e patíns. Existen edificacións

con panos revestidos e vestixios de antigo encalado. Existen ademais exemplos con balcóns e corredores de madeira, sobre todo no interior do tecido do casco antigo. Existen exemplos de galerías de madeira pintada en branco, sobre todo nas edificacións existentes na estrada principal. As fachadas que están rematadas superiormente mediante cornixas son de pedra de cantería. O resto das mostras, como remate superior, posúen aleiro de madeira pintada. As carpinterías das mostras tomadas son de madeira pintada, existindo en moitos casos unha diferenciación cromática entre as carpinterías da planta baixa e das plantas superiores. As ferraxes das carpinterías tradicionais, ou están ocultas, por ter apertura cara o interior do inmovible, ou son de ferro lacado na mesma cor que a carpintería. As defensas dos balcóns existentes maioritariamente de ferro. O material utilizado maioritariamente para a cubrición das cubertas é a tella cerámica. A maioría das mostras analizadas carecen de elementos para evacuación de augas pluviais, deixando caer libremente as augas cara o exterior da edificación. Existe algún elemento en zinc, cobre ou PVC. Nalgún caso están ocultas tras a cornixa.

Comarca da Alta Limia - ámbito urbano (Xinzo de Limia)

Cores

O estudo amosa un predominio do amarelo alaranxado claro ou medio desaturado ou parcialmente desaturado da pedra que pode adquirir outros matices e do branco e gris claro de morteiros e outras pedras en posicións de dominantes e de mediadores xeralmente. Tamén na posición de mediador aparecen grises escuros, amarelos alaranxado claros, laranxas vermellos claros ou medios presentes nas cubertas coa tella e nas carpintarías, vermellos medios ou escuros desaturados ou parcialmente desaturados de carpintarías xeralmente. Estas combinacións coa pedra dan lugar a unha gran porcentaxe de análogos. Hai unha variedade de cores na posición tónica e polo tanto ocupando pequenas superficies da composición, ás veces moi rechamantes, xeralmente nas carpintarías ademais dos sinalados anteriormente, laranxas vermellos claros ou medios, vermellos escuros parcialmente desaturados, xerando combinacións análogas coa pedra, azuis claros, xerando combinacións complementarias coa pedra e de complementarios divididos se aparece outra cor, e verdes claros, medios ou escuros xerando combinacións complementarias ou análogas dependendo da natureza cara ao azul ou ao amarelo do verde. Non hai unha importancia na percepción polo viandante das cores das cubertas.

Materiais

Tendo en conta o eclecticismo xerado pola escasa cantidade de exemplos de arquitectura tradicional que poidan ser analizados, o material predominante en Xinzo de Limia é a pedra granítica do país con acabado abuxardado. Aínda que non se trata da tónica xeral, algún dos panos existentes atópase revestido. Existen balcóns voados, de pedra na súa maioría. Existe algunha galería e algún miradoiro de madeira, aínda que non resulta unha pauta moi estendida. Os edificios que están rematados mediante cornixas son de pedra de cantería. O resto das mostras, como remate superior, posúen aleiro de madeira pintada. As carpinterías das mostras tomadas son de madeira pintada ou aluminio anodizado, existindo en moitos casos unha diferenciación cromática entre as

carpinterías da planta baixa e das plantas superiores. As cores máis utilizadas para as carpinterías das plantas baixas son as naturais, verdes e ocre. As ferraxes das carpinterías tradicionais, ou están ocultas, por ter apertura cara o interior do inmovible, ou son de ferro lacado na mesma cor que a carpintería. A pauta xeral nas defensas dos balcóns é a utilización de ferro lacado, aínda que existen exemplos de madeira pintada. O material utilizado maioritariamente para a cubrición das cubertas é a tella cerámica. Nos elementos de evacuación de augas pluviais das mostras analizadas predomina o zinc. Existen varios exemplos con canlóns ocultos.

Comarca de Alta Limia - ámbito rural (Sandiás, A Forxa, Vilar de Barrio)

Cores

O estudo revela un predominio do amarelo alaranxado claro ou medio desaturado ou parcialmente desaturado da pedra en posición de dominante combinado na posición de mediador cando existe, co branco ou grises de morteiros ou da propia pedra envellecida, laranxa vermello claro ou medio presente na cuberta coa tella e vermello medio escuro desaturado ou parcialmente desaturado de carpintarías xeralmente. Hai unha gran variedade de cores na posición tónica e polo tanto ocupando pequenas superficies da composición pero moi rechamantes, xeralmente nas carpintarías, vermellos medios xerando combinacións análogas coa pedra, azuis claros, medios ou escuros xerando combinacións complementarias coa pedra e de complementarios divididos se aparece outra cor, e verdes claros, medios ou escuros, xerando combinacións complementarias ou análogas dependendo da natureza cara ao azul ou ao amarelo do verde.

Materiais

No interior de Sandiás predomina o uso da pedra granítica do país vista e abuxardada, tanto como material de fondo de fachada como para os balcóns. Existen ademais exemplos con balcóns de madeira. A maioría das mostras analizadas, como remate superior, posúen aleiro de madeira pintada, aínda que existen exemplos con cornixa de pedra. As carpinterías das mostras tomadas son de madeira pintada, existindo en moitos casos unha diferenciación cromática entre as carpinterías da planta baixa e das plantas superiores. As ferraxes das carpinterías tradicionais, ou están ocultas, por ter apertura cara o interior do inmovible, ou son de ferro lacado na mesma cor que a carpintería. As defensas dos balcóns existentes son maioritariamente de ferro, existindo algunha en madeira pintada. O material utilizado maioritariamente para a cubrición das cubertas é a tella cerámica. Nos elementos de evacuación de augas pluviais das mostras analizadas predomina o cobre. Existen moitos exemplos que carecen destes elementos, deixando caer libremente as augas cara o viario público ou ao interior da parcela.

No núcleo de Forxa predomina o uso da pedra granítica do país vista e abuxardada, rematada con anchas cintas de encintado branco. En moitos exemplos, atópase combinada con panos revestidos de morteiro de cal ou ladrillo revestido. Existe unha eira rehabilitada con numerosos canastros en moi bo estado de conservación. Predominan os balcóns de madeira pintada, existindo exemplos en

pedra granítica sen revestir. Todas as mostras analizadas, como remate superior, posúen aleiro de madeira pintada. Existe unha pauta para o recercado, mediante o encalado da pedra da fachada para resaltar os ocos. As carpinterías das mostras tomadas son de madeira pintada, existindo en moitos casos unha diferenciación cromática entre as carpinterías da planta baixa e das plantas superiores. As ferraxes das carpinterías tradicionais, ou están ocultas, por ter apertura cara o interior do inmobile, ou son de ferro lacado na mesma cor que a carpintería. As defensas dos balcóns existentes son maioritariamente de madeira, existindo algunha en ferro. O material utilizado maioritariamente para a cubrición das cubertas é a tella cerámica. Nos elementos de evacuación de augas pluviais das mostras analizadas predomina o PVC, signo de que non existía este elemento orixinalmente e foi colocado por necesidade pola entrada de auga. Existen exemplos que carecen destes elementos, deixando caer libremente as augas cara o exterior da edificación.

No núcleo Vilar de Barrio predomina o uso da pedra granítica do país vista e abuxardada, tanto como material de fondo de fachada como para os balcóns. Existen edificacións con panos revestidos. Todas as mostras analizadas, como remate superior, posúen aleiro de madeira pintada. As carpinterías das mostras tomadas son de madeira pintada, existindo en moitos casos unha diferenciación cromática entre as carpinterías da planta baixa e das plantas superiores. As ferraxes das carpinterías tradicionais, ou están ocultas, por ter apertura cara o interior do inmobile, ou son de ferro lacado na mesma cor que a carpintería. As portas dos portais das edificacións posúen decoración con reixería ornamentada pintada en branco. As defensas dos balcóns existentes son de ferro. O material utilizado maioritariamente para a cubrición das cubertas é a tella cerámica. A maioría das mostras analizadas carecen de elementos para evacuación de augas pluviais, deixando caer libremente as augas cara o exterior da edificación. Existe algún elemento en aluminio lacado brillante ou PVC, o que leva a pensar que as edificacións orixinais carecían destes elementos, que foron colocados recentemente.

Comarca da Baixa Limia - ámbito rural (Santa Comba de Bande, Vilameá, Maus de Salas)

Cores

O estudo amosa un predominio do amarelo alaranxado claro ou medio desaturado ou parcialmente desaturado da pedra en posición de dominante combinado na posición de mediador cando existe, co branco de morteiros, grises da propia pedra envellecida, laranxa vermello claro ou medio presente na cuberta coa tella e nas carpinterías e vermello medio de carpinterías xeralmente. Hai unha gran variedade de cores na posición tónica e polo tanto ocupando pequenas superficies da composición pero moi rechamantes, xeralmente nas carpinterías, amarelos alaranxados, laranxas vermellos claros ou medios e vermellos medios xerando combinacións análogas coa pedra, azuis claros, medios ou escuros e augamariñas medios ou escuros xerando combinacións complementarias coa pedra e de complementarios divididos se aparece outra cor, e verdes claros, escuros ou tendentes cara o amarelo xerando combinacións complementarias ou análogas dependendo da natureza cara ao azul ou ao amarelo do verde.

Materiais

No núcleo rural de Santa Comba predomina o uso da pedra granítica do país vista e abuxardada, de cachotería. As mostras analizadas, como remate superior, posúen aleiro de madeira pintada. As carpinterías das mostras tomadas son de madeira pintada, existindo en moitos casos unha diferenciación cromática entre as carpinterías da planta baixa e das plantas superiores. As ferraxes das carpinterías tradicionais, ou están ocultas, por ter apertura cara o interior do inmobile, ou son de ferro lacado na mesma cor que a carpintería. As defensas dos balcóns existentes son maioritariamente de madeira pintada con textura natural. O material utilizado maioritariamente para a cubrición das cubertas é a tella cerámica. As mostras analizadas carecen de elementos de evacuación de augas pluviais, deixando caer libremente as augas cara o espazo exterior.

No núcleo rural de Vilameá predomina o uso da pedra granítica do país vista e abuxardada. Existen vestixios de antigo encalado en moitas das fachadas, dado que a fábrica predominante é a cachotería que antigamente estaba revestida. Como remate superior, posúen aleiros de madeira pintada e cornixas de pedra granítica vista. As carpinterías das mostras tomadas son de madeira pintada, existindo en moitos casos unha diferenciación cromática entre as carpinterías da planta baixa e das plantas superiores. As ferraxes das carpinterías tradicionais están ocultas, por ter apertura cara o interior dos inmobiles. O material utilizado maioritariamente para a cubrición das cubertas é a tella cerámica. Nos elementos de evacuación de augas pluviais das mostras analizadas predomina o uso de PVC natural. Dado que este material non é tradicional, suponse que estes elementos non eran utilizados na edificación orixinal, deixando a auga caer libremente ao chan.

O material predominante en Maus de Salas é a pedra granítica do país (cachotería). Aínda que non se trata da tónica xeral, algún dos panos existentes atópase revestido. Existen balcóns voados, de pedra na súa maioría. Os edificios analizados, como remate superior, posúen aleiros de madeira pintada. As carpinterías das mostras tomadas son de madeira pintada ou natural, existindo en moitos casos unha diferenciación cromática entre as carpinterías da planta baixa e das plantas superiores. As ferraxes das carpinterías tradicionais, ou están ocultas, por ter apertura cara o interior do inmobile, ou son de ferro lacado na mesma cor que a carpintería. A pauta xeral nas defensas dos balcóns é a utilización de madeira pintada ou lasurada. O material utilizado maioritariamente para a cubrición das cubertas é a tella cerámica. Nos elementos de evacuación de augas pluviais das mostras analizadas predomina indistintamente tanto o cobre como o zinc. Como materiais nobres que son, non se atopan revestidos, e o seu acabado é o natural. Existen elementos en aluminio lacado brillante.

Comarca do Baixo Arnoia - ámbito urbano (Celanova)

Cores

O estudo da toma de datos demostra un predominio do amarelo alaranxado claro ou medio desaturado ou parcialmente desaturado da pedra cos brancos, grises claros e medios con matices azuis e verdes nos morteiros e carpinterías, frecuentemente galerías,

das fachadas. Hai unha importante presenza dos azuis claros e medios desaturados, presente usualmente nas carpintarías e dependendo da súa extensión e composición ocupando posicións de dominante ou tónicas. As combinacións destas cores dan lugar a unha maioría de composicións complementarias. Hai unha presenza de vermellos, en maior medida en posición tónica nas carpintarías de portas ou ventás, xeralmente en planta baixa, dando composicións análogas coa combinación coas cores da pedra ou de complementarios divididos xuntando na combinación os azuis ou os grises matizados. Por último, hai unha menor presenza, xeralmente nas carpintarías, de amarelos alaranxados claros e verdes escuros, con composicións respectivamente, coa pedra, de análogos ou tendentes a complementarios ou análogos dependendo da natureza cara o azul ou amarelo do verde. Non hai unha importancia na percepción polo viandante das cores das cubertas. Atópase unha singularidade cromática respecto da súa Gran Área, no seu trazado histórico, nas súas diversas morfotipoloxías da edificación tradicional e dos estilos arquitectónicos, dotando de unidade ao conxunto. Para unha maior aproximación ó caso, recoméndase a utilización dun plan específico da cor do conxunto, que analice as posibles escenas e combinacións no núcleo urbano.

Materiais

Os materiais predominantes nas fachadas analizadas en Celanova son a pedra granítica vista, os panos revestidos con encalado e os panos vidrados con galerías ou miradoiros. Existen balcóns voados, de pedra na súa maioría, aínda que existe algún balcón de madeira. Os edificios que están rematados mediante cornixas, son de pedra de cantería. A maioría das mostras, como remate superior, posúen aleiro de madeira pintada. As carpinterías das mostras tomadas son de madeira pintada, existindo en moitos casos unha diferenciación cromática entre as carpinterías da planta baixa e das plantas superiores. As ferraxes das carpinterías tradicionais, ou están ocultas, por ter apertura cara o interior do inmovible, ou son de ferro lacado na mesma cor que a carpintería. A pauta xeral nas defensas dos balcóns é a utilización de ferro lacado. O material utilizado maioritariamente para a cubrición das cubertas é a tella cerámica. Nos elementos de evacuación de augas pluviais das mostras analizadas predomina o cinc con acabado natural, combinando cos elementos de fachada de tons similares.

Comarca do Baixo Arnoia - ámbito rural (Casal do Bispo, Santa Baia, Vilanova dos Infantes)

Coreas

O estudo amosa un predominio do amarelo alaranxado claro ou medio desaturado ou parcialmente desaturado da pedra combinado co laranxa vermello claro, medio ou desaturado, presente na cuberta coa tella e na fachada co morteiro de revestimento, brancos ou grises claros, ás veces escuros e con matices azuis nos morteiros ou carpintarías. Hai unha importante presenza do laranxa tendente a vermello medio escuro, presente usualmente nas carpintarías e dependendo da súa extensión e composición ocupando posicións de dominante, mediación ou tónica. As combinacións destas cores dan lugar a unha maioría de composicións análogas. Hai unha presenza de azuis claros parcialmente desaturados en posición dominante, mediación ou tónica en revestimentos ou carpintarías dando composicións de complementarios ou complementarios

divididos, e roxos en posición tónica en revestimentos ou carpintarías dando composicións análogas coa combinación coas cores da pedra. Por último, hai unha menor presenza, nalgún caso moi testemuñal, xeralmente nos revestimentos ou carpintarías, de verdes, con composicións xeralmente coa pedra, de tendentes a complementarios ou a análogos dependendo da natureza cara ao azul ou ao amarelo, do verde.

Materiais

No núcleo rural de Casal de Bispo predomina o uso da pedra granítica do país vista abuxardada e encintada, combinada con panos encalados ou revestidos e pintados. Todas as mostras analizadas, como remate superior, posúen aleiro de madeira pintada. As carpinterías das mostras tomadas son de madeira pintada, existindo en moitos casos unha diferenciación cromática entre as carpinterías da planta baixa e das plantas superiores. As ferraxes das carpinterías tradicionais, ou están ocultas, por ter apertura cara o interior do inmovible, ou son de ferro lacado na mesma cor que a carpintería. As defensas dos balcóns existentes son maioritariamente de ferro, existindo algunha en madeira. O material utilizado maioritariamente para a cubrición das cubertas é a tella cerámica. Nos elementos de evacuación de augas pluviais das mostras analizadas predomina o aluminio lacado e o PVC, o que fai pensar que as edificacións orixinais carecían destes elementos, deixando caer libremente as augas cara o viario público ou ao interior da parcela.

No núcleo de Santa Baia predomina o uso da pedra granítica do país vista abuxardada e encintada, combinada con panos encalados ou revestidos e pintados. Todas as mostras analizadas, como remate superior, posúen aleiro de madeira pintada. As carpinterías das mostras tomadas son de madeira pintada, existindo en moitos casos unha diferenciación cromática entre as carpinterías da planta baixa e das plantas superiores. As ferraxes das carpinterías tradicionais, ou están ocultas, por ter apertura cara o interior do inmovible, ou son de ferro lacado na mesma cor que a carpintería. As defensas dos balcóns existentes son maioritariamente de madeira, existindo algunha en ferro, pedra ou cemento pintado. O material utilizado maioritariamente para a cubrición das cubertas é a tella cerámica. Nos elementos de evacuación de augas pluviais das mostras analizadas predomina o aluminio lacado e o PVC, o que fai pensar que as edificacións orixinais carecían destes elementos, deixando caer libremente as augas cara á rúa pública ou ó interior da parcela.

No ámbito do PERI de Vilanova dos Infantes predomina o uso da pedra granítica do país vista abuxardada, combinada con panos encalados ou revestidos e pintados. Existe unha pauta de cores vermellos nos panos revestidos, que non se observou no resto dos núcleos da comarca. Unha vez analizadas as demais fachadas, dedúcese que son vestixios dos volumes revestidos de madeira pintada nestes tons. Obsérvase ademais que os numerosos hórreos existentes na comarca, de madeira, tamén están pintados en tons vermellos. A ordenanza non establece cores para os panos revestidos. Existen exemplos con balcóns de pedra granítica vista e corredores de madeira pintada. A maioría das mostras analizadas, como remate superior, posúen aleiro de madeira pintada, aínda que existe algún exemplo con cornixas de pedra granítica vista. As carpinterías das mostras tomadas son de madeira pintada, sen existir diferenciación cromática entre as carpinterías da

planta baixa e das plantas superiores. As ferraxes das carpinterías tradicionais, ou están ocultas, por ter apertura cara o interior do inmobile, ou son de ferro lacado na mesma cor que a carpintería ou negro. As defensas dos balcóns existentes son de madeira ou de ferro. O material utilizado maioritariamente para a cubrición das cubertas é a tella cerámica. A maioría das mostras analizadas carecen de elementos para evacuación de augas pluviais, deixando caer libremente as augas cara o exterior da edificación. Existe algún elemento en zinc, cobre ou PVC.

Comarca de Verín - ámbito urbano (Verín)

Coreas

O estudo demostra un predominio do amarelo alaranxado claro ou medio desaturado ou parcialmente desaturado da pedra en posición de dominante combinado na posición de mediador cando existe, co branco ou grises de morteiros ou da propia pedra envellecida, laranxa vermello claro ou medio presente na cuberta coa tella e vermello medio escuro desaturado ou parcialmente desaturado de carpintarías xeralmente. Hai unha gran variedade de cores na posición tónica e polo tanto ocupando pequenas superficies da composición pero moi rechamantes, xeralmente nas carpintarías, vermellos medios xerando combinacións análogas coa pedra, azuis claros, medios ou escuros xerando combinacións complementarias coa pedra e de complementarios divididos se aparece outra cor, e verdes claros ou medios, xerando combinacións complementarias ou análogas dependendo da natureza cara ao azul ou ao amarelo do verde.

Materiais

O material predominante no conxunto histórico de Verín é a pedra granítica do país con acabado abuxardado, combinada en moitos casos con panos revestidos ou encalados, e con galerías e miradoiros de madeira. Existen balcóns voados, de pedra na súa maioría. Os edificios que están rematados mediante cornixas son de pedra de cantería. A maioría das mostras, como remate superior, posúen aleiro de madeira pintada. As carpinterías das mostras tomadas son de madeira pintada, existindo en moitos casos unha diferenciación cromática entre as carpinterías da planta baixa e das plantas superiores. As ferraxes das carpinterías tradicionais, ou están ocultas, por ter apertura cara o interior do inmobile, ou son de ferro lacado na mesma cor que a carpintería. A pauta xeral nas defensas dos balcóns é a utilización de ferro lacado. O material utilizado maioritariamente para a cubrición das cubertas é a tella cerámica. Nos elementos de evacuación de augas pluviais das mostras analizadas predomina indistintamente tanto o cobre como o zinc. Existen tamén elementos en aluminio lacado brillante ou PVC, aínda que non se toman como pauta, por tratarse de casos puntuais.

Comarca de Verín - ámbito rural (Vilaza, Cabreiroá, Servoi)

Coreas

Do estudo dedúcese un predominio do amarelo alaranxado claro ou medio desaturado ou parcialmente desaturado da pedra en

posición de dominante combinado na posición de mediador cando existe, co branco ou grises de morteiros ou da propia pedra envellecida, laranxa vermello claro ou medio presente na cuberta coa tella e vermello medio escuro desaturado ou parcialmente desaturado de carpintarías xeralmente. Hai unha gran variedade de cores na posición tónica e polo tanto ocupando pequenas superficies da composición pero moi rechamantes, xeralmente nas carpintarías, vermellos medios xerando combinacións análogas coa pedra, azuis claros ou medios, xerando combinacións complementarias coa, e verdes claros, medios ou escuros, xerando combinacións complementarias ou análogas dependendo da natureza cara ao azul ou ao amarelo do verde.

Materiais

No núcleo singular de Vilaza predomina o uso da pedra granítica do país con acabado abuxardado, combinada en moitos casos con panos revestidos ou encalados, e con corredores de madeira pintada. A maior parte das mostras analizadas, como remate superior, posúen aleiro de madeira pintada. As carpintarías das mostras tomadas son de madeira pintada, existindo en moitos casos unha diferenciación cromática entre as carpinterías da planta baixa e das plantas superiores. As defensas dos balcóns existentes son maioritariamente de madeira, existindo algunha en ferro. Existen tamén exemplos que combinan os dous materiais, utilizándose a madeira pintada para o pasamáns e barrotes verticais de ferro pintado. O material utilizado maioritariamente para a cubrición das cubertas é a tella cerámica. Nos elementos de evacuación de augas pluviais das mostras analizadas predomina o aluminio lacado ou o PVC. Existen moitos exemplos que carecen destes elementos, polo que se deduce que o tradicional neste núcleo é a carencia destes elementos.

No núcleo rural de Cabreiroá predomina o uso da pedra granítica do país con acabado abuxardado, combinada en moitos casos con panos revestidos ou encalados, e con corredores de madeira pintada. Todas as mostras analizadas, como remate superior, posúen aleiro de madeira pintada. Os recercados están sinalizados mediante o cambio de cor no encalado da pedra ou mediante reforzos de madeira en fachadas das plantas superiores que están revestidas e que non son de pedra. As carpintarías das mostras tomadas son de madeira pintada, existindo en moitos casos unha diferenciación cromática entre as carpinterías da planta baixa e das plantas superiores. As cores máis utilizadas para as carpinterías das plantas baixas son os marróns. As ferraxes das carpintarías tradicionais, ou están ocultas, por ter apertura cara o interior do inmobile, ou son de ferro lacado na mesma cor que a carpintería. As defensas dos balcóns existentes son maioritariamente de madeira, existindo algunha en ferro. Existen tamén exemplos que combinan os dous materiais, utilizándose a madeira pintada para o pasamáns e barrotes verticais de ferro pintado. O material utilizado maioritariamente para a cubrición das cubertas é a tella cerámica. Os exemplos analizados carecen de elementos para a evacuación de augas pluviais, deixando caer libremente as augas cara o exterior da edificación.

No núcleo rural de Servoi predomina o uso da fábrica de cachotería de xisto natural para os fondos de fachada e os panos de barrotillo

e madeira. Existen ademais exemplos con balcóns e corredores de madeira. Todas as mostras analizadas, como remate superior, posúen aleiro de madeira pintada. As carpinterías das mostras tomadas son de madeira pintada ou lasurada, existindo en moitos casos unha diferenciación cromática entre as carpinterías da planta baixa e das plantas superiores. As ferraxes das carpinterías tradicionais, ou están ocultas, por ter apertura cara o interior do inmoble, ou son de ferro lacado na mesma cor que a carpintería, con apertura cara ao exterior. As defensas dos balcóns existentes son de madeira. Existen tamén exemplos formados por madeira pintada para o pasamáns e barrotes verticais de ferro pintado. Aínda que existen restos dalgũa cuberta de lousa, o material utilizado maioritariamente para a cubrición das cubertas é a tella cerámica. A maioría das mostras analizadas carecen de elementos para evacuación de augas pluviais, deixando caer libremente as

augas cara o exterior da edificación. Existe algún elemento en aluminio, aínda que non se tivo en conta por non ser o tradicional.

Conclusións

En liñas xerais nestas comarcas dáse un predominio da pedra granítica silvestre e, en menor medida, do xisto, nas súas diferentes variedades e tonalidades correspondentes a zonas xeográficas diferenciadas, aparecendo lugares de transición nos que se mesturan estes materiais. Xeralmente, como mediación de cores e materiais nas edificacións, aparecen morteiros de diferentes tonalidades, habitualmente brancos e de cal. Como punto de énfase nas imaxes estudadas das edificacións aparece unha ampla gama de cores de todo o círculo cromático, dando como resultado normalmente composicións análogas ou complementarias, dependendo das cores utilizadas, xeralmente nas carpinterías.

3.5. RIBEIRAS ENCAIXADAS DO MIÑO E DO SIL

3.5.1. Descrición xeral

A GAP Ribeiras Encaixadas do Miño e do Sil corresponde aos vales fluviais dos ríos Miño e Sil. Existen espazos protexidos vinculados fundamentalmente á rede hídrica. Así, o Canón do Sil ten o recoñecemento de ZEC, un espazo que destaca pola súa peculiar orografía de orixe tectónica e polos matices climáticos mediterráneos nas ladeiras de solaina e atlántico-húmidos nos espazos de umbría. O Parque Natural Serra da Enciña da Lastra constitúe o outro gran espazo natural protexido. As súas particulares condicións xeomorfolóxicas, rocha caliza e fortes pendentes, xunto cun ambiente mediterráneo fan deste espazo un lugar singular dentro do territorio galego. No sector oeste da GAP localízase o Monumento Natural Serra de Pena Corneira, o de maior superficie de Galicia. Á marxe dos espazos con figura de protección, destacan os valores naturais do río Mao, o río Avia e o tramo baixo do río Arnoia.

A presenza de bosquetes de frondosas, bosques de ribeira, matogueiras e afloramentos rochosos outorgan unha gran variedade de texturas a este territorio. As grandes masas de auga, ríos e encoros, tamén inciden na percepción deste espazo. Destacan tamén dúas comarcas, O Ribeiro e A Ribeira Sacra Silense, debido ao gran valor estético das súas paisaxes do viño. Todo isto vese reforzado polas características orográficas da GAP, na que a súa delimitación por serras e montes dá lugar a un gran miradoiro. De xeito continuado poden atoparse escenas paisaxísticas de balcón cara ós grandes ríos como fondo escénico. A configuración dos asentamentos, a estrutura do hábitat e a arquitectura popular constitúen tamén un valor estético, especialmente pola boa conservación das agramas circundantes ás aldeas tradicionais.

No tócate ó patrimonio cultural trátase dunha zona de alta concentración de edificacións relixiosas, sendo especialmente destacado o estilo románico en xeral e a Ribeira Sacra en particular. Mosteiros como Santo Estevo de Ribas de Sil, San Paio de Diomondi, Santo Estevo de Ribas de Miño ou Santa María de Pesqueiras, constitúen un conxunto monumental de primeira orde. A presenza de numerosos e antigos socalcos para o cultivo da vide é outra

das sinais de identidade. A denominada "viticultura heroica" supuxo a transformación paisaxística da zona co desenvolvemento dos socalcos. Outros valores patrimoniais destacados vincúlanse ós núcleos urbanos como a cidade de Ourense (Ponte Vella, Catedral de San Martiño e fontes termais de As Burgas) e Ribadavia (castelo e barrio xudeu).

A presenza dos dous grandes ríos determina os usos existentes nesta área. As dúas comarcas vitivinícolas teñen relevancia a nivel estatal e a presenza de plantacións forestais é notable nalgúns sectores. O valor produtivo industrial ten certo peso debido á presenza da cidade de Ourense e ao polígono de San Cibrao das Viñas. Por último, os numerosos encoros falan da relevancia do uso enerxético.

Dentro desta GAP atópase a área urbana de Ourense, onde tamén se sitúa Ribadavia como Nodo para o Equilibrio do Territorio. No brazo oriental do río Sil conta coa cabeceira que supón O Barco de Valdeorras, unha subcabeceira na Rúa e dous nodos en Quiroga e Castro Caldelas. No brazo norte do tramo medio do Miño non se atopan localizacións da clasificación do sistema de asentamentos, aínda que está influenciada polas cabeceiras doutras áreas que a enmarcan, como son Chantada, Sarria e Monforte de Lemos.

No que respecta ós asentamentos rurais, o emprazamento das antigas aldeas en posicións de bocarribeira, procurando as vivendas o achegamento aos terreos de monte ou improdutos, na liña da creba da pendente e soterrando unha parte da planta baixa para acadar unhas condicións estables de humidade e temperatura, habitualmente tamén apropiadas para dispoñer as cortes do gando, pasará a ser empregado en favor da instalación nesa planta inferior das vivendas, do espazo necesario para acoller o lagar e a adegas.

Existen certas diferenzas entre as distintas comarcas paisaxísticas. Así, en Valdeorras a morfoloxía dos núcleos do viño tende a ser de tipo bastante compacto, con variacións na densidade de ocupación

do casal segundo as zonas e principalmente, dependendo das condicións da orografía.

Na Ribeira Sacra recóllense as áreas nas que se cultiva o viño dunha serie de concellos estendidos ao longo do val do Sil entre as provincias de Lugo e Ourense, abarcando distintas comarcas. A incidencia da paisaxe do viño como contorno dos asentamentos rurais tradicionais varía en toda a zona.

No Ribeiro o territorio presenta grandes diferenzas na paisaxe agraria tradicional e sobre todo, na configuración dos núcleos rurais, de tal xeito que, por enriba da cota dos 600 m, como

acontece por Carballada de Avia en Vilar de Condes, As Fermosas, Os Prados ou As Laceiras, os asentamentos amosan un contorno de cultivos e unha paisaxe agraria ben diversa respecto dos núcleos emprazados nas terras baixas, xunto aos campos en terrazas, onde predominan as cepas das videiras.

Fronte ao predominio das agrupacións polinucleares, ás veces, como acontece ao longo de toda esta área, aparecen asentamentos de tipo nuclear e cunha estrutura interna bastante compacta, sempre nestes casos xurdida dos condicionantes da orografía, contrastando cos crecementos que se teñen producido ao longo das estradas.

3.5.2. Toma de datos

A Comarca Paisaxística de Valdeorras foi analizada seguindo tres escalas de aproximación:

- A. Escala de traballo comarcal co fin de comprender a realidade territorial. Valdeorras presenta dúas grandes caracterizacións paisaxísticas que determinaron as entidades de poboación motivo de análise: **val do Sil**, espazo núcleo da comarca no que se asentan as vilas e entidades ribeirás singulares de pequeno tamaño; **serras e ladeiras**, espazos de transición cara ás serras limítrofes nas que se asentan núcleos a media ladeira, propios de modelos montañosos.
- B. A primeira saída de campo realizouse atendendo aos tres tipos de comportamento e á presenza de entidades relevantes desde o punto de vista patrimonial, histórico ou estético. Estes aspectos, xunto á integración paisaxística do conxunto, permitiron reducir a posibilidade de elección do núcleo, sendo visitados os seguintes: A Rúa, Petín, Vilamartín de Valdeorras, O Soldón, Correxais, Montefurado, Baxeles, Córghomo, Valencia do Sil, Vales, Roblido, Rubiá, Larouco e O Castro.
- C. Tras a análise de detalle das características do núcleo atendendo á súa morfoloxía, tipoloxías arquitectónicas e estado de conservación, procedeuse a determinar os exemplos de maior representatividade e calidade da comarca e a analizar en detalle as edificacións e elementos construtivos relevantes, realizando fotografías de alta calidade e procedendo ao borrador inicial das fichas. Deste xeito, os núcleos visitados na segunda saída de campo de Valdeorras foron: A Rúa, Montefurado, Roblido e Correxais.

A Comarca Paisaxística Ribeira Sacra Silense foi analizada seguindo tres escalas de aproximación:

- A. Escala de traballo comarcal co fin de comprender a realidade territorial. Ribeira Sacra Silense presenta tres grandes caracterizacións paisaxísticas que determinaron as entidades de poboación motivo de análise: **viñedo nos canóns**, enclaves de pequeno tamaño de arquitectura vitivinícola; **núcleos rurais**, asentados nas zonas chairas e semichairas superiores de motivación agrogandeira;

conxunto histórico, núcleo de Castro Caldelas.

- B. A primeira saída de campo implicou a visita ós núcleos de Castro Caldelas, Cristosende, Boazo, A Covela, Torbeo, O Freixeiro (Lor), Margaride do Lor, A Teixeira, Parada de Sil, Vilar de Cerreda, Pombeiro, Ribas de Sil, Amandi, Vilar de Mouros, Fondo de Vila, Leiravella, Purdeus e Vilouxe.
- C. Os núcleos estudados na segunda saída de campo foron: Castro Caldelas, Cristosende e Vilar de Mouros.

A Comarca Paisaxística Ribeira Sacra Miñota foi analizada seguindo tres escalas de aproximación:

- A. Escala de traballo comarcal co fin de comprender a realidade territorial. Ribeira Sacra Miñota presenta tres grandes caracterizacións paisaxísticas que determinaron as entidades de poboación motivo de análise: **ribeira**, pequenas entidades ribeirás vinculadas ó viñedo e ás pesqueiras; **ladeiras**, espazos agrarios dominados polo viñedo con presenza de masas forestais nalgúns sectores; **penechaira**, núcleos rurais do bordo comarcal, de orixe agraria e que aproveitan os espazos de cultivos previos ás pendentes dos vales fluviais.
- B. A primeira saída de campo implicou a visita ós núcleos de Aldosende, Pesqueiras, Belesar, A Cova, Marce, Arxeriz, A Millara, Bazal, Grixoá, Nogueira de Miño, Portabade, Pincelo, Fixón e Currelos.
- C. Os núcleos estudados na segunda saída de campo foron: Aldosende, Belesar, Pesqueiras, Pincelo e Xuvencos

A Comarca Paisaxística Fosa de Ourense foi analizada seguindo tres escalas de aproximación:

- A. A Fosa de Ourense presenta tres grandes caracterizacións paisaxísticas que determinaron as entidades de poboación motivo de análise: **urbano**, sendo a cidade de Ourense o espazo de referencia; **periurbano-rururbano**, focalizado na contorna da cidade de Ourense; **reborde e outeiros agrarios**, núcleos rurais do bordo comarcal.
- B. A primeira saída de campo implicou a visita ós núcleos de

Ourense, Seixalbo, Moreiras, Toén, Esgos, A Merca, Conchada, Ceboliño e Baldomar.

- C. Os núcleos estudados na segunda saída de campo foron: Ourense, Seixalbo, Moreiras e Conchada.

A análise da Comarca Paisaxística do Ribeiro realizouse en función as tres escalas de aproximación:

- A. Escala de traballo comarcal co fin de comprender a realidade territorial motivo de análise. A comarca do Ribeiro presenta no seu conxunto tres grandes caracterizacións paisaxísticas: **vales baixos e aberto**, tendo o val do río Miño como articulador e diversos afluentes (Avia, Arnoia, Barbantiño, entre outros), acollendo núcleos de poboación e viñedos; **chairas e vales interiores**, irregulares en canto a orografía e de altitude intermedia nas que se asentaban núcleos e actividades agropecuarias e forestais; **serras**, sistemas montañosos de certa entidade no sector occidental e pequenos outeiros e cordais no resto do reborde da comarca.

B. A primeira saída de campo implicou a visita dos núcleos de Ribadavia, Beade, San Clodio (Leiro), Pazos de Arenteiro (Boborás), Casar do Mato (Ourense), Ourantes (Punxín), Paredes (Leiro), Rubiás (Punxín), Esposende (Cenlle), As Regadas (Beade), Francelos (Ribadavia), San Cristovo (Ribadavia), Riobó (Cenlle), Cuñas (Cenlle), Leiro, San Amaro, Melón, Fachadas N-120, Punxín, San Amaro (Arnoia), Carballeda de Avia, Berán (Leiro), Codesás (Melón) e Quins (Melón).

- C. Os núcleos estudados na segunda saída de campo foron: Ribadavia, Beade, San Clodio (Leiro) e Pazos de Arenteiro (Boborás).

3.5.2.1. Procedemento de toma e análise dos datos

Para a toma e análise dos datos seguiu-se a mesma metodoloxía descrita nos apartados do 3.4.2.1. a 3.4.2.5., para Chairas, Fosas e Serras Ourense.

3.5.3. Diagnóstico de materiais e cores

Comarca de Valdeorras - ámbito urbano (A Rúa)

Cores

O estudo revela unha variedade de cores en posición de dominante e de mediador pertencentes á pedra e diferentes tipos de morteiros de revestimento. Hai unha importante presenza do vermello medio escuro desaturado ou parcialmente desaturado na posición de mediador ou tónico, presente usualmente nas carpintarías e formando "normalmente" combinacións análogas. Hai unha menor variedade de cores na posición tónica, ocupando pequenas superficies da composición, xeralmente nas carpintarías, vermellos medios xerando combinacións análogas, azuis claros ou medios, augamariñas e verdes medios xerando diversas combinacións debido á variedade de cores do dominante e do mediador.

Materiais

Os materiais predominantes nas fachadas analizadas na Rúa de Valdeorras son a pedra de xisto vista, os panos revestidos e os panos vidrados con galerías ou miradoiros. Existen balcóns voados, de madeira ou formigón, segundo a época das edificacións. Os edificios que están rematados mediante cornixas, son de formigón, por tratarse de edificacións máis recentes. A maioría das mostras, como remate superior, posúen aleiro de madeira pintada. As carpinterías das mostras tomadas son de madeira pintada, existindo en moitos casos unha diferenciación cromática entre as carpinterías da planta baixa e das plantas superiores. As ferraxes das carpinterías tradicionais están ocultas, por ter apertura cara o interior do inmovible. A pauta xeral nas defensas dos balcóns é a utilización de ferro lacado, madeira pintada ou formigón pintado. O material utilizado maioritariamente para a cubrición das cubertas é a lousa do país vista que, en moitos casos se mantén en pezas

irregulares. Nos elementos de evacuación de augas pluviais das mostras analizadas predomina o PVC pintado ou o aluminio lacado. En moitos casos existe unha mímese nas cores destes elementos cos materiais de cubrición ou de fachada.

Comarca de Valdeorras - ámbito rural (Montefurado, Correxais, Roblido)

Cores

O estudo amosa un predominio do amarelo alaranxado desaturado ou parcialmente desaturado ou vermello alaranxado claro ou medio da pedra e brancos ou grises claros ou medios dos morteiros ou lousas en posición de dominante ou mediador. Hai unha gran variedade de cores na posición tónica cando existe e polo tanto ocupando pequenas superficies da composición pero moi rechamantes, xeralmente nas carpintarías, vermellos medios xerando combinacións análogas coa pedra, azuis claros ou medios, augamariñas xerando combinacións complementarias coa pedra e de complementarios divididos se aparece outra cor, e verdes claros, medios ou escuros, xerando combinacións tendentes a complementarias e menos a análogas, dependendo da natureza cara ao azul ou ao amarelo do verde.

Materiais

No núcleo rural de Montefurado predomina o uso da pedra de xisto vista e os panos revestidos ou encalados. A maioría dos balcóns existentes son de madeira pintada. Todas as mostras analizadas, como remate superior, posúen aleiro de madeira pintada con lousa voada. Os recercados das edificacións analizadas, tanto en planta baixa como nas plantas superiores, son de madeira pintada, a modo de reforzo dos ocos nos puntos onde se debilita a fábrica

de xisto. As carpinterías das mostrás tomadas son de madeira pintada, existindo en moitos casos unha diferenciación cromática entre as carpinterías da planta baixa e das plantas superiores. As ferraxes das carpinterías tradicionais están ocultas, por ter apertura cara o interior do inmovible. As defensas dos balcóns existentes son maioritariamente de madeira pintada. O material utilizado maioritariamente para a cubrición das cubertas é a lousa do país vista. Nos elementos de evacuación de augas pluviais das mostrás analizadas predomina o aluminio lacado e o PVC, o que fai pensar que as edificacións orixinais carecían destes elementos, deixando caer libremente as augas cara o viario público ou ao interior da parcela.

No núcleo rural de Correxais predomina o uso da pedra de xisto vista e os panos revestidos ou encalados. Os balcóns existentes son de madeira pintada. Todas as mostrás analizadas, como remate superior, posúen aleiro de madeira pintada ou simplemente unha lousa voada. Os recercados das edificacións analizadas, tanto en planta baixa como nas plantas superiores, son de madeira pintada, a modo de reforzo dos ocos, nos puntos onde se debilita a fábrica de xisto. As carpinterías das mostrás tomadas, son de madeira pintada, existindo en moitos casos unha diferenciación cromática entre as carpinterías da planta baixa e das plantas superiores. As ferraxes das carpinterías tradicionais están ocultas, por ter apertura cara o interior do inmovible. As defensas dos balcóns existentes son maioritariamente de madeira pintada, existindo exemplos de madeira con cal. O material utilizado maioritariamente para a cubrición das cubertas é a lousa do país vista. As mostrás analizadas carecen de elementos para evacuación de augas pluviais, deixando caer libremente as augas cara o exterior do inmovible.

No núcleo rural de Roblido predomina o uso da pedra de xisto vista e os panos revestidos ou encalados. Os balcóns existentes son de madeira pintada. Todas as mostrás analizadas, como remate superior, posúen aleiro de madeira pintada ou simplemente unha lousa voada. Os recercados das edificacións analizadas, tanto en planta baixa como nas plantas superiores, son de madeira pintada, a modo de reforzo dos ocos nos puntos onde se debilita a fábrica de xisto. As carpinterías das mostrás tomadas son de madeira pintada, existindo en moitos casos unha diferenciación cromática entre as carpinterías da planta baixa e das plantas superiores. As ferraxes das carpinterías tradicionais están ocultas, por ter apertura cara o interior do inmovible. As defensas dos balcóns existentes son maioritariamente de madeira pintada, existindo de ferro pintado. O material utilizado maioritariamente para a cubrición das cubertas é a lousa do país vista. Nos elementos de evacuación de augas pluviais das mostrás analizadas predomina o aluminio lacado e o PVC, o que fai pensar que as edificacións orixinais carecían destes elementos, deixando caer libremente as augas cara o viario público ou ao interior da parcela.

Comarca da Ribeira Sacra Silense - ámbito urbano (Castro Caldelas)

Cores

O estudo amosa un predominio do branco ou gris claro ás veces con matices verdes, gris medio ou escuro, amarelo alaranxado

claro ou escuro desaturado ou parcialmente desaturado, vermello alaranxado claro ou escuro en posición de dominante ou de mediador. Hai unha pequena variedade de cores na posición tónica e polo tanto ocupando pequenas superficies da composición e pouco rechamantes, desaturadas ou parcialmente desaturadas, xeralmente nas carpinterías, vermellos medios, azul claro ou medio, verde claro ou escuro, amarelo alaranxado, todos desaturados ou parcialmente desaturados. Atópase unha unidade cromática, no seu trazado histórico, nas súas diversas morfotipoloxías da edificación tradicional. Para unha maior aproximación ó caso, recoméndase a utilización dun plan específico da cor do conxunto, que analice as posibles escenas e combinacións no núcleo urbano.

Materiais

Os materiais predominantes nas mostrás analizadas en Castro Caldelas son a pedra granítica vista e abuxardada, os panos revestidos con encalado branco e os panos vidrados con galerías de madeira en cor branca. Existen algúns balcóns voados de pedra, aínda que non se trata dun elemento característico da tipoloxía do núcleo. Os edificios que están rematados mediante cornixas son de pedra de cantería. A maioría das mostrás, como remate superior, posúen aleiro de madeira pintada. As carpinterías das mostrás tomadas son de madeira pintada, existindo en moitos casos unha diferenciación cromática entre as carpinterías da planta baixa e das plantas superiores. As ferraxes das carpinterías tradicionais, ou están ocultas, por ter apertura cara o interior do inmovible, ou son de ferro lacado na mesma cor que a carpintería. A pauta xeral nas defensas dos balcóns é a utilización de ferro lacado. O material utilizado maioritariamente para a cubrición das cubertas é a tella cerámica, aínda que segundo a zona, existen exemplos con cobertura de lousa. Nos elementos de evacuación de augas pluviais das mostrás analizadas predomina o cobre con acabado natural. Existen moitos exemplos con canlóns e baixantes en PVC, deducindo que se trata de reminiscencias de edificacións tradicionais que carecían destes elementos orixinalmente.

Comarca da Ribeira Sacra Silense - ámbito rural (Vilar de Mouros, Cristosende)

Cores

O estudo revela un predominio do amarelo alaranxado claro ou medio desaturado ou parcialmente desaturado ou laranxa vermello claro ou medio da pedra en posición de dominante combinado na posición de mediador cando existe, co branco ou grises de morteiros, laranxa vermello claro ou medio presente na cuberta coa tella e vermello medio escuro desaturado ou parcialmente desaturado de carpinterías xeralmente. Hai unha gran variedade de cores na posición tónica e polo tanto ocupando pequenas superficies da composición pero moi rechamantes, xeralmente nas carpinterías, vermellos medios xerando combinacións análogas coa pedra, púrpura, azuis claros ou medios, augamariñas xerando combinacións complementarias coa pedra e de complementarios divididos se aparece outra cor, e verdes medios ou escuros, xerando combinacións complementarias ou análogas dependendo da natureza cara ao azul ou ao amarelo do verde.

No núcleo rural de Vilar de Mouros predomina o uso da mampostería de xisto do país vista, combinada con panos encalados ou revestidos e pintados. Trátase de tipoloxías moi sinxelas que carecen de elementos ornamentais. Todas as mostras analizadas, como remate superior, posúen aleiro de madeira pintada. As carpinterías das mostras tomadas son de madeira pintada, existindo en moitos casos unha diferenciación cromática entre as carpinterías da planta baixa e das plantas superiores. As ferraxes das carpinterías tradicionais, ou están ocultas, por ter apertura cara o interior do inmovible, ou son de ferro lacado na mesma cor que a carpintería. As defensas dos balcóns existentes son maioritariamente de madeira, existindo algunha en ferro. O material utilizado maioritariamente para a cubrición das cubertas é a lousa irregular, aínda que existe algún exemplo en tella cerámica curva. Nos elementos de evacuación de augas pluviais das mostras analizadas predomina o PVC, o que fai pensar que as edificacións orixinais carecían destes elementos, deixando caer libremente as augas cara o exterior da edificación.

No núcleo de Cristosende predomina o uso da pedra granítica do país vista e encintada, combinada con panos encalados ou revestidos e pintados. Todas as mostras analizadas, como remate superior, posúen aleiro de madeira pintada. En moitos casos o aleiro está rematado con lousa irregular. As carpinterías das mostras tomadas son de madeira pintada, existindo en moitos casos unha diferenciación cromática entre as carpinterías da planta baixa e das plantas superiores. As ferraxes das carpinterías tradicionais, ou están ocultas, por ter apertura cara o interior do inmovible, ou son de ferro lacado na mesma cor que a carpintería. As defensas dos balcóns existentes son maioritariamente de madeira, existindo algunha en ferro. O material utilizado maioritariamente para a cubrición das cubertas é a tella cerámica, aínda que en moitos casos combinada con lousa disposta a modo de aleiro. A maior parte das mostras analizadas carecen de elementos para a evacuación de pluviais, o que fai pensar que as edificacións orixinais carecían destes elementos, deixando caer libremente as augas cara o exterior.

Comarca da Ribeira Sacra Miñota - ámbito rural (Aldosende, Xuventos, Pesqueiras, Belesar)

Cores

O estudo amosa un predominio do amarelo alaranxado claro ou medio desaturado ou parcialmente desaturado e do laranxa vermello claro ou medio da pedra ou tella, xeralmente en posición de dominante combinado na posición de mediador cando existe, co branco ou grises de morteiros ou lousas. Hai unha gran variedade de cores na posición tónica e polo tanto ocupando pequenas superficies da composición pero moi rechamantes, xeralmente nas carpinterías, vermellos medios ou escuros desaturados xerando combinacións análogas coa pedra, azuis claros, medios ou escuros, augamariñas, xerando combinacións complementarias coa pedra e de complementarios divididos se aparece outra cor, e verdes claros, medios ou escuros, xerando combinacións complementarias ou análogas dependendo da natureza cara ao azul ou ao amarelo do verde.

O material predominante nos exemplos analizados no núcleo de Aldosende é a mampostería de pedra de xisto. Existen panos revestidos con encalado en tons brancos e vestixios de antigo encalado. A maioría dos recercados son de madeira, existindo exemplos de lousas de xisto gran tamaño dispostas a modo de xambas e dinteis. Existen poucos exemplos de balcóns voados, resultando unha tipoloxía construtiva moi elemental e sobria. A maioría das mostras, como remate superior, posúen aleiro de madeira pintada. En moitos casos utilízase a modo de aleiro simplemente a lousa voada. As carpinterías das mostras tomadas son de madeira pintada, existindo as veces unha diferenciación cromática entre as carpinterías da planta baixa e das plantas superiores. As ferraxes das carpinterías tradicionais, ou están ocultas, por ter apertura cara o interior do inmovible, ou son de ferro lacado na mesma cor que a carpintería. O material utilizado maioritariamente para a cubrición das cubertas é a lousa. A maior parte das mostras analizadas carecen de elementos para a evacuación de pluviais, o que fai pensar que as edificacións orixinais carecían destes elementos, deixando caer libremente as augas cara o exterior.

No núcleo de Pesqueiras predomina o uso da pedra granítica do país vista e encintada, e con vestixios de antigo encalado. Ademais das edificacións da estrada, analizáronse as adegas que se integran cos viñedos. Utilízase tamén a pedra do país para os balcóns voados. Todas as mostras analizadas, como remate superior, posúen aleiro de madeira pintada. As carpinterías das mostras tomadas son de madeira pintada, existindo en moitos casos unha diferenciación cromática entre as carpinterías da planta baixa e das plantas superiores. As ferraxes das carpinterías tradicionais, ou están ocultas, por ter apertura cara o interior do inmovible, ou son de ferro lacado na mesma cor que a carpintería. As defensas dos balcóns existentes son maioritariamente de ferro. O material utilizado maioritariamente para a cubrición das cubertas é a tella cerámica do país. A maior parte das mostras analizadas carecen de elementos para a evacuación de pluviais, o que fai pensar que as edificacións orixinais carecían destes elementos, deixando caer libremente as augas cara o exterior.

No núcleo rural de Belesar predomina o uso de mampostería granítica do país vista, combinada con panos encalados ou revestidos e pintados. Trátase de tipoloxías moi sinxelas que carecen de elementos ornamentais, destacando os encalados con debuxos de gran calidade. Todas as mostras analizadas, como remate superior, posúen aleiro de madeira pintada. As carpinterías das mostras tomadas son de madeira pintada, existindo en moitos casos unha diferenciación cromática entre as carpinterías da planta baixa e das plantas superiores. As ferraxes das carpinterías tradicionais, ou están ocultas, por ter apertura cara o interior do inmovible, ou son de ferro lacado na mesma cor que a carpintería. O material utilizado maioritariamente para a cubrición das cubertas é tella cerámica do país. A maior parte das mostras analizadas carecen de elementos para a evacuación de pluviais, o que fai pensar que a tipoloxía orixinal carecía destes elementos, deixando caer libremente as augas cara o exterior.

Comarca da Fosa de Ourense - ámbito urbano (Ourense)

Cores

O estudo mostra un predominio do amarelo alaranxado claro ou medio desaturado ou parcialmente desaturado da pedra en posición de dominante combinado na posición de mediador cando existe, co branco ou grises de morteiros, laranxa vermello claro ou medio presente na cuberta coa tella e vermello medio escuro desaturado ou parcialmente desaturado de carpintarías xeralmente. Hai unha gran variedade de cores na posición tónica e polo tanto ocupando pequenas superficies da composición pero moi rechamantes, xeralmente nas carpintarías, vermellos medios xerando combinacións análogas coa pedra, azuis medios ou escuros, augamariñas xerando combinacións complementarias coa pedra e de complementarios divididos se aparece outra cor, e verdes claros ou escuros, xerando combinacións complementarias ou análogas dependendo da natureza cara ao azul ou ao amarelo do verde.

Materiais

Os materiais predominantes nas fachadas analizadas no casco histórico de Ourense son a pedra granítica vista, os panos revestidos e os panos vidrados con galerías ou miradoiros. Analizáronse tamén, como unha dobre fachada, os soportais. Existen balcóns voados, de pedra labrada na súa maioría, e algún balcón de madeira. Os edificios que están rematados mediante cornixas son de pedra de cantería labrada. Existen mostras que, como remate superior, posúen aleiro de madeira pintada. As carpinterías das mostras tomadas son de madeira pintada, existindo en moitos casos unha diferenciación cromática entre as carpinterías da planta baixa e das plantas superiores. As ferraxes das carpinterías tradicionais, ou están ocultas, por ter apertura cara o interior do inmovible, ou son de ferro lacado na mesma cor que a carpintería. Predominan as defensas dos balcóns, de ferro lacado, tanto de forxa ornamental como de barrotes verticais sinxelos. O material utilizado maioritariamente para a cubrición das cubertas é a tella cerámica. Nos elementos de evacuación de augas pluviais das mostras analizadas predomina o cobre con acabado natural.

Comarca Fosa de Ourense - ámbito rural (Conchada, Moreiras, Seixalbo)

Cores

O estudo amosa un predominio do amarelo alaranxado claro ou medio desaturado ou parcialmente desaturado da pedra en posición de dominante combinado na posición de mediador cando existe, en menor medida co branco ou grises de morteiros, laranxa vermello claro ou medio presente na cuberta coa tella e vermello medio escuro desaturado ou parcialmente desaturado de carpintarías xeralmente. Hai unha variedade de cores na posición tónica e polo tanto ocupando pequenas superficies da composición pero moi rechamantes, xeralmente nas carpintarías, azuis claros, medios ou escuros, augamariñas, xerando combinacións complementarias coa pedra e de complementarios divididos se aparece outra cor, e verdes medios ou escuros, xerando combinacións complementarias ou análogas dependendo da natureza cara ao azul ou ao amarelo do verde.

Materiais

No núcleo de Conchada predomina o uso da pedra granítica do país vista abuxardada, combinada con encintados anchos. A maioría das mostras analizadas, como remate superior, posúen aleiro de madeira pintada. As carpinterías das mostras tomadas son de madeira pintada, existindo diferenciación cromática entre as carpinterías da planta baixa e das plantas superiores. As ferraxes das carpinterías tradicionais, están ocultas, por ter apertura cara o interior do inmovible. As defensas dos balcóns existentes son de madeira. O material utilizado maioritariamente para a cubrición das cubertas é a tella cerámica. A maioría das mostras analizadas carecen de elementos para evacuación de augas pluviais, deixando caer libremente as augas cara o exterior da edificación. Existe algún elemento en aluminio.

No núcleo de Moreiras predomina o uso da pedra granítica do país vista abuxardada, combinada con panos encalados ou revestidos e pintados. Obsérvanse vestixios de antigo encalado. Existen exemplos con galerías, tanto de ferro como de madeira. As mostras analizadas, como remate superior, posúen aleiro de madeira pintada, aínda que existen mostras con cornixa de pedra. As carpinterías das mostras tomadas son de madeira pintada, existindo en moitos casos unha diferenciación cromática entre as carpinterías da planta baixa e das plantas superiores. As ferraxes das carpinterías tradicionais, ou están ocultas, por ter apertura cara o interior do inmovible, ou son de ferro lacado na mesma cor que a carpintería. As defensas dos balcóns existentes son maioritariamente de ferro, existindo algunha en madeira ou en combinando ambos. O material utilizado maioritariamente para a cubrición das cubertas é a tella cerámica. A maioría das mostras analizadas carecen de elementos para evacuación de augas pluviais, deixando caer libremente as augas cara o exterior da edificación. Existe algún elemento en zinc, cobre ou PVC.

No núcleo de Seixalbo predomina o uso da pedra granítica do país vista abuxardada, combinada con panos encalados ou revestidos e pintados. Obsérvanse vestixios de antigo encalado. Todas as mostras analizadas, como remate superior, posúen aleiro de madeira pintada. As carpinterías das mostras tomadas son de madeira pintada, existindo en moitos casos unha diferenciación cromática entre as carpinterías da planta baixa e das plantas superiores. As ferraxes das carpinterías tradicionais, na súa maioría, están ocultas, por ter apertura cara o interior do inmovible. As defensas dos balcóns existentes son de ferro ou madeira. O material utilizado maioritariamente para a cubrición das cubertas é a tella cerámica. Nos elementos de evacuación de augas pluviais das mostras analizadas predomina o uso de cobre e cinc.

Comarca O Ribeiro - ámbito urbano (Ribadavia)

Cores

Do estudo dedúcese un predominio do amarelo alaranxado claro ou medio desaturado ou parcialmente desaturado da pedra cos brancos e grises claros nos morteiros e carpintarías, frecuentemente galerías, das fachadas. Hai unha importante presenza en número, dos verdes medios, presentes usualmente nas carpintarías e pola súa extensión e composición, ocupando

posicións tónicas. As combinacións desta cor dan lugar a unha gran diversidade de composicións, predominando a tendencia a análogos debido a inclinación no círculo cromático dos verdes cara o amarelo. Hai unha presenza de vermellos escuros desaturados, xeralmente en posición tónica, nas carpintarías de portas ou ventás, frecuentemente en planta baixa, dando composicións análogas coa combinación coas cores da pedra e brancos dos morteiros ou de tendencia triádica xuntando na combinación os verdes. Hai unha menor presenza, xeralmente nas carpintarías, de vermellos e azuis medios, con composicións coa pedra e o morteiro, respectivamente de análogos ou complementarios. Puntualmente, hai grises escuros nas varandas e aparece un vermello escuro como morteiro de fachada en posición dominante. Hai unha importancia na percepción polo viandante das cores das cubertas, vermellos claros da tella, pola topografía ou a amplitude do espazo urbano.

Materiais

Nas edificacións analizadas no casco histórico de Ribadavia predomina a pedra, nalgúns vista e noutras con algún tipo de revestimento. Consideráronse as galerías como parte do fondo das fachadas, por ocupar panos completos nunha porcentaxe representativa das fachadas, e os soportais como unha segunda pel da edificación. Os zócolos son de pedra. Existen balcóns de pedra, madeira e formigón. Os balcóns de pedra nunca están revestidos, mentres que os de madeira e de formigón están pintados nas cores das carpinterías. A maioría dos aleiros atopados son de madeira pintada nas mesmas cores que as carpinterías. Mantéñense exemplos de cornixas de pedra de cantería, nunca revestida. Nas fachadas de pedra vista, de forma xeral, as carpinterías están recuadas cara ao interior, carecendo de recercados. Nos casos de plantas superiores revestidas, xeneralízase o uso de recercados de madeira pintados. En moitos dos casos utilízanse diferentes cores de carpintería nas plantas baixas. Nas carpinterías en fachadas de pedra con apertura cara o interior do inmovible, as ferraxes soen estar ocultas. Nas fachadas revestidas, o plano das carpinterías coincide co plano exterior, estando as ferraxes pintadas na mesma cor que a carpintería. As defensas dos balcóns están compostas por barrotes verticais de ferro pintado. Todas as cubertas están rematadas en tella cerámica. Os canlóns e as baixantes son de cobre.

Comarca O Ribeiro - ámbito rural (San Clodio, Pazos de Arenteiro, Beade)

Coreas

O estudo amosa un predomínio do amarelo alaranxado claro ou medio desaturado ou parcialmente desaturado da pedra combinado cos brancos ou grises claros nos morteiros ou carpintarías, ocupando a meirande parte da superficie de posicións de dominante e de mediación. Hai unha importante presenza do laranxa tendente a vermello claro ou medio ou laranxa vermello medio ou escuro desaturado ou parcialmente desaturado, presentes usualmente nas cubertas de tella visibles e carpintarías os primeiros, e carpintarías xeralmente de planta baixa os segundos. Tamén hai unha presenza de vermellos medios parcialmente desaturados ou medios, presentes tamén nas carpintarías ou ás veces nas

varandas. Hai unha pequena presenza de amarelos alaranxados claros parcialmente desaturados nas carpintarías. Dependendo da súa extensión e composición, estas cores ocupan posicións de mediación ou tónica e as súas combinacións dan lugar a unha maioría de composicións análogas. Os azuis varían dende os claros ou medios desaturados ou parcialmente desaturados ata os medios ou escuros desaturados e están presentes usualmente nas carpintarías ocupando unha posición de mediación ou xeralmente tónica formando combinacións complementarias ou complementarias divididas. Hai unha pequena presenza de grises medios ou escuros con matices azuis. Os verdes tamén varían dende os claros, medios ou escuros e están xeralmente parcialmente desaturados ou desaturados, e ás veces tenden cara ao amarelo. Presentes nas carpintarías, ocupan xeralmente unha posición tónica e forman combinacións diversas dependendo da súa tendencia e composicións coas outras cores, cara análogos, complementarios ou complementarios divididos.

Materiais

No núcleo rural de San Clodio predomina o uso da pedra granítica do país vista e abuxardada, tanto como material de fondo de fachada como para os balcóns. As mostras analizadas, como remate superior, posúen na súa maioría aleiro de madeira pintada, aínda que existen exemplos con cornixa de pedra. As carpinterías das mostras tomadas son de madeira pintada, existindo en moitos casos una diferenciación cromática entre as carpinterías da planta baixa e das plantas superiores. As ferraxes das carpinterías tradicionais, están ocultas na maioría dos casos, por ter apertura cara o interior do inmovible. As defensas dos balcóns existentes son maioritariamente de ferro. O material utilizado maioritariamente para a cubrición das cubertas é a tella cerámica. Nos elementos de evacuación de augas pluviais das mostras analizadas predomina o zinc.

No núcleo Pazos de Arenteiro predomina o uso da pedra granítica do país vista e abuxardada, tanto como material de fondo de fachada como para os balcóns. As mostras analizadas, como remate superior, posúen tanto cornixas de pedra como aleiros de madeira pintada. As carpinterías das mostras tomadas son de madeira pintada, existindo en moitos casos unha diferenciación cromática entre as carpinterías da planta baixa e das plantas superiores. As ferraxes das carpinterías tradicionais, ou están ocultas, por ter apertura cara o interior do inmovible, ou son de ferro lacado na mesma cor que a carpintería. As defensas dos balcóns existentes son maioritariamente de ferro, existindo algunha en madeira. O material utilizado maioritariamente para a cubrición das cubertas é a tella cerámica. Nos elementos de evacuación de augas pluviais das mostras analizadas predomina o cobre. Existen exemplos que carecen destes elementos, deixando caer libremente as augas cara o exterior da edificación.

No núcleo rural de Beade predomina o uso da pedra granítica do país vista e abuxardada, tanto como material de fondo de fachada como para os balcóns. Existen edificacións con panos revestidos e vestixios de antigo encalado. As mostras analizadas, como remate superior, posúen aleiro de madeira pintada ou cornixas de cantería. As carpinterías das mostras tomadas son de madeira pintada, existindo en moitos casos unha diferenciación cromática

entre as carpinterías da planta baixa e das plantas superiores. As ferraxes das carpinterías tradicionais, ou están ocultas, por ter apertura cara o interior do inmoible, ou son de ferro lacado na mesma cor que a carpintería. As defensas dos balcóns existentes son de madeira ou de ferro. O material utilizado maioritariamente para a cubrición das cubertas é a tella cerámica. A maioría das mostras analizadas carecen de elementos para evacuación de augas pluviais, deixando caer libremente as augas cara o exterior da edificación. Existe algún elemento en zinc ou aluminio lacado.

Conclusiones

En liñas xerais nestas comarcas existe un predominio da pedra granítica silvestre e do xisto nas súas diferentes variedades e

tonalidades, correspondentes a zonas xeográficas diferenciadas, e aparecendo lugares de transición nos que se mesturan estes materiais. Xeralmente, como mediación de cores e materiais nas edificacións, aparecen morteiros de diferentes tonalidades, habitualmente brancos e de cal. Como punto de énfase nas imaxes estudadas das edificacións, existe unha ampla gama de cores de todo o círculo cromático, dando como resultado normalmente composicións análogas ou complementarias, dependendo das cores utilizadas, xeralmente nas carpintarías.

3.6. COSTA SUR-BAIXO MIÑO

3.6.1. Descrición xeral

A GAP Costa Sur-Baixo Miño abrangue tres comarcas con tipos de paisaxe moi diferenciados. O nexa de unión de todas elas é a relación coa bacía do río Miño. A comarca Costa Sur-Baixo Miño Litoral vén determinada pola liña costeira, rectilínea e moi exposta agás no estuario do río Miño e A Guarda. Baixo Miño Interior caracterízase pola presenza de pequenas elevacións e serras que a separan da comarca de Vigo, con cursos fluviais que transcorren de norte a sur na procura do río Miño. O Condado-A Paradanta conta con dous sectores diferenciados, no oeste dominan os valores produtivos e residenciais nunha contorna de vales amplos e no leste, as serras determinan as actividades nas que destacan os usos gandeiros e forestais.

Á función artelladora do río Miño debe engadirse a súa condición de espazo protexido, singularmente no seu esteiro. Destacan os bosques de ribeira e a zona húmida de Salcidos, onde se mesturan marismas, illas e a desembocadura do afluente Tamuxe creando un espazo ideal para as aves acuáticas e a vida anfibia. Tamén se atopa nesta área O Parque Natural Monte Aloia, un verxel vexetal construído que tivo capacidade de naturalización. Outros espazos naturais relevantes son o río Tea e tributarios, as Gándaras de Budiño e o río Louro.

O río Miño e as súas ribeiras, xunto co Monte Aloia, son dous espazos que, unidos ás terras características do val maduro, ó val de viñedos e ás aldeas, conforman paisaxes singulares. Nesta zona, aprobeitase o sol do sur e os depósitos detríticos para cultivar a vide, historicamente adaptándose á forma da propiedade, e actualmente en explotacións intensivas, o que supón unha importante modificación da paisaxe, coa explanación de terras para obter as pendentes máis favorables para a explotación e a incorporación non só das antigas terras dos pazos, senon engadindo zonas forestais á produción agrícola. Esta nova paisaxe de vides esténdese de Arbo ata O Rosal, abarcando as subzonas do albariño Condado e Rosal.

Así mesmo, destaca a disposición rectilínea do litoral de Oia, O

Rosal e A Guarda, cunha amplitude de vistas cara ao mar aberto. A presenza de montes litorais que alcanzan os 500 m ofrece numerosos miradoiros naturais.

A dobre condición de fronteira do Baixo Miño forxou unha paisaxe arquitectónica de fortalezas e castelos que dominan parcialmente as augas e a zona de influencia do río Miño. Esta paisaxe pode percibirse en conxunto desde o Castro de Santa Trega (342 m) e o Monte Aloia (629 m). Desde a perspectiva etnográfica, destacan o conxunto de muiños do Picón e do Folón e as tradicionais pesqueiras do río Miño.

Existen importantes zonas de produción agraria nas veigas do Miño, en concreto, O Rosal, Tomiño e Tui. Teñen pulo industrial O Porriño, Mos, e mesmo Ponteareas, coa presenza de polígonos industriais en moitos casos vinculados a Vigo. As canteiras de granito do Porriño son un importante activo económico. Avanzando cara ó interior a industria forestal e a gandería van gañando protagonismo, mesmo existindo gandería extensiva nas serras do Covelo e A Cañiza.

Este territorio acolle a localidade de Tui, clasificada como cabeceira do Sistema Urbano Intermedio, A Guarda como subcabeceira e A Cañiza como Nodo para o Equilibrio do Territorio. Cabe mencionar a influencia nestas terras das relacións funcionais intermunicipais que se producen pola proximidade ao norte da rexión urbana de Vigo-Pontevedra e polo sur das poboacións limítrofes de Portugal. Esta GAP corresponde a unha área habitada desde antigo, onde son innumerables os xacementos arqueolóxicos que testemuñan ese pasar de poboadores. Tamén é importante a influencia que ten dentro do sistema viario histórico, primeiro o paso dunha vía romana, logo ser soporte do camiño Portugués de Santiago e finalmente corredor ou cruce de camiños entre o eixo norte sur da Galicia atlántica e a entrada desde a meseta cara a Vigo.

Existen tres datos externos que inflúen na dinámica dos asentamentos, e polo tanto nas arquitecturas que se implantan no territorio:

- Zona fronteiriza con Portugal, coas súas influencias arquitectónicas
- Área metropolitana de Vigo
- Eixo Atlántico, territorio supraestatal recoñecido pola Comunidade Europea

A día de hoxe esta área, herdeira deses asentamentos que veñen do pasado, vive influída pola posición relativa que garda respecto da cidade de Vigo. Esta influencia ten repercusión nos asentamentos e no edificado. A industrialización leva asociada a perda de ligazón ao sistema de produción agrogandeiro, pasando dun sistema de economía de subsistencia, e finalmente de rural, a un de cidade dormitorio.

O foco económico e industrial de Vigo leva aparelados procesos migratorios do campo á cidade, que se traducen no despoboamento das zonas máis afastadas do núcleo produtor. Isto implica que a área presente dúas zonas ben diferenciadas: as comarcas baixas por unha banda, e as zonas altas, que se corresponden coa parte máis oriental da comarca do Condado-Paradanta.

Polo tanto, convén definir ata onde alcanza a cidade dormitorio de Vigo, ou o que é o mesmo, cal é a extensión real da Área Metropolitana de Vigo. O desenvolvemento, como e canto medran os núcleos, xa nos indica como se produce esa influencia. O límite fíxase na estrema oriental do concello de Ponteareas e no concello das Neves.

Esta influencia da industria traspasa o polo inicial para incrustarse na propia área, aparecendo o gran polígono industrial do sur de Galicia, no Porriño. Esta colonización do territorio polos sistemas produtivos e extractivos faise evidente na programación doutra plataforma loxística aínda de maior envergadura, a PLISAN.

O factor migratorio veuse corrixido, minimizado polo tanto o efecto do despoboamento, pola existencia de núcleos interiores como Ponteareas, Porriño ou A Guarda, que manteñen ás poboacións. Son núcleos que parten de asentamentos históricos, e que debido a un certo grao de independencia de actividade económica (Ponteareas: feira local agrogandería; A Guarda: vila mariñeira; Tui: comercio fronteirizo; Cortegada, Caldelas de Tui e Mondariz: termalismo), permiten o desenvolvemento da poboación ao seu redor, creándose esa rede de núcleos continuos tan característica. Na actualidade esa confluencia de camiños acada outro estadio cando a área queda integrada plenamente no que se coñece como eurrrexión Atlántica. Se ben este factor, máis que introducir novos cambios, vén a potenciar o que se iniciou cos anteriores.

A día de hoxe pódense observar na área desde asentamentos de dispersión, na zona da costa, pasando por asentamentos en fondo de val, que orixinalmente foron varios núcleos moi próximos e hoxe forman conxunto, ata outros asentamentos con crecemento en enxame, estes sobre todo na zona de maior influencia do polo dinamizador (Vigo), para rematar nas zonas altas en conxuntos polinucleares máis compactos, chegando incluso nas zonas máis altas a aldeas de tipo nuclear de dimensións reducidas e casal compacto.

3.6.2. Toma de datos

Recolléronse os datos das edificacións de xeito que se garantise a representatividade por tipoloxías (idades das construcións) e usos (todo tipo de edificacións). As conclusións xerais extraídas da variedade de datos obtida, incluso nos núcleos de menor densidade ou máis afastados dos núcleos de cabeceira, descríbense nos seguintes puntos:

1. Consérvanse poucas mostras de arquitectura popular inalteradas.
2. Os elementos construtivos con maior necesidade de mantemento adoitan ser os substituídos por outros de máis recente factura.
3. As arquitecturas contemporáneas representan unha ampla porcentaxe sobre as tradicionais, en grao proporcional á proximidade aos núcleos urbanos de maior tamaño.
4. Nas arquitecturas contemporáneas e nas modificacións ou ampliacións das arquitecturas tradicionais, condicionadas polos novos sistemas construtivos, é onde se concentra o uso da cor.
5. A proporción (tamaño) das novas edificacións representa unha variación importante para a percepción do uso da cor e a súa integración.

6. As novas intervencións, con aplicación das normativas, non acada a integración pretendida na paisaxe, nin na natural nin na dos núcleos.

Nesta área atópanse todas as categorías descritas na metodoloxía, sendo a máis xeral a arquitectura tradicional terrea nos núcleos rurais, que convive con construcións tradicionais vilegas ou casa de dous andares nos núcleos de maior desenvolvemento económico, e de xeito puntual a arquitectura mariñeira no núcleo de A Guarda. Polo xeral os núcleos urbanos adoitan presentar nas súas zonas máis orixinais edificacións vilegas ou arquitecturas eclécticas froito do maior desenvolvemento económico destes asentamentos, que van sendo coroados polos crecementos posteriores, ben nas contornas das vías de saída, ben nos recentes crecementos en polígonos. Moitas destas arquitecturas tradicionais teñen sido modificadas en canto ó uso de materiais, ampliacións ou variacións de volumes.

As arquitecturas contemporáneas, que representan unha gran porcentaxe dentro de calquera núcleo da área, segundo os patróns antes definidos, responden no rural a arquitecturas illadas e nos núcleos urbanos a edificacións de gran volume, tanto en crecementos en mazá pechada coma en edificacións exentas. Cabe sinalar a aparición de arquitecturas particulares ligadas á vía de comunicación ferroviaria e a procesos industriais de transformación da madeira e cerámicas.

3.6.3. Diagnóstico de materiais e cores

De xeito moi sintético pódese dicir que a GAP Costa Sur-Baixo Miño está conformada, no que a edificación se refire, por un predominio histórico no uso da pedra. Nas edificacións máis modestas a pedra preséntase en forma de cachotería sen tomar, con pedras de aproveitamento local e con maior predominio das tonalidades grises, mentres que, nas edificacións de maior factura, a pedra aparece colocada en cantería a óso, sendo dun tipo de granito con predominio da tonalidade amarela.

As arquitecturas populares que se revestían tiñan os seus paramentos brancos, sendo tamén común na casa terrea o encalado directo sobre a pedra, tanto en fondos como zócolos ou bordos dos ocos. O material orixinal das cubertas é a tella cerámica curva ou "árabe", que foi deixando paso á cerámica plana. As carpintarías empregadas ata a introdución da industria do aluminio, na década dos 70, foron de madeira pintadas. Aparecen hoxe en día con gran variedade de tons, predominando os verdes e marróns nas comarcas máis baixas e cunha lixeira tendencia cara os tons azuis e grises canto máis ao interior.

A madeira tamén se emprega en corredores e defensas, con maior presenza cara ás comarcas máis interiores e o seu acabado é pintado, predominando as tonalidades marróns e vermellas. Isto sucede tamén nas arquitecturas etnográficas, como son os canastros, alpendres e similares. As cerrallarías adoitan estar pintadas, sendo a súa gama máis limitada, comunmente brancos, negros e grises.

As arquitecturas contemporáneas, que representan unha porcentaxe altísima nesta área, son as que presentan maioritariamente os fondos pintados. As tonalidades son moi variadas e non establecen un patrón, varían con maior frecuencia debido ao mantemento, e pódese dicir que responden a dinámicas distintas ás tradicionais (dispoñibilidade, modas, tamaño dos fondos, ...).

Debido á influencia portuguesa atópanse, ademais de distintas formalizacións dos elementos arquitectónicos, materiais coma os revestimentos cerámicos en fondos e tamén cornixas de madeira no remate das cubertas.

Os materiais empregados na actualidade son os enfusados con acabado pintado e a pedra, que se presenta de moi diversos tipos, acabados e xeitos de colocación.

A continuación descríbese a edificación tradicional da área para as diferentes morfotipoloxías adoptadas nesta guía.

R01 SINXELEZA (rural)

A arquitectura desta morfotipoloxía que se atopa na área vai desde as edificacións auxiliares, pendellos e galpóns, ata a vivenda labrega, segundo a descrición que fai Pedro de Llano, pasando pola casa terrea. Atópanse máis exemplos, e máis inalterados, ó afastarse dos núcleos de cabeceira de comarca e tamén ó alonxarse da costa cara ó interior da área.

O material predominante é a pedra, que, dada a súa calidade, se presenta sen revestir, incluso cando se emprega a cachotería. A

cantería aparece na casa labrega de dous andares.

Os acabados de cor que se poden apreciar nestas arquitecturas son, sobre todo, os caleados directos sobre o material soporte, a pedra. É frecuente atopar este acabado localizado en determinadas partes da vivenda, coma os corredores ou paramentos retrasados de fachada. A cor deste acabado é a branca. As pedras que se empregan nesta arquitectura preveñen do aproveitamento local, polo que predominan as tonalidades grises. Os corredores de madeira adoitan estar pintados en tons vermello aparecendo tamén o branco.

U01 SINXELEZA (urbano)

Nos núcleos urbanos existen exemplos de arquitecturas sinxelas, sendo sobre todo dous os acabados que dominan o espectro. Trátase de vivendas terreas ou de vivendas de dous andares entre medianeiras. Nas primeiras o acabado adoita ser a propia pedra pintada en cor branca e cun zócolo nunha cor saturada. As segundas presentan os seus paramentos de acabado pedra. Aparecen casos concretos que cabe sinalar, como no núcleo do Porriño, onde se poden observar varias casas terreas.

U01 SINXELEZA (variante mariñeira)

Esta área, aínda que costeira, conta con poucos exemplos de núcleos asentados cara ó mar, no que a sistema socioeconómico se refire e, polo tanto, con posibilidade de que apareza arquitectura mariñeira.

Como núcleo con arquitectura mariñeira identificouse A Guarda, onde os exemplos máis claros se sitúan na rúa límite do núcleo cara ó mar. Este crecemento está caracterizado por vivenda mariñeira entre medianeiras, de un a dous ocos de ritmo de fachada. Os acabados van do caleado ou pintado sobre a pedra de fachada, con ou sen diferenciación cromática do zócolo, ata as fachadas con recibados, incluso finxidos, co uso da cor por elementos compositivos. As cores que presentan na actualidade percorren varias gamas, desde os brancos e ocre ata os verdes, pasando polos tons azulados.

U02/R02 EIXOS

Esta morfotipoloxía está moi estendida por todas as vilas da área, nas que nace esta arquitectura ao abrigo das condicións socioeconómicas das cabeceiras de comarca. Tamén se atopa no rural, ligada a desenvolvementos na contorna de novas vías de comunicación, núcleos ligados ao eixo ferroviario e outros polos de crecemento. Nesta tipoloxía predomina o material pétreo, na maior parte dos casos como acabado. Estes casos conviven cos que presentan os fondos pintados, cando os entrepanos se executan con cachotería e un revestido exterior, e os enmarcados dos ocos e os restantes elementos compositivos executáanse en pedra.

As pedras empregadas para a cantería son de tipo granítico, sendo a máis común a denominada comunmente "país " ou "morena", xa que a súa dureza faina máis apta para ser traballada. Estas pedras teñen procedencias diversas, non son necesariamente da

zona, e as súas tonalidades están nas gamas dos amarelos fronte ás locais máis grises. Nos casos con fondos pintados, os tons que se empregan son basicamente o branco e, de maneira repetida en varios puntos da GAP, os grises azulados.

R03/U03 ORNAMENTO

Ao igual que no caso anterior, atópanse estas morfotipoloxías tanto no rural como no ámbito urbano, ligadas a modelos de desenvolvemento ou a actividades como o termalismo que se asentán coas arquitecturas en contornas rurais. Do mesmo xeito, o material empregado maioritariamente como acabado é a pedra, coas mesmas características que na anterior morfotipoloxía. Dentro do ornamento aparecen paramentos para ser pintados en ampliacións de edificacións ou en exemplos singulares.

A medio camiño entre as dúas categorías anteriores, posto que pola súa composición é arquitectura de eixos pero presenta maior profusión de elementos compositivos ornamentais, atópase a arquitectura de influencia portuguesa. Esta influencia presenta unha dobre vertente, por unha banda, a proximidade de toda a área co país veciño, e por outra, a emigración de moita poboación desta área ó país luso. Ambos os dous factores fan que o intercambio cultural se produza e que florezan moitos e moi bos exemplos desta arquitectura. Os seus principais sinais diferenciais son tanto formais dos elementos como os acabamentos materiais. Do primeiro grupo destacan os ocos rematados en capela ou en

arcos oxivais, as pendentes de cuberta e os remates de aleiros executados con baleirados de tellas árabes ou as bufardas, e do segundo destacan as superficies azulexadas, que ocupan os fondos, así como os remates de cuberta en madeira torneada. A decoración de entrepanos con pezas cerámicas supera os lindes da grande área para aparecer en múltiples exemplos de arquitecturas de cidades como Vigo.

U04 VOLUMETRÍA

No peneirado de campo desta área atopouse esta morfotipoloxía fundamentalmente no núcleo urbano de A Guarda, ligado a un crecemento moi concreto dentro desta poboación. As súas características formais vénse acompañadas de acabado de cor nos seus panos de fachada ao estar executadas con revestidos. Presentan diferentes estados de conservación e graos de mantemento, as súas cores orixinais deberían ser obxecto de estudo particular.

U05 RACIONALISTA

Pese a que esta GAP se atopa moi próxima a Vigo, cidade que conta con gran número de edificios racionalistas, de autor e catalogados, o que pode facer supoñer que esta linguaxe se espallara ó seu redor, no traballo de campo non se teñen atopado exemplos suficientemente claros que se poidan sinalar.

3.7. GALICIA CENTRAL

A posición xeográfica da GAP Galicia Central no territorio galego fai que sexa unha área de transición entre dúas realidades ben definidas como son a Galicia do denominado Eixo Atlántico e a Galicia Interior.

Os espazos protexidos poden clasificarse en tres subcategorías: as serras, os sistemas fluviais e humidais e as masas arbóreas. Entre as serras atópanse a Serra do Candán, Monte Faro, Pena Veidosa e a Serra do Careón. Son serras de escasa magnitude en canto a altitude pero teñen unha gran relevancia estética e ecolóxica. Os cursos fluviais Ulla-Deza e o río Tambre configuran unha densa rede fluvial con elementos singularizadores como a Fervenza do Toxa, as Illas de Gres ou os Torrentes de Macara. En canto ás masas arbóreas, o Monumento Natural Fraga de Catasós forma un bosque conxunto de castiñeiros e carballos de valor natural e tamén cultural. Ademais, os Sobreirais do Arnego representan un ambiente mediterráneo en harmonía cun coidado mosaico agrogandeiro.

O valor estético desta área vincúlase fundamentalmente á presenza do mosaico agrogandeiro e forestal ben integrado nun tipo de hábitat tradicional de alto valor etnográfico. Ademais, a escasa presenza do modelo residencial diseminado outórgalle unha gran calidade visual. Exemplos disto son o val de Camba, o val de Arnego e as agras da Ulloa. Porén, estase a dar un fenómeno de substitución destas agras tradicionais por monocultivo de pradaria e millo en certas comarcas, o que supón un proceso de homoxeneización da paisaxe.

O conxunto histórico da cidade de Santiago de Compostela supón o principal valor patrimonial, tanto pola concentración do patrimonio na cidade como por ser o punto de confluencia dos diversos Camiños de Santiago que atravesan a área paisaxística en todas as direccións. O protagonismo dos camiños xacobeos vese complementado por mosteiros como o de Oseira ou a destacada arquitectura relixiosa concentrada na comarca do Deza. En canto á arquitectura civil, cabe mencionar os pazos da zona da Ulloa e as pontes históricas. Como patrimonio etnográfico son elementos únicos os Chozos da Serra do Suído ou as albarizas do Candán. Vinculados aos valores arqueolóxicos pode mencionarse a concentración de castros do sector central e os conxuntos funerarios do sector leste como os campos de mámoas da Serra do Faro.

O sector agrogandeiro e forestal predomina en case todas as comarcas paisaxísticas e singularmente o sector lácteo nas comarcas de Terra de Ordes, Terra de Melide-Arzúa e Deza. A actividade extractiva ten presenza histórica, coas minas de Touro e Fontao, na actualidade sen explotar, ou a mina de lignito de Meirama que vén de ser rehabilitada como lagoa. A presenza industrial redúcese a polos concretos como Santiago de Compostela, Lalín, e en menor medida A Estrada, O Carballiño e Teixeira.

A grande área paisaxística Galicia Central contén a área urbana de Santiago de Compostela, que centraliza as vías de comunicación coas outras localidades do sistema: A Estrada, Lalín e O Carballiño, cabeceiras do Sistema Urbano Intermedio, e Silleda subcabeceira, todas elas na metade sur da área. Os Nodos para o Equilibrio do

Territorio son Curtis e Ordes ao norte de Santiago, Negreira ao oeste e Arzúa, Melide e Monterroso ao leste.

No que respecta ós asentamentos rurais, segundo a clasificación de tipos de asentamentos feita por Fariña Tojo, presenta unha enorme riqueza de matices en canto ás formas dos núcleos rurais, dependendo das comarcas paisaxísticas onde estean situados.

A comarca da Ulloa caracterízase pola presenza de asentamentos do tipo aldea nuclear en nebulosa na súa zona central, mentres que nas partes occidental e oriental da comarca o modelo dominante será o de aldea polinuclear con casarío claro.

A comarca de Deza caracterízase por un amplo predominio das aldeas polinucleares con casarío denso, cambiando o modelo de asentamentos a aldea nuclear en nebulosa e aldea nuclear con casarío denso nas zonas máis nororientais e surorientais da comarca.

A comarca do Carballiño caracterízase por un predominio das aldeas polinucleares con casarío denso na súa parte Occidental, mentres que sector oriental presenta unha gran riqueza de formas de asentamentos, con aldeas nucleares con casarío claro e as parroquias enxame.

Na comarca de Tabeirós predominan os modelos de asentamento baseados en parroquia en enxame na súa parte occidental e a aldea nuclear en nebulosa e na súa parte oriental. No extremo máis suroriental da comarca atópase unha pequena zona caracterizada polas aldeas nucleares con casarío denso, modelo que continúa cara ó sur na comarca de Terra de Montes.

A comarca Terra de Montes-Alto Lézrez presenta unha continuidade morfotipolóxica en canto ós modelos de asentamento coa de Tabeirós, de tal xeito que, ó igual que nesta última, atópase unha zona occidental dominada polas parroquias en enxame, mentres que a zona oriental caracterízase pola presenza de asentamentos do tipo aldea nuclear con casarío denso. De xeito case marxinal, atópanse zonas nos bordos meridionais desta comarca onde predominan as aldeas polinucleares con casarío denso.

A comarca Terra de Melide mostra un patrón de continuidade en canto aos modelos de asentamento coa comarca de Terra de Ordes, de tal xeito que na súa parte máis nororiental dominan as aldeas polinucleares con casarío denso, na súa parte central as aldeas nucleares en nebulosa e nas zonas noroccidental e sur da comarca aparecen formas de asentamento baseadas nas aldeas polinucleares con casarío claro. No extremo suroccidental desta comarca, aparecen de novo tanto o modelo de aldeas nucleares en nebulosa como o de asentamento primario.

A comarca Terra de Ordes na súa parte máis setentrional presenta unhas formas de asentamento do tipo aldeas polinucleares con casarío claro, mentres que na zona máis oriental este modelo transfórmase no de aldea polinuclear con casarío denso. Na súa zona central, o modelo de asentamentos predominante é o de aldea nuclear en nebulosa, mentres que na parte máis noroccidental da comarca paisaxística é a parroquia enxame o modelo dominante. Por último, na parte sur occidental da comarca, volve aparecer o modelo de asentamentos baseado nas aldeas polinucleares con casarío claro.

A comarca de Terras de Santiago-A Barcala caracterízase polo crecemento difuso da área urbana de Santiago, especialmente en dirección sur desde a capital rexional. A descrición que Fariña Tojo realizou deste ámbito indica como foron as aldeas nucleares con casarío claro as zonas onde se produciu este crecemento en mancha de aceite, seguindo as principais vías de comunicación e onde destacan de xeito especial os concellos de Ames, Teo e Brión. A análise a grandes liñas de Galicia central en canto a superficie asociada aos núcleos de poboación indica a presenza dun corredor que, desde a comarca de terras de Santiago discorre en dirección surlleste a carón de Deza, onde predominan os asentamentos cunha superficie asociada de entre 0,5 e 1 km², con enclaves nos que esta superficie se reduce a menos de 0,5. Un fenómeno similar atópase na continuidade morfolóxica entre a zona central de Terra de Ordes e a Terra de Melide.

En sentido oposto aparece unha franxa transversal que, desde o bordo oriental desta mesma comarca, discorre pola grande área en dirección suroeste, no que predominan os asentamentos de entre 2 e 10 km². Este mesmo intervalo aparece no extremo noroccidental da área, especialmente na comarca Terra de Ordes.

3.7.2. Toma de datos

Previamente á recollida de información fíxose un traballo de análise territorial para definir os criterios para a selección de núcleos rurais e urbanos, e así poder extraer as mostras para a súa posterior análise estatística. Tratouse de seleccionar, tanto nos núcleos rurais como nos tecidos urbanos, diferentes exemplos morfotipolóxicos.

Para o caso dos núcleos rurais, partiuse dunha análise dos modelos históricos de asentamentos segundo as clasificacións realizadas por Abel Bouhier e Fariña-Tojo, de tal maneira que, cruzando estes datos cos ámbitos das comarcas paisaxísticas, se obtivo unha primeira aproximación ás tipoloxías características dos núcleos de cada comarca.

A partir destas análises previas realizouse unha selección de núcleos rurais, co fin de representar, na medida do posible, a identidade arquitectónica e urbanística de cada comarca paisaxística. En cada comarca analizáronse tres núcleos rurais, que foron seleccionados de acordo coa metodoloxía antes descrita. En cada un dos núcleos estudouse un número significativo de edificacións, seleccionando preferentemente aquelas que conservaban un maior número de elementos tradicionais: revocaduras antigas, carpintarías de madeira, varandas orixinais, etc. Tamén se analizaron edificacións que sufriron alteracións e edificacións de recente construción.

Selección de núcleos rurais en cada comarca paisaxística:

- Terra de Ordes: O Castelo, Castrillón e A Pobra
- Terra de Melide-Arzúa: O Souto, Gondrei e Lardeiros de Medín
- A Ulloa: O Castro das Seixas, Cutián e Viloide
- Tabeirós: Paredes, Santa Mariña e Subión
- Terra de Santiago-A Barcala: Bascuas, Vioxo e Lamas
- Deza: Escuadro, Laxas e Failde
- O Carballiño: Carballediña, Barrán e Garfián
- Alto Lézrez: Trabadelas, A Graña de Umia e Vilaverde

Nos núcleos urbanos analizouse a información obtida en función das diferentes áreas que os compoñen -casco histórico, ensanches

e barrios de diferentes épocas- dependendo da maior ou menor complexidade do núcleo en estudo. Os núcleos estudados, excepto Santiago de Compostela, presentan situacións similares en canto ao seu desenvolvemento urbanístico, que xeralmente se produce en torno ás estradas principais de acceso e nos tecidos ou ensanches que se implantaron a partir dos anos 60 entre estes crecementos lineais.

Obtivéronse mostras das diferentes tipoloxías da edificación nos distintos tipos de tecido, que presentan certa homoxeneidade nas zonas máis antigas, aínda que tamén é frecuente a súa alteración pola substitución das antigas construcións por outras máis

recentes que non aidoitan estar integradas en canto á tipoloxía, escala, cor, etc., rompendo a harmonía do conxunto urbano.

Selección de núcleos urbanos en cada comarca paisaxística:

- Terra de Ordes: Ordes
- Terra de Melide-Arzúa: Melide
- A Ulloa: Monterroso
- Tabeirós: A Estrada
- Terra de Santiago-A Barcala: Santiago
- Deza: Lalín
- O Carballiño: Carballiño

3.7.3. Diagnóstico de materiais e cores

Núcleos rurais

Da análise global dos núcleos rurais analizados en Galicia Central, obtivéronse as seguintes conclusións:

- En xeral, a maioría dos núcleos analizados presentan un grao de alteración importante no que respecta ás súas condicións tradicionais. Estas alteracións son máis patentes nas zonas máis próximas á costa que nos núcleos situados no interior da área paisaxística. Así, os núcleos situados na comarca de Santiago-A Barcala e en Terra de Ordes presentan altos graos de alteración, mentres que nas comarcas da Ulloa e O Carballiño as edificacións conservan en gran medida as súas características tradicionais. Nas comarcas de Terra de Melide-Arzúa, Tabeirós, Deza e Terra de Montes-Alto Lárez o grao de conservación dos núcleos rurais é medio.
- Obsérvase que os núcleos máis alterados son aqueles máis próximos ás grandes áreas urbanas e ás vías de comunicación que unen estas áreas. Así, nas comarcas de Santiago-A Barcala e en Terra de Ordes os núcleos visitados teñen a práctica totalidade das súas edificacións alteradas.
- As alteracións das condicións tradicionais dos núcleos son debidas, en xeral, a reformas e ampliacións con materiais e solucións construtivas distintas das orixinais, como pode ser a substitución das carpintarías de madeira por carpintarías de aluminio, a utilización de cubertas de prancha de fibrocemento, ou o uso do bloque de formigón e do ladrillo en substitución dos muros de cachotería.
- Estas reformas e ampliacións prodúcense máis comunmente nos núcleos cunha maior capacidade económica. Así, nos núcleos nos que se aprecia unha actividade agropecuaria importante, as edificacións foron amplamente modificadas ou se construíron outras novas, quedando as edificacións orixinais en situación de abandono ou utilizadas como almacéns ou como espazos para os animais. Nos núcleos máis próximos ás áreas urbanas, en especial na contorna de Santiago de Compostela, obsérvase gran cantidade de edificacións novas ou que foron obxecto de reformas. Nestes casos a capacidade de acometer obras está máis vinculada a outras actividades económicas relacionadas coa proximidade ao núcleo urbano que á actividade agraria.

- Pola contra, nos núcleos nos que se aprecia un declive na actividade agraria ou se atopan afastados dos principais núcleos urbanos ou das grandes vías de comunicación, as edificacións conservan en gran medida o seu carácter tradicional, aínda que moitas están desocupadas ou presentan un mal estado de conservación no que respecta ás súas condicións de habitabilidade e confort.

Da análise das condicións construtivas, uso de materiais e uso da cor nas edificacións dos núcleos rurais de Galicia Central, obtivéronse as seguintes conclusións:

- O material tradicional de construción de muros en toda a área é a cachotería de pedra granítica ou de xisto, segundo a dispoñibilidade de cada zona. Nos núcleos nos que hai granito de boa calidade, os linteis, xambas e antepeitos das fiestras, así como os esquinais das edificacións, constrúense con pezas labradas de granito. A pedra característica da área presenta tonalidades de ocre amarelo, cores terrosas e, en menor medida, grises.
- Para evitar a penetración da humidade ao interior das vivendas, os muros revocábanse con morteiros tradicionais de area e barro, e de cal e area, que se pintaban con pintura ao cal. O encalado dos muros facía que a gama cromática dos núcleos estivese dominada polas cores brancas dos encalados, os tons avermellados de tella e os ocre da pedra das edificacións que quedaban sen encalar, en xeral as edificacións adxectivas para o almacenaxe dos produtos agrícolas ou edificacións destinadas aos animais.
- Na comarca da Ulloa é característico o uso de encintados de moito espesor para evitar a penetración da humidade polas xuntas entre os bloques de granito utilizados na construción dos muros. Esta técnica deu lugar ao desenvolvemento dunha tradición decorativa baseada nas formas orgánicas producidas polos encintados.
- O material de cuberta utilizado tradicionalmente é tella cerámica árabe, aínda que tamén se atoparon exemplos do uso de tella plana de factura máis recente. No núcleo de Garfián (Beariz) atópanse edificacións tradicionais con cuberta de lousa mesturadas coas que teñen cuberta de tella.

- O material utilizado tradicionalmente para a construción das carpintarías é a madeira, que se protexe con pintura ao aceite. As carpintarías, que inclúen as fiestras, as portas e os cerramentos de madeira (en especial os dos hórreos), eran os únicos elementos construtivos nos que a cor se aplicaba de forma intencionada e non como resultado da utilización dun determinado material. A cor era utilizada nestes elementos como acento, establecendo un contraste importante co resto da gama cromática formada por cores neutras ou pouco saturadas.
- A análise das tonalidades de carpintaría recolleitas nos núcleos rurais da área paisaxística leva á conclusión de que os tons utilizados se repiten en todas as comarcas con pequenas variacións: verdes con tons comprendidos entre B90G, G e G20Y, ocres vermellos e vermellos comprendidos entre o Y50R e o Y90R, ocres amarelos comprendidos entre o Y20R e o Y40R con luminosidades entre 10 e 20, azuis verdosos comprendidos entre o B50G e o B70G con luminosidades entre 20 e 30 e azuis claros ou agrisados con tons comprendidos entre o R90B e o B con luminosidades entre 10 e 20 e saturacións entre 10 e 30. Ademais destas cores o uso do branco é tamén habitual en todas as comarcas.

Núcleos urbanos

Da análise global dos núcleos urbanos analizados en Galicia Central, obtivéronse as seguintes conclusións:

- En xeral, a escena urbana, exceptuando as zonas máis antigas, é variada e reflexa en gran medida as distintas épocas de desenvolvemento urbanístico, onde as edificacións adoptan, en canto á tipoloxía, escala e materiais, os estilos e materiais característicos do seu momento de construción.
 - Polo xeral, os ámbitos que se desenvolven en torno ás principais vías de comunicación, a medida que se afastan do centro, van variando a tipoloxía edificatoria situándose cara ó exterior as construcións máis recentes. Nestas zonas e nos novos tecidos intersticiais o tipo edificatorio é máis variado, xa que a maioría son construcións realizadas entre os anos 50 e a actualidade. A idade da edificación representa unha forma de arquitectura que ten asociada determinados materiais, de maneira que en calquera escena urbana nestes ámbitos a imaxe adoita ser moi heteroxénea, existindo unha variada gama cromática e de materiais (fachadas de formigón con todas as súas variantes, fachadas con todo tipo de aplacados cerámicos e pétreos, fachadas con paneis de aluminio, madeira, vidro, etc.).
 - Á marxe de Santiago, que, en canto á súa conservación, pode considerarse un caso excepcional dentro de Galicia, os conxuntos de edificacións históricas de Carballiño, Melide, Lalín e A Estrada presentan edificacións en bo estado de conservación, que permiten analizar as solucións e sistemas construtivos tradicionais na edificación urbana da área paisaxística. Os núcleos de Ordes e Monterroso atópanse bastante alterados, no primeiro caso sen apenas exemplos de edificacións tradicionais en bo estado de conservación, e no segundo, con algunhas edificacións puntuais de interese.
- Da análise das condicións construtivas, uso de materiais e uso

da cor nas edificacións dos núcleos urbanos da área paisaxística, obtivéronse as seguintes conclusións:

- Nos cascos históricos e nos barrios máis antigos a edificación é de pedra. A pedra utilizada é a característica da zona na que se atopa o núcleo urbano: granito ou xisto. As fábricas son de cachotería ou de cantería, nas de cachotería utilízase tanto o granito como o xisto, e nas de cantería unicamente o granito. As fábricas de cachotería están concibidas para ser revestidas con revocaduras de cal, nunca para quedar vistas.
- O sistema construtivo que combina a cachotería coa cantería está moi estendido. Nel as partes cegas do muro constrúense en cachotería e os elementos que definen os ocos (linteis, xambas, antepeitos, soleiras, así como outros elementos que articulan a tectónica do muro: esquinais, impostas, zócolos, etc.) en cantería. Estas pezas de cantería están labradas para definir os recercados dos ocos e demais elementos de cantería da fachada. Estes recercados definen os límites e o espesor das revocaduras que revisten as fábricas de cachotería.
- Nas zonas periféricas dos cascos históricos atópanse edificacións construídas unicamente en cachotería. Nestas edificacións as fábricas protéxense completamente con revocaduras de cal. Os recercados, impostas e zócolos realízanse con recrecidos de morteiro pintados en tons distintos aos do fondo. En ocasións o morteiro dos zócolos presenta un acabado máis rugoso que o do resto da fachada.
- O uso da cachotería ou a cantería varía dun núcleo urbano a outro dependendo da capacidade económica da época na que foron construídos os edificios, da dispoñibilidade do material e da tradición dunha man de obra especializada na construción en pedra. Polo xeral, os edificios construídos unicamente en cantería mestúranse con aqueles realizados en fábrica mixta (cachotería-cantería) e, nalgúns casos, con edificios construídos unicamente en cachotería, que adoitan ser os de factura máis pobre.
- Os edificios de fábrica mixta con panos cegos de cachotería revestida con morteiro de cal e recercados, zócalos, impostas e esquineros de cantería de granito son os máis comúns e atópanse en todos os núcleos da área paisaxística. Con todo, hai casos especiais, como a zona central do Carballiño, nos que a práctica totalidade das edificacións están construídas en cantería de granito.
- O material de cuberta tradicional en toda a área é tella cerámica árabe.
- As carpintarías son de madeira protexida con pintura ao aceite, colocadas tradicionalmente a faces exteriores, a pano coa superficie da fachada, para aportar unha máxima protección fronte á choiva e ao frío invernal. Esta solución caracterízase por carecer de marco de madeira, de xeito que as follas realizan o batente directamente contra un rebaixe realizado nas pezas de granito que forman o perímetro do oco.
- Como nos núcleos rurais, as carpinterías constitúen practicamente a única parte da fachada na que se utiliza a cor

dunha forma intencionada e non como resultado da utilización dun determinado material. Nos núcleos urbanos tamén se aprecia o uso de determinadas cores e tons ao longo de toda a área paisaxística: verdes comprendidos entre G e G30E, azuis verdosos con tonalidades comprendidas entre B50G e B70G, azuis con tonalidades R90B, B e entre B10G e B30G, ocreos vermellos entre Y40R e Y80R e tons avermellados da serie R, ademais do branco.

- O branco é a cor máis utilizada. En moitos casos apréciase a utilización do branco nas carpinterías das plantas primeira e superiores e o uso dunha cor máis escura nas portas e fiestras situadas na planta baixa.
- A cor tradicional dos panos de revoco que cobren a cachotería é a branca, xeralmente non brancos puros, o que produce pequenas variacións de matiz entre unha edificación e outra. As tonalidades destes brancos poden abarcar ámbitos do azul, o verde e os amarelos e ocreos, pero sempre con luminosidades inferiores a 05 e saturacións tamén por baixo de 05.
- Nos recercados acabados con pintura predominan os azuis agrisados, B ou R90B con luminosidades comprendidas entre 25 e 50 e saturacións entre 02 e 20, tamén os tons terrosos ou ocreos comprendidos entre os tons Y10R e Y60R con luminosidades entre 15 e 40 e saturacións entre 10 e 20. Os zócosos adoitan ter as mesmas cores que os recercados, aínda que nalgunhas ocasións en tonalidades máis escuras.
- Nas zonas e barrios de construción máis moderna a escena urbana é máis heteroxénea, variando en función da época de construción dos edificios. Os aplacados de granito, prefabricados de formigón ou revocaduras –máis asimilables á construción tradicional– alternan con revestimentos cerámicos ou metálicos de máis difícil integración. As carpinterías son polo xeral de aluminio, cores próximas ás tradicionais (branco, verde, etc.), e máis recentemente de PVC. As cubertas son en xeral de tella, aínda que tamén abundan outros materiais como o fibrocemento e as chapas metálicas.

Ámbitos periurbanos e rururbanos

Nos ámbitos periurbanos e rururbanos observouse a existencia de distintos tipos edificatorios. A construción difusa ligada ás camiños e ás estradas na contorna das grandes cidades xerou unha paisaxe desordenada de grande impacto paisaxístico, especialmente na proximidade das grandes áreas urbanas, principalmente en Santiago de Compostela e Ordes, e en menor medida en Lalín, A Estrada e O Carballiño. No resto dos núcleos analizados, o periurbano ten escasa presenza e non xera grandes interferencias na paisaxe.

Da análise da edificación nestes ámbitos despréndense as seguintes conclusións:

- As edificacións nestes ámbitos están construídas en moitos casos sobre tipoloxías tradicionais, pero é frecuente que este tipo de edificacións foran sometidas a rehabilitacións que modifican de forma substancial a esencia da construción

tradicional, empregando solucións e materiais distintos dos tradicionais, así como un uso desacertado da cor.

- As edificacións novas xeralmente teñen unha volumetría maior e máis complexa en relación ó resto das edificacións.
- Os materiais e a gama cromática nestes ámbitos é moi variada, predominando nos paramentos exteriores as revocaduras con acabado en pintura e os distintos aplacados pétreos en toda a súa variedade.
- As carpintarías para fiestras e portas características destas zonas son de aluminio e, máis recentemente, de PVC, predominando a cor branca e, no caso do PVC, as texturas e cores que imitan á madeira.
- Nas edificacións situadas nas zonas de rururbano analizadas, obsérvanse uns procesos similares aos existentes nos núcleos rurais: pintado de fachadas en cores distintas aos tradicionais, substitución de carpintarías de madeira por carpintarías de aluminio ou PVC, realización de recercados con aplacados de pedra de diversos tipos (en ocasións alleos aos utilizados tradicionalmente na comarca), etc.

Polígonos industriais

Os polígonos industriais analizados, en xeral, presentan en común as seguintes características:

- A relación coa contorna inmediata é inexistente, aparecen como grandes illas dentro do territorio, sen solucións de bordo que atenúen o seu impacto tanto sobre a contorna rural como sobre as vías de comunicación, xunto ás que en ocasións están asentados.
- As grandes volumetrías das edificacións dificultan moito a súa integración. A división en volumes máis pequenos é, en xeral, unha solución pouco viable por afectar á eficiencia da propia instalación.
- En moitos casos o espazo público dos polígonos limitase ao viario que dá acceso ás parcelas, carecendo de espazos verdes intermedios que atenúen a presenza das naves no territorio.
- Os materiais utilizados na construción das edificacións industriais responde a criterios construtivos e económicos: fábricas de bloque de formigón e paneis de chapa metálica para os cerramentos e pranchas de fibrocemento ou paneis metálicos nas cubertas. Estes materiais combínanse con outros como as fábricas con acabado revocado e pintado, e aplacados de pedra ou de plaquetas prefabricadas nas zonas dedicadas a espazos de administración ou comerciais.
- O uso da cor en ocasións vai ligado á imaxe corporativa da empresa, sen ter en conta a relación da edificación co resto das do polígono ou, no seu caso, coa contorna rural.

Edificacións e instalacións en solo rústico

As edificacións analizadas en solo rústico tamén presentan características comúns nas comarcas paisaxísticas estudadas:

- As actividades industriais-comerciais, infraestruturas, servizos e equipamentos están xeralmente vinculadas ás estradas principais e presentan un importante impacto debido á escala da edificación en relación coa paisaxe que as rodea.
- As edificacións destinadas a actividades industriais-comerciais e a infraestruturas, polo xeral, son construcións onde se empregan materiais moi heteroxéneos cunha gama cromática moi variada, sendo moi frecuente nos paramentos o uso de bloque de formigón, paneis prefabricados metálicos ou de formigón. Nas cubertas xeralmente utilízase como elemento de cubrición paneis tipo sándwich ou paneis de fibrocemento, para cubrir as grandes luces das naves con variedade de cores.
- As actividades agropecuarias habitualmente están situadas dentro da estrutura agraria, vinculadas directamente coa explotación. Dependendo da súa visibilidade, derivada da súa posición en relación á topografía da zona, poden xerar impactos de maior ou menor entidade.
- A maioría das edificacións destinadas a actividades agropecuarias están construídas con estruturas de formigón -prefabricadas ou realizadas "in situ"-, con cerramentos de bloque de formigón e cubertas de fibrocemento. En casos máis puntuais poden utilizar tamén cerramentos de chapa metálica e cubertas do mesmo material. A problemática deste tipo de edificación está tamén relacionada coa súa calidade construtiva, en moitos casos trátase de edificacións feitas de xeito improvisado, sen unha planificación previa, ou xurdidas mediante ampliacións e reformas sucesivas realizadas de xeito informal.
- As edificacións con actividades de servizos-hostaleira e equipamentos presentan características diferentes ás do resto dos grupos, cun emprego dos materiais e unha gama cromática variados en grao sumo, predominando nos paramentos exteriores os recebados con acabado en pintura e os distintos aplacados pétreos en toda a súa variedade. O material de cuberta é o tradicionalmente utilizado na zona, neste caso tella cerámica árabe.

3.8. RÍAS BAIXAS

3.8.1. Descrición xeral

Na GAP Rías Baixas destaca o elevado grao de artificialización da franxa litoral en consonancia cunha elevada densidade de poboación. Tamén forman parte desta área os territorios do interior sur da provincia de Pontevedra, configurando unha área que inclúe realidades moi diversas e fortes contrastes.

En canto a espazos protexidos destaca o Parque Nacional das Illas Atlánticas. Ademais, poden atoparse valores de interese natural e etnográfico vinculados ás serras e ós montes que actúan como límite xeográfico no sector leste, Serra do Cando, Serra do Suído e os Montes do Testeiro. Outros espazos de interese relaciónanse cos tramos finais dos cursos fluviais do Tambre e Ulla, a contorna do río Lérez e os vales encaixados dos ríos Verdugo e Oitavén. Elementos a mencionar son o monte e lagoa de Louro, a Serra do Barbanza ou os hábitats conformados nalgúns encoros.

A imaxe desta área remite a paisaxes litorais nas que destacan as rías, as praias e as vilas mariñeiras. Sen saír da franxa costeira atópanse as paisaxes industriais e portuarias como a cidade de Vigo e a súa contorna. A condición de vila mariñeira acádase a través da actividade pesqueira en si e máis determinadas configuracións urbanas ou infraestruturas que expresan esa actividade. Os vales produtivos da contorna litoral, Salnés ou Umia por exemplo, combinan actividade produtiva e residencial, xerando un mosaico de texturas no que a ocupación difusa do territorio é levada ó extremo. Bordeando as rías existe un gran número de montes que actúan como miradoiros naturais.

As comarcas interiores supoñen un contrapunto ós sectores litorais no eido estético. Existe certa riqueza estética nos vales fluviais

produtivos con outeiros a media montaña, mais a homoxeneidade provocada polas plantacións forestais réstalle singularidade.

Caracterízase esta área pola abundante presenza de elementos históricos que remiten a poderes eclesiásticos e nobiliarios e ás súas explotacións. De feito, algúns pazos de Cambados conservan propiedades que constrúen paisaxes e unha produción vitivinícola que forma parte do patrimonio galego. A cidade de Pontevedra conta cun coidado casco histórico, ao igual que acontece coa pequena vila veciña de Combarro. Pódese destacar tamén a riqueza histórica de herdanza castrexa e romana, sendo zonas arqueolóxicas moi relevantes a contorna de Cuntis e Caldas de Reis.

A presenza de Vigo como gran polo industrial de Galicia outorga relevancia produtiva ao conxunto da GAP. O sector pesqueiro conserva pulo nesta área e del derívase unha relevante industria conserveira e transformadora. Mención especial merece o sector do mexillón, tanto pola súa posición como principal área produtora a nivel mundial como pola relevancia desta actividade na configuración da paisaxe. O sector vitivinícola tamén destaca pola produción en cantidade e calidade especialmente nos suaves vales prelitorais e no interior, mantén peso o sector agrogandeiro. Este territorio está dominado pola rexión urbana de Vigo-Pontevedra apoiada nas cabeceiras do Sistema Urbano Intermedio de Noia, Ribeira e Vilagarcía. Subcabeceiras son Muros, Porto do Son, Boiro, Rianxo, Cambados e O Grove, e como Nodos para o Equilibrio do Territorio conta con Padrón e Caldas de Reis.

Desde a orixe da presenza humana na zona a relación co mar é

constante, servindo como medio para conseguir o sustento, como principal vía de comunicación con outros territorios afastados, como motor dunha industria puxante e como reclamo para a atracción de visitantes.

A paisaxe construída no territorio costeiro é froito desta estreita relación: unha sucesión de equipamentos, infraestruturas e configuracións urbanas que responden ás necesidades xurdidas ó longo da historia.

Na análise desta área faise fincapé no estudo de vilas e barrios de orixe ou características mariñeiras coa súa arquitectura propia, de portos entendidos coma polígonos industriais, ou de urbanizacións turísticas como zonas rururbanas, co obxectivo de que teñan unha presenza importante na Guía, en forma de base de datos e de peso nas conclusións.

A GAP Rías Baixas concentra unha terceira parte do censo total de Galicia, cunha poboación que supera os 858.000 habitantes e unha densidade que triplica á media galega. Trátase dun territorio historicamente moi poboado, cunhas magníficas condicións para o asentamento humano por mor da súa climatoloxía, a súa accesibilidade, especialmente marítima, e a fertilidade da terra para o cultivo.

3.8.2. Toma de datos

O primeiro a ter en conta é que a arquitectura tradicional na gran área paisaxística Rías Baixas é escasa respecto do total edificado. Os exemplos desta arquitectura están moi modificados pola puxanza e o dinamismo económico e social, que renova e amplía as súas edificacións. Isto sucede especialmente na costa e nas áreas próximas aos núcleos urbanos. Atópanse exemplos de arquitectura tradicional nos cascos históricos, xa catalogados e con normativas específicas, polo que a realidade é que o tradicional (en estado primitivo, sen alterar) ten moi pouco peso específico.

Por estes motivos, tomáronse datos de toda a realidade construída, sen desbotar nada a priori, debido á escasa presenza de exemplos de arquitectura tradicional sen modificar, e co obxectivo de acadar unha foto fixa da realidade actual. As conclusións e recomendacións realizáronse sobre a base aportada pola arquitectura tradicional, por ser esta a que posúe os esquemas máis recoñecibles pola poboación e a máis asentada no imaxinario común.

Nas zonas urbanas e rururbanas o obxectivo do traballo veuse desbordado polas dimensión dos núcleos, polo que se propuxo unha alternativa ós criterios de porcentaxes de edificacións para a mostraxe. A alternativa proposta adoptou a seguinte estratexia: estudar os núcleos urbanos en crecementos concretos dentro da súa trama urbana, nalgúns casos poñendo o acento sobre as arquitecturas máis tradicionais, e noutros incorporando exemplos de arquitecturas de diversos períodos históricos das vilas e cidades.

Vigo e Pontevedra forman unha das meirandes áreas metropolitanas de Galicia, a súa influencia e expansión esténdese por gran parte da área e afecta tamén á GAP Costa Sur-Baixo Miño. Fóra da área metropolitana de Vigo-Pontevedra, as cidades de Vilagarcía e Ribeira constitúen entidades importantes demográfica e economicamente.

A densidade e dinamismo demográfico teñen o seu reflexo na realidade construída. O desenvolvemento puxante da zona fai que as edificacións sexan renovadas continuamente, eliminadas para dar paso a outras, e sobre todo, que crezan, se reproduzan e ocupen cada vez máis territorio, precisando máis e máis infraestruturas. A paisaxe da comarca, en moitos lugares, especialmente nos máis achegados á costa e próximos ás cidades, é un continuo de construcións e minifundios espallados en torno a unha maraña de camiños e estradas, conformando un rururbano difuso.

A heteroxeneidade é a principal característica desta malla construída, onde se mesturan vivendas unifamiliares de distintas épocas, tipoloxías e tamaños, talleres ou naves industriais, vivendas plurifamiliares coas medianeiras descubertas, alpendres, infraestruturas de todo tipo, e nos últimos tempos, urbanizacións e ensanches sobredimensionados.

Na elección de núcleos tivéronse en conta os seguintes criterios:

- As características físicas derivadas da súa localización (beira do mar, ladeiras dos montes, orientación, visibilidade desde estradas, bordo litoral, etc.).
- A súa representatividade dalgunha característica antropolóxica propia da comarca escollida: núcleos turísticos como o de San Vicente do Mar, portos como o de Vigo no canto de polígonos industriais, ou barrios de pescadores (Santo Tomé en Cambados, A Moreira en Pontevedra, Barbés en Vigo) en núcleos urbanos.

Considérase que os resultados e as cartas de cores aportadas son unha poderosa ferramenta unificadora e de harmonización coa contorna, especialmente no rural e no rururbano. Nas cidades, debido ó tamaño e á complexidade das vilas desta GAP (Vigo, Pontevedra, Vilagarcía, Ribeira, Noia, Muros, Boiro, Marín, Sanxenxo, Cangas, etc.), entran en xogo de maneira máis poderosa outras consideracións volumétricas, tipolóxicas ou funcionais, que fan aconsellable completar a carta de cor proposta con estudos e plans específicos para cada unha de elas. Un exemplo pode ser a fronte marítima de Ribeira, da que se tomaron datos que certifican que nada teñen que ver coa arquitectura tradicional e que precisaría dunha reflexión propia e unha proposta específica.

3.8.3. Diagnóstico de materiais e cores

Como se menciona no apartado anterior, a paisaxe de Rías Baixas, no referente ó construído, está dominada polas edificacións posteriores a 1960, polo que cómpre dicir que, en liñas xerais, a paisaxe construída posúe unha enorme heteroxeneidade en canto a materiais e cores. Os materiais que dominaban historicamente, que son sen dúbida o granito e a tella cerámica, desdebúxanse fronte a novos materiais ou a contaminacións dos alleos. Actualmente, en moitas zonas son máis abundantes na paisaxe os tellados de cor negra ou as fachadas aplacadas ou pintadas en fortes cores, que nada teñen que ver coas construcións tradicionais da zona.

A arquitectura contemporánea caracterízase pola súa heteroxeneidade na elección dos materiais. Nos primeiros anos da segunda metade do século pasado os fondos aparecen principalmente enlucados e pintados ou revestidos con plaqueta cerámica e as carpintarías eran maioritariamente de aluminio anodizado. Cara ós anos 90 comezan a aparecer os aplacados de pedra e os muros de perpiaño de granito, moitos deles de tipos que ata entón non se utilizaran pola súa dureza, como o gris Mondariz ou o rosa Porriño, e as carpinterías de aluminio lacado.

Na arquitectura tradicional o material predominante na execución das edificacións é o granito. A boa calidade da pedra fai que moitas das edificacións tradicionais presenten as súas fachadas de boa cantería, con grandes perpiaños coa xunta a óso ou con encintados de morteiro de cal. Isto é común a todas as morfotopoxías estudadas, tanto no rural como no ámbito urbano. Os tellados son, practicamente sen excepcións, de tella cerámica, tradicionalmente de tella curva árabe que no século pasado se foi substituíndo por tella cerámica plana.

A continuación detállase o diagnóstico para cada unha das morfotopoxías:

R01 SINXELEZA NO RURAL

O material empregado nas fachadas das edificacións tradicionais no rural é a pedra, en concreto o granito do país, en tonalidades que van desde o gris ata o area. As técnicas máis usuais para a súa construción son:

- A cantería de perpiaños regulares nas edificacións máis grandes e importantes, que moitas veces se deixa á vista, ou a cantería de perpiaños máis irregulares encintados con morteiro de cal.
- A cachotería, onde os perpiaños se empregan na contorna dos ocos, nos esquinais e nas pezas especiais, ou as edificacións feitas enteiramente con cachotería irregular, normalmente as construcións máis modestas ou os alpendres e edificacións auxiliares.

Debido á pluviosidade moi abundante na zona e á súa situación exposta ó Atlántico, o máis habitual é que a pedra se protexa, fóra das fachadas de aparellos con perpiaños moi regulares e as xuntas a oso, normalmente empregados en pazos ou construcións singulares.

Así, atópanse construcións con aparellos de bloques máis irregulares, nos que a xunta aparece caleada ou que se calean

enteiramente na súa face exterior. A cor que presentan é o branco, excepto no zócolo, que moitas veces se deixa en pedra ou se pinta cunha cor máis escura, como o gris ou o granate, para protexelo fronte ao lixo. Atópanse tamén nalgúns casos, quizais pola influencia da arquitectura mariñeira, os recercados dos ocos pintados igual que o zócolo.

A forma máis habitual de configuración é a de fachadas de cachotería pensadas para ser revestidas, normalmente con rebocaduras de cal, e moitas veces con pezas regulares de pedra que se deixan á vista nos contornos dos ocos, nos zócolos e ás veces nos esquinais.

A cor que predomina nos fondos pintados é o branco. Nalgunhas fachadas moi expostas, e por influencia mariñeira, a pedra revístese con cunchas de zamburiñas ou vieiras.

Actualmente, debido ó dinamismo e puxanza da zona, as construcións tradicionais desapareceron ou están moi modificadas, polo que é habitual que nas aldeas soamente se atopen sen alterar as edificacións máis modestas, nas que a cachotería se deixou á vista.

As carpintarías tradicionalmente son de madeira pintada, especialmente en tons verdes, azuis-grises, marróns ou vermello-granates. As cerrallarias adoitan ser de forxa pintadas de branco ou en tons grises.

É importante salientar un feito frecuente no rural de moitas áreas da GAP que, malia que non forma parte dos materiais de construción, inflúe nas cores e a configuración da paisaxe: a presenza de estruturas para vides acaroadas ás edificacións, que constitúen un plano verde (na primavera/verán) horizontal nas fachadas das casas e que moitas veces forman un teito natural das rúas de moitas aldeas.

No século pasado aparecen edificacións no medio rural non destinadas a labores agrícolas ou gandeiras. Pódese facer referencia a elas como os primeiros chalets, que se atopan sobre todo preto das cidades ou en zonas de veraneo e praias, e que presentan certas características propias, como o predominio de fachadas de boa cantería de granito.

U01 SINXELEZA NO URBANO

As características en canto a materiais e cor da morfotopoxía no ámbito urbano son moi semellantes ás atopadas no rural. O material predominante nas fachadas é a pedra, vista ou revestida, a tella cerámica nos tellados e a madeira nas carpintarías. Como característica singular pódese salientar que nas vilas á beira do mar se atopan edificacións que, sen ter unha orixe mariñeira, se contaxian do uso da cor das mesmas. Posúen un carácter claramente urbano, con elementos tipolóxicos semellantes á arquitectura de eixos, académica e culta, pero de pequenas dimensións e configuración moi sinxela.

Nestes casos é habitual atopar edificacións que utilizan a cor, con fondos de fachada pintados en tons máis claros e menos saturados, e cos zócolos e recercados pintados na mesma ton máis saturada

ou escura. As gamas de cor máis habituais son os amarelos-ocres e alaranxados, tamén empregados nas arquitecturas de eixos, e tons azuis ou verdes coma na arquitectura mariñeira.

U01 MARIÑEIRA

Se algunha tipoloxía tradicional define e caracteriza a GAP Rías Baixas é a casa mariñeira. Moitas das vilas costeiras de Rías Baixas posúen algún barrio de orixe mariñeiro, onde aínda se poden atopar moitos exemplos de edificacións tradicionais mariñeiras coas diversas variantes consideradas na bibliografía sobre arquitectura popular (casa terrea, casa do pincho, casa do patín e casa de dous andares entre medianeiras), ou incluso edificacións modificadas ou máis novas implantadas no parcelario das rúas mariñeiras e que conservan certas características propias delas.

Tradicionalmente a vivenda mariñeira, de pequenas dimensións, e configuración moi sinxela, ten os seus muros de pedra, ben de cantería (as menos) ou de cachotería. A maioría de pezas especiais, como os canzorros dos balcóns, os soportais, ou os peitorís dos patíns son tamén de granito.

Na maioría dos casos a pedra protéxese da climatoloxía de diversas maneiras. Nos aparellos de cantería a pedra pode deixarse vista con encintados normalmente de cal, e polo tanto brancos. É frecuente atopar nas edificacións da primeira metade do século XX a xunta resaltada e cos encintados pintados en perfectas liñas rectas. Esta moda atópase tamén en moitas das edificacións tradicionais das morfotipoloxías U01 e R01 xenéricas, e especialmente na metade sur da GAP

Unha característica propia das vilas mariñeiras, especialmente da Ría de Arousa, son os recercados dos ocos revestidos e pintados de branco nas fachadas de pedra vista. Nestes casos as carpintarías adoitan ser tamén brancas.

Moitas veces a pedra aparece sen revestir pintada con cal, o que lle dá unha cor branca sen perder a textura da pedra que está debaixo. Outras veces, nos muros de cachotería a pedra revístese con recebados de barro caleado e pintados. Nas fachadas máis expostas, as que non dan á rúa e que moitas veces non teñen apenas ocos, atópase como material de revestimento as cunchas mariñas, que lle outorgan unha tonalidade branca, ou as mesmas tellas cerámicas da cuberta colocadas nos panos verticais.

As carpintarías son de madeira pintada coas cores tradicionais no rural, ás que se lle suman moitos máis tons coma azuis ou verde-azulados

O que cómpre destacar nos barrios mariñeiros, aínda que non é unha característica tradicional, é a profusión no uso da cor, sen desbotar as cores máis vivas. Atópanse numerosísimos exemplos de casas entre medianeiras en barrios mariñeiros de dous eixos de ocos e de dúas plantas, nas que a cor se utiliza sen reparos nas fachadas pintadas ou nas fachadas de azulexo cerámico.

As fachadas pintadas normalmente responden a unha destas tres composicións de cor:

- Fachadas caleadas ou pintadas de branco cos recercados e o zócolo pintado de cores vivas, especialmente en azuis, aínda que tamén se atopan verdes ou amarelos. Non é raro atopar

construcións de fondo branco, unha tonalidade de cor máis clara nos recercados e a mesma tonalidade máis escura na carpintaría.

- Fachadas cos fondos pintados nunha gama máis clara e os recercados da mesma tonalidade máis escura. Atópanse exemplos de amarelos, ocres e verdes.
- Fachadas cos fondos pintados nunha cor escura, coma azuis ou vermello, e os recercados e as carpintarías en branco.

Con respecto ós revestimentos de azulexo nas casas mariñeiras entre medianeiras, está moi estendido o seu uso en toda a franxa costeira de Rías Baixas, tanto en vivendas contemporáneas coma en vivendas tradicionais de pedra nas que moitas veces se garda a mesma composición que nas fachadas pintadas, distinguindo un tipo de azulexo para os fondos e outro para os recercados ou os zócolos.

Atópanse aplacados de gresite ou mosaico cerámico que ás veces mesturan a mesma cor nun ton máis escuro e outro máis claro, o que desde unha certa distancia se uniformiza nun ton algo apagado. É moi habitual tamén un tipo de azulexo rectangular de dous tons, un moi claro e outro escuro degradados, o que fai fachadas nunha sorte de "damero". Máis moderno é o revestimento con aplacado cerámico de maior dimensión e en cores que intentan imitar a pedra, que lles resta personalidade e colorido.

U02 EIXOS

Atópanse exemplos de arquitectura de eixos en todas as vilas da GAP Rías Baixas. As súas características son comúns ás do resto das vilas galegas: fachadas de pedra, normalmente revestidas e pintadas de branco ou dunha cor moi clara, deixando os contornos dos ocos e os zócolos coa pedra vista. Dada a boa calidade da pedra na área, tamén é doado atopar moitos exemplos de fondos de cantería que se deixa vista, coa xunta á oso.

Atópanse ás veces, cos fondos brancos ou moi claros, recercados e zócolos pintados en tons similares á pedra, ou asimilables a esta, que van desde o gris azulado ata o amarelo-ocre.

As carpintarías son maioritariamente de cor branca, aínda que tamén son moi habituais as verdes, vermellas, grises azuladas, azuis ou marróns.

Unha variante da arquitectura de eixos específica de Rías Baixas é a que ten os seus entrepanos ou fondos revestidos con plaqueta cerámica, azulexos que poden ser de orixe portugués, normalmente nunha soa cor ou branco con debuxos en azuis. Atópanse exemplos en moitas vilas, desde o norte ata o límite coa GAP Costa Sur-Baixo Miño, con evolucións cara á arquitectura do ornamento ou arquitectura modernista.

U03 ORNAMENTO

Como se aclara nas consideracións xerais, cómpre destacar que a maioría dos edificios e exemplos de arquitectura con elementos ornamentais teñen a súa fachada enteira de pedra, na que adoitan aparecer relevos, decoracións ou inscricións facendo debuxos na propia pedra. Sen embargo atópanse tamén numerosos exemplos de arquitectura urbana con elementos ornamentais,

molduras, zócolos, recercados e tamén os fondos feitos para ser pintados.

As combinacións máis habituais de cores son as que utilizan para os fondos os tons brancos e para os elementos secundarios os grises ou gris azulados. Non son raros os exemplos con fondos amarelos claro e contornos dos ocos ocreos ou amarelos máis escuro. Tampouco son raros os exemplos de fondos ocreos e recercados e ornamentos en branco.

U04 VOLUMETRÍA

É difícil facer unha clasificación e análise dun concepto que abrangue tanta diversidade de construcións nunha área tan densamente construída. Como no resto da edificación tradicional, a característica máis salientable é que a maioría dos edificios que

posúen un certo interese están executados en pedra, en fábricas de cantería de boa factura.

No sur da área, especialmente en Vigo, atópase a variante Rexionalista, tamén construída masivamente en pedra vista, e que queda fóra do alcance do presente estudo.

U05 RACIONALISTA

A morfotipoloxía racionalista abrangue toda construción na que se empezan a incorporar elementos do movemento moderno. Maioritariamente estas edificacións están construídas en pedra, sen embargo é doado atopar exemplos desta arquitectura con acabados pintados, onde se combinan os fondos con elementos ornamentais basicamente en dúas cores. As tonalidades empregadas son comúns ás do resto do territorio galego.

3.9. CHAIRAS E FOSAS OCCIDENTAIS

3.9.1. Descrición xeral

A GAP Chairas e Fosas Occidentais está formada por comarcas históricas de forte personalidade como son Bergantiños, Soneira, Xallas e a Costa da Morte. Esta última constitúe un referente do litoral galego pola súa actividade mariñeira, paisaxe e tradicións.

Os espazos protexidos localízanse maioritariamente na franxa litoral. A Zona Especial de Conservación Costa da Morte cubre case toda a costa da GAP e conta con elementos de elevado valor ecolóxico como as Illas Sisargas, as lagoas de Baldaio, Pasarela-Traba e Louro ou cabos de alto valor simbólico e natural como Fisterra e Touriñán. Tamén destacan a Paisaxe Protexida dos Penedos de Pasarela e Traba e o Monte Pindo, gran macizo granítico que se ergue no litoral. O río Anllóns é representativo dos valores fluviais que discorren pola área ao conservar bosques de ribeira, pequenas masas de frondosas illadas e un espectacular esteiro en Ponteceso.

Os valores estéticos contan cun claro dominante na franxa costeira. A relevancia no imaxinario colectivo da Costa da Morte débese ás súas características xeográficas e naturais: os cantís, o mar batido e as pequenas enseadas nas que se asentan vilas mariñeiras e portos de alto valor estético. A amplitude de vistas cara o mar aberto caracteriza amplos sectores deste litoral, o que por unha parte lle outorga calidade estética pero por outra dá lugar á presenza habitual de fronteiras costeiras, néboas e ventos que condicionan a percepción da paisaxe.

Destaca tamén a presenza de numerosos fitos paisaxísticos entre os que cabe mencionar Cabo Fisterra e a ferverza do Xallas. O interior da área posúe valores estéticos vinculados ás paisaxes de pradarias e cultivos forraxeiros. Se ben o predominio de espazos chairas non permite unha grande amplitude de vistas.

No tócate ó patrimonio cultural destacan as edificacións defensivas como o castelo de Vimianzo, as torres do Allo, o castelo do Príncipe, a torre de Nogueira ou as torres do Viso. Un bo expoñente de arquitectura arqueolóxica é o dolmen de Dombate e no eido do patrimonio relixioso destaca o mosteiro de Moraime. A tradicional combinación de dedicación mariñeira e gandería segue a ser unha realidade nos sectores litorais desta área, en

parte por atoparse fóra das comunicacións do denominado Eixo Atlántico. No interior domina o sector gandeiro dedicado principalmente ó vacún para a produción de leite. Esta actividade actúa como construtora da paisaxe sendo numerosas as novas conversións a pradarias. A presenza de plantacións forestais non é tan ampla como noutras GAP, aínda que existen grandes zonas de eucaliptais que comparten espazo con piñeirais. Cabe mencionar a presenza do sector extractivo coa existencia de diversas graveiras e areeiras, o que dá a este sector certa relevancia nalgúns concellos como Vimianzo.

Nestas terras atópanse dúas cabeceiras do Sistema Urbano Intermedio: Carballo, no extremo nordeste, e o conxunto Cee-Corcubión no suroeste. Entre estas, dous Nodos para o Equilibrio do Territorio: Vimianzo e Santa Comba.

A paisaxe urbana e periurbana está menos presente nesta GAP que noutras áreas litorais. Ademais das vilas e núcleos costeiros, que en xeral presentan aínda unha certa contención a distancias longas (non tanto así nas escenas próximas), unicamente poden destacarse neste sentido a vila de Carballo e a zona de Arteixo, prolongación do agregado residencial e industrial da Coruña.

En canto á tipoloxía dos asentamentos rurais, a forte incidencia atlántica que sofre a Costa da Morte fai que as antigas vilas mariñeiras se teñan emprazado en lugares escollidos pola protección que proporcionan os propios accidentes topográficos, xa sexa para a disposición abrigada do casal ou para atopar un porto ou zona de varado das embarcacións, moitas veces apertándose contra dunha elevación, un istmo ou un promontorio que entra no mar e procura o resguardo dos temporais.

A contida dimensión e escala urbana de todos estes asentamentos mariñeiros, alleos aos procesos de industrialización que teñen feito evolucionar a outros portos de importancia, e o seu afastamento respecto do corredor da Galicia litoral, son circunstancias que teñen favorecido a pervivenza dun extenso medio rural que coloniza o solo agrario ata o mesmo borde oceánico.

No contorno do concello de Arteixo prodúcese un cambio notable na configuración das aldeas tradicionais respecto do litoral mariñán, aparecendo agregacións de tipo nuclear, de certo tamaño e cunha estrutura bastante compacta, no contorno das que se desenvolven terreos de cultivo en terrazas ou campos de agramas en cada unha das áreas. Moitos núcleos desta zona, cando non teñen sido afectados polos novos crecementos en diseminado, amosan unha configuración tamén nuclear non tan compacta, tendendo a formar agregados de tipo linear.

A variedade e amplitude territorial do concello de Carballo acolle unha gran diversidade de núcleos rurais, que van desde as antigas aldeas de certa entidade, como é o caso de Cances Grande, ata pequenas agregacións, nunha situación que convive con áreas de forte dispersión no fondo dos vales, por onde discorren as principais estradas.

No concello de Malpica, e tamén no veciño Ponteceso, o relevo marca dúas pequenas foxas, unha de Malpica cara á Ponteceso e a outra de Malpica a Carballo, de tal xeito que o litoral case queda despoboado en favor das terras do interior ou dos pequenos vales. Outra das formas habituais de asentamento é a que constitúen as pequenas antigas aldeas nucleares situadas moi próximas entre elas, formadas sempre arredor dun camiño ou encrucillada, que van medrando tanto de forma linear, como ao longo de camiños secundarios.

Por Laxe, as antigas aldeas, xa sexan mono ou polinucleares, bastante compactas no seu conxunto neste segundo caso, tenden a unha estrutura menos compacta a medida que ocupan, por preferencia, os bordos dos montes, apertándose no treito onde se produce a creba da pendente.

Tanto o pequeno porto de Santa Mariña como algúns outros asentamentos do concello de Camariñas, como é o caso de Brañas Verdes, responden a un patrón característico de tipo nuclear e estrutura interna bastante laxa, aínda cando conviven tamén con agregacións de tamaño grande non moi compactas, como Arou, no borde litoral, e cun poboamento máis disperso na veiga do río Grande.

As antigas aldeas polinucleares van perdendo densidade interna por toda a zona de Muxía, mantendo a tendencia a achegarse unhas ás outras. As agregacións de núcleo único tampouco son moi compactas no seu caso, deixando espazos abertos no seu interior, onde se dispoñen os hórreos, patios anexos ás construcións agrarias ou pequenas hortas e cultivos dependentes da vivenda. Polo concello veciño de Cee principia xa unha certa transición cara ás Rías Baixas, coa ría de Corcubión recollida cara ao interior

polo sainte de Fisterra, que fai de abrigo respecto da influencia oceánica. As antigas aldeas rurais, por Fisterra e polo borde oriental de Cee, perderon bastante do seu carácter compacto, marcadas, ás veces, polos crecementos en diseminado no seu contorno exterior e ao longo das estradas.

Ao longo do concello de Carnota, a ocupación territorial das elevacións do monte do Pindo, coa súa superficie rochosa, árida e improdutivo, obriga a unha meirande concentración do poboamento en antigos núcleos de tamaño relativamente grande, como no caso de Caldebarcos, Pedra-figueira ou Quilmas, amosando este último asentamento a complementariedade común respecto dun antigo porto (Porto Quilmas) a escasa distancia e vinculado por un percorrido linear.

Boa parte dos concellos interiores das comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira ou do Xallas están caracterizados pola súa configuración territorial como chanzo de transición cara á meseta de Santa Comba. A suavidade do relevo nestas zonas aplanadas fai que as agregacións tornen máis laxas, formando conxuntos polinucleares xa estendidos en enxame nas zonas máis densas.

Algunhas outras agregacións, como é o caso de Lariño, teñen unha estrutura histórica máis compacta, aínda cando agora acumulen tamén crecementos dispersos engadidos no seu contorno máis exterior. Esta situación non é tan aparente polos vales menores de Vimianzo e cara ao interior deste concello, onde a configuración en pequenos núcleos próximos entre eles, mantén as invariantes características do Bergantiños occidental, conforme con morfoloxías nucleares de pequeno tamaño e certa densidade, ben definidas no seu perímetro respecto dos terreos agrarios e que caracterizan tamén a ocupación das bocarribeiras dunha gran parte dos concellos de Zas e Dumbria, case sempre liberando as zonas fértiles da veiga.

Por Mazaricos e Santa Comba, o relevo aplanado, xa formando parte das terras altas do Xallas, favorece unha maior concentración das antigas aldeas rurais, nunha zona de marcada tradición agraria e agora orientada cara á gandería, predominando as agregacións algo maiores en tamaño, unhas veces a xeito de grandes asentamentos nucleares, non moi compactas se son consideradas na relación entre vivendas lindeiras, e outras, formando conxuntos polinucleares, por proximidade de distintas agregacións diferenciadas, cunha configuración bastante compacta considerando o asentamento na súa totalidade, como agregado de entidades separadas entre elas por campos de cultivo ou espazos intercalados sen edificar, que se corresponden con elementos de certa singularidade na topografía particularizada do emprazamento.

3.9.2. Toma de datos

metodoloxía empregada para a toma e análise dos datos implicou as etapas descritas a continuación.

Selección de casos de estudo

Dentro dos ámbitos de poboación a analizar foi preciso facer unha elección dos casos de estudo ou edificacións a inventariar.

Como criterio de selección tomouse a idade da edificación, para poder facer unha valoración da arquitectura tradicional. Deste xeito, elaborouse unha cartografía específica para cada núcleo en base aos datos extraídos da Sede Virtual do Catastro e do Censo de información e vivenda 2001 do INE (Instituto Nacional de Estadística). Ditos datos foron procesados mediante Microsoft Excel 2010 e software SIX para a súa síntese e interpretación en

planos de cada un dos ámbitos de análise. Estes planos serviron de base para a toma de datos e o traballo de campo.

Elaboración de fichas de análise

Para a elaboración das fichas tomáronse unha serie de decisións previas que facilitaron tanto a súa elaboración como o traballo cos arquivos unha vez entregados.

Toma de datos en campo: elaborouse unha metodoloxía para facer as fotos en campo dunha maneira ordenada. A primeira foto correspóndese co conxunto do edificio, as seguintes son as dos elementos construtivos e seguidamente tómanse as fotos de detalle para as mostras de cor. Ademais, tómanse mostras de cor in situ, cando así se require, e tómanse notas para aclaracións.

Volcado e orde dos datos: as fotos tomadas en campo ordénanse en carpetas por núcleos, seguindo unha nomenclatura ordenada, que comprende o código da área paisaxística, o nome do núcleo e as coordenadas XY do edificio, seguido dun número para ordenalas correlativamente, de maneira que o primeiro que aparece é a foto do edificio, segundo sería o mosaico cromático e por último as fotos dos elementos construtivos.

Exemplo: 09.3_PANCHES_X546733Y4309456 (01), 09.3_PANCHES_X546733Y4309456 (02)

Mosaico cromático: para o mosaico cromático seleccionouse só o edificio caso de estudio na foto correspondente, e aplicouse o filtro para conseguir o mosaico. O resto da imaxe difuminouse para minimizar a distorsión das cores do edificio a valorar.

Listado de materiais: previo á elaboración das fichas preparouse un listado dos materiais máis comúns para cada elemento construtivo, co fin de que apareza escrito do mesmo modo en cada unha das fichas, de maneira que resulte sinxelo facer unha busca por material.

Base de datos: finalmente elabórase unha base de datos en formato Access por núcleo, tamén nomeada co código da comarca paisaxística seguido do nome do núcleo. Xunto con cada arquivo de base de datos organizáronse as carpetas de imaxes correspondentes, onde se crearon subcarpetas co código de cada edificio. Isto permitiu ter unha visión resumida de cada núcleo, permitindo o descarte de mostras que non se consideraron positivas para a proposta.

Análise histórica

Para poder establecer unha proposta foi preciso coñecer a realidade histórica do lugar, que aínda perdura na memoria de moitos dos seus habitantes. Neste senso atópanse dúas categorías: a paisaxe que se perdeu e a paisaxe que se transformou. Este estudo implicou tres tipos de análise:

1. A análise do que se perdeu no tempo: arquitectura desaparecida. Para coñecer as arquitecturas que desapareceron foi preciso consultar as seguintes fontes: documentación literaria, lendas de tradición oral e bibliografía específica, así como unha busca fotográfica e pictórica.

2. A análise do que permanece e cómo evolucionou: arquitectura herdada. Neste caso, ademais da consulta de documentación escrita e gráfica, foi preciso investigar as capas históricas a través de catas de cor in-situ procuradas durante a realización do traballo de campo. Algunhas das edificacións tradicionais presentábanse coma un palimpsesto no que era posible ler a superposición das distintas trazas de cor de diferentes épocas. Tomouse nota das cores orixinais para telas en conta no proceso de elaboración de propostas.

3. A análise dos elementos contemporáneos: arquitectura actual. É preciso non esquecer o estrato de edificación contemporánea de calidade existente en Galicia, polo que esta foi unha capa a valorar durante a toma de datos e análise, así como á hora de establecer unha diagnose que derive nas conclusións e na proposta.

3.9.3 Diagnóstico de materiais e cores

Esta Grande Área Paisaxística está composta por seis comarcas paisaxísticas (Arco Bergantiñán, Bergantiños, Costa da Morte, Terra de Soneira, Terra de Fisterra e Terra de Xallas) que engloban unha ampla zona onde hai un característico modelo de ocupación do territorio. Nos núcleos de identidade litoral son nos que se percibe un uso máis intenso da cor e da variedade de materiais. Nesta zona, que vai desde Lira ata Arteixo, obsérvase un variado e intenso uso da cor e dos materiais na arquitectura tradicional.

Só coa observación do estrato xeolóxico da GAP xa se identifican os materiais que compoñen a variedade coa que se elaborou a arquitectura tradicional, predomina fundamentalmente o granito pero intercálase con zonas de xisto, máis predominante nas comarcas de interior.

En canto ás cubertas, o material utilizado na arquitectura tradicional é a tella, aínda que nos núcleos urbanos se observa unha variedade de materiais e formas que distorsiona a imaxe orixinal dos núcleos.

Tamén se observa que, debido a un desenvolvemento urbanístico pouco adecuado á escala orixinal dos núcleos, aparecen tipoloxías de orde urbano en entornos rurais e en pequenas vilas mariñeiras. Estes contrastes de escala producen un grande impacto na paisaxe e na percepción dos núcleos, onde o que predomina na maioría deles é unha paisaxe de medianeiras con tratamentos diversos de material e cor, que na maior parte dos casos son grandes panos descoidados e inacabados. Neste senso convén resaltar que nalgúns núcleos, como en Carballo, se vén facendo un tratamento artístico desas medianeiras que, lonxe de producir integración, o que fai é resaltalas máis. Nalgúns casos pode ser positivo pero, na maioría, considérase que resulta un tratamento desafortunado e que non se debe xeneralizar.

Se se fai un percorrido polos materiais e elementos específicos da área, obsérvase unha gran diferenza entre o uso de cor e materiais na arquitectura tradicional e na realizada despois dos anos 60. Na arquitectura tradicional dos núcleos litorais obsérvase o uso do granito combinado nalgúns casos con enfoscado, case sempre con fondos brancos e con notas de cor intenso en carpinterías e rexeiras. Na arquitectura dos 60-70 introdúcese o uso do alicatado cerámico, ben o gresite ou alicatados de

formato maior, que aportan unha gran variedade de acabados e cor, algo característico que aporta unha gran variedade cromática ós acabados de fachada. No caso da comarca Costa da Morte, aproximadamente un 10% das edificacións analizadas no estudo presentan este acabado.

Pero o que destaca fundamentalmente nos entornos urbanos e rurais son as edificacións con fachadas enfoscadas e pintadas, onde se observa un estridente uso da cor nalgúns lugares, utilizándose recentemente cores cunha elevada saturación e grandes contrastes que supoñen un grande impacto paisaxístico e impiden unha lectura unificada dos núcleos. Obsérvase que este uso de cores tan saturadas, aínda que é recente, se atopa nos fondos da arquitectura tradicional, producindo unha grandistorsión cromática dos entornos urbanos e rurais.

Neste senso é difícil xeneralizar. A lectura que se realizou núcleo a núcleo merece nalgúns casos, como Muxía ou Fisterra, unha interpretación específica do uso e da evolución da cor e os materiais, mentres que en núcleos históricos como Corcubión, aínda estando próximos, o uso de cor e materiais é totalmente distinto. Cómpre destacar tamén que na zona de Carnota se

observaron varios encintados de pedra con interese.

Nas áreas urbanas de interior, como Santa Comba, aparecen tipoloxías que combinan elementos secundarios de pedra con enfoscado en fondos. Estes presentan cores claras que resaltan o granito silvestre. En ausencia de elementos de pedra, os zócolos e recercados resólvense en cores máis escuras, creando un forte contraste cos fondos. En carpinterías existe alternancia entre madeira e aluminio. O branco é a cor máis destacada, aínda que tamén se atopa representación de verdes e marróns.

Nas áreas rurais a tipoloxía predominante son as casas de mampostería de pedra, estando o granito silvestre presente tanto en fondos como elementos secundarios. A cor apórtase unicamente a través das carpinterías, existindo representatividade de todas as cores, se ben en moitos casos non se pode apreciar ben a cor orixinal dado o estado de deterioro de boa parte das edificacións. Entre as áreas urbanas e os núcleos rurais con tipoloxía tradicional, aparecen vivendas con enfoscado de cemento pintado, en xeral empregando tonalidades cálidas. Estes elementos son un punto clave a tratar para conciliar a transición entre os ámbitos urbanos e rurais da comarca.

3.10. GOLFO ÁRTABRO

3.10.1. Descrición xeral

A GAP Golfo Ártabro divídese en dúas comarcas ben diferenciadas, a litoral e a interior. No litoral destacan as rías e a riqueza de paisaxes produtivas, urbanas e patrimoniais vinculadas ao mar. A Coruña, Oleiros, Sada, Betanzos, Miño, Pontedeume, Cabanas, Fene e Ferrol constitúen un eixo no que as superficies construídas se prolongan case de maneira continua. Isto contrasta cos sectores interiores nos que aínda ten pulo a actividade agrogandeira.

Entre os espazos protexidos destacan as Zonas Especiais de Conservación da Costa Ártabra, Costa de Dexo e un tramo da Costa da Morte, que ocupan unha ampla parte da costa. Máis aló do litoral destacan os espazos protexidos vinculados a veigas e ríos como o río Mandeo, o encoro de Cecebre, o encoro de Xubia-Castro e o Parque Natural das Fragas do Eume.

O Golfo Ártabro posúe espazos de alta calidade estética vinculados a elementos naturais como as Fragas do Eume ou a fervenza de Belelle. Ademais dos mosaicos agrogandeiros das áreas interiores que resisten a competencia da crecente expansión dos eucaliptais. Pola contra, as cidades da Coruña e Ferrol orixinaron un crecemento urbano disperso nas súas contornas, que deu lugar a unha alta concentración urbana no sector inmediato ás rías. Isto condiciona a percepción deste espazo que en realidade posúe elevados valores naturais e estéticos. No caso de asentamentos de menor entidade, algunhas das vilas manteñen o carácter mariñeiro, destacando o núcleo de Redes. Cabe mencionar ás paisaxes industriais como elementos identitarios e de singular estética, tendo relevancia neste senso os estaleiros de Ferrol.

como Patrimonio da Humanidade pola UNESCO, Betanzos, Pontedeume e Ferrol. Ademais, a ruta xacobeá do Camiño Inglés ten a súa orixe nos portos da Coruña e Ferrol e transcorre transversalmente de norte a sur. Tamén existe un patrimonio histórico e pacego en Sada, Cambre o Bergondo onde se atopan os pazos de Meirás, Mariñan, Armuño e Casal. As paisaxes monásticas teñen o seu reflexo no cenobio de San Xoán de Caaveiro e no mosteiro circense de Santa María de Monfero.

A GAP presenta un elevado número de valores produtivos resultado da combinación litoral-interior. A relevancia da cidade da Coruña reflíctese nos seus polígonos industriais. No caso de Ferrol-Fene, a antiga puxanza industrial vinculada ao sector naval tense diversificado cara outros sectores. A produción forestal ten cada vez maior peso en detrimento do sector agrogandeiro, se ben os concellos da Capela, Monfero, Carral ou Oza-Cesuras aínda posúen un alto número de explotacións gandeiras. Pola súa banda, o sector pesqueiro posúe un referente absoluto no porto da Coruña.

A rexión urbana da Coruña-Ferrol abarca toda a Grande Área Paisaxística e, polo tanto, supón o núcleo principal da área. Ferrol e A Coruña atópanse case nos extremos da área pero a súa influencia percorre toda a costa entre elas e abrangue máis territorio interior canto máis preto das cidades.

As densidades de poboación son elevadas en todo o treito litoral desta zona e a ocupación do espazo rural experimenta xa as transformacións propias da súa proximidade ás cidades, así como a influencia do desenvolvemento industrial das mesmas. O medio rural non transformado apenas queda representado, no concello de Ferrol, por uns asentamentos de pequeno tamaño,

polinucleares e de estrutura laxa, ao pé do monte das Louseiras. Un caso semellante é tamén o de Fene ou Mugardos, onde se suceden estruturas de tipo linear e configuración laxa, que van enlazando os distintos asentamentos nun conxunto continuo. Ao leste da vila mariñeira de Ares, nun concello tamén de extensión moi reducida, destaca a configuración menos desenvolvida, a partir do asentamento histórico inicial, da agregación litoral de Redes, aberta cara a un areal de varado que contornea un conxunto de planta ovalada como núcleo principal.

As agregacións en enxame, características dos novos crecementsos do medio rural, dan paso a núcleos máis illados a medida que se produce un certo afastamento do borde litoral, así asentamentos nucleares como Sas ou polinucleares, como a parroquia de Vigo, por Paderne, teñen medrado cunha certa tendencia á concentración e mantendo parte do contorno agrario.

Os concellos do interior perden relación coas expansións urbanas propias do medio litoral, recuperando as súas formas o medio rural tradicional, xa sexa por Abegondo, Cesuras ou Oza dos Ríos, ou ben polo sueste da comarca de Ferrol e o nordés da de Betanzos, polos concellos de San Sadurniño, A Capela, As Pontes, Monfero ou Irixoa, onde as densidades de ocupación xa diminúen notablemente, sobre todo neste último concello. Tamén ao longo dos concellos do límite oriental desta zona aprécianse as características dunha transición paisaxística e da arquitectura tradicional cara ás chairas luguesas, pasando da cuberta de tella ás de lousado a medida que os núcleos se achegan á Serra de Queixeiro ou ás ribeiras do Eume, nunha contorna na que os campos de agras se van abrindo paso entre os terreos de monte, xa fóra do dominio dos cultivos en terrazas das proximidades da ría de Betanzos.

No outro extremo desta área, a influencia urbana da cidade da Coruña vai minguando cara ao interior do concello de Abegondo e do Norte de Cesuras, por onde a veiga do río Mendo dá paso a un ascenso en altura cara aos montes da Tieira, sinalando a transición cara á Galicia Central. Por Abegondo, aínda os crecementsos en diseminado dos núcleos rurais orixinarios provoca unha ocupación relativamente densa dos vales máis setentrionais, formando conxuntos enlazados difíciles de deslindar.

Canto máis se avanza cara ao Sur, as agregacións son de tamaño menor, antigas aldeas moi pequenas, sempre pouco compactas e moi próximas entre elas, constituídas por un número reducido de casas.

No extremo setentrional de Cesuras, xa case no límite dos vales que conforman este ámbito do Golfo Ártabro, o medio rural tradicional amosa menos transformacións, formado, polo regular, a partir de núcleos moi pequenos, non moi compactos e que ocupan o territorio conforme cun modelo disperso, no que se combinan agregacións nucleares e casais illados a escasa distancia entre eles, conformando asentamentos polinucleares de maior dimensión no seu conxunto. A estrutura interior destes núcleos tamén presenta unha certa variedade, con pequenos rueiros ou simplemente agrupacións de vivendas e edificacións auxiliares xunto a grupos de construcións illadas que ensanchan a morfoloxía en planta destes núcleos. Unha configuración semellante dáse por Oza dos Ríos, aquí cunha incidencia maior da proximidade das elevacións dos montes do Gato e Penedo, marcando a transición cara a asentamentos máis propios da montaña na súa estrutura máis compacta e nuclear, fortemente integrados nunha topografía que condiciona as formas de ocupación do territorio.

Polo concello de Coirós apréciase o carácter lineal que supón o aliñamento dos vales dos ríos Mendo e Mandeo, por onde se estende o crecemento da vila de Betanzos, transformando todo o medio rural ao longo das estradas. Ao Norte, por Irixoa, as contornas de agras recollen no seu interior conxuntos maioritariamente de tipo polinuclear, constituídos por asentamentos rurais de tamaño moi reducido, sempre próximos entre eles, cun casal algo máis compacto e perímetro bastante definido. A proximidade do Cordal de Montouto ou da serra da Loba, por Irixoa, ou das serras de Queixeiro, Sanguinedo e do curso encaixado do Eume, por Monfero e polo borde occidental das Pontes, conforman un relevo accidentado e moi variado, no que abundan as antigas aldeas nucleares moi pequenas a medida que se avanza cara ao dominio desas serras, destacando tamén o seu carácter máis compacto canto máis preto se atopan da montaña. No resto do concello de Monfero, os núcleos, tamén moi pequenos, conforman estruturas polinucleares pouco compactas, case que laxas no seu conxunto.

3.10.2 Toma de datos

A metodoloxía empregada para a toma e análise dos datos implicou as etapas descritas a continuación.

Selección de casos de estudo

Dentro dos ámbitos de poboación a analizar, foi preciso facer unha elección dos casos de estudo ou edificacións a inventariar. Como criterio de selección tomouse a idade da edificación, para poder facer unha valoración da arquitectura tradicional. Deste xeito, elaborouse unha cartografía específica para cada núcleo en base aos datos extraídos da Sede Virtual do Catastro e do Censo de información e vivenda 2001 do INE (Instituto Nacional de Estadística). Ditos datos foron procesados mediante Microsoft Excel 2010 e software SIX para a súa síntese e interpretación en planos de cada un dos ámbitos de análise. Estes planos serviron de base para a toma de datos e o traballo de campo.

Elaboración de fichas de análise

Para a elaboración das fichas tomáronse unha serie de decisións previas que facilitaron tanto a súa elaboración como o traballo cos arquivos unha vez entregados.

Toma de datos en campo: elaborouse unha metodoloxía para facer as fotos en campo dunha maneira ordenada. A primeira foto correspóndese co conxunto do edificio, as seguintes son as dos elementos construtivos e seguidamente tómanse as fotos de detalle para as mostras de cor. Ademais, tómanse mostras de cor in situ, cando así se require, e tómanse notas para aclaracións.

Volcado e orde dos datos: as fotos tomadas en campo ordénanse en carpetas por núcleos, seguindo unha nomenclatura ordenada,

que comprende o código da área paisaxística, o nome do núcleo e as coordenadas XY do edificio, seguido dun número para ordenalas correlativamente, de maneira que o primeiro que aparece é a foto do edificio, segundo sería o mosaico cromático e por último as fotos dos elementos construtivos.

Exemplo: 09.3_PANCHES_X546733Y4309456 [01], 09.3_PANCHES_X546733Y4309456 [02]

Mosaico cromático: para o mosaico cromático seleccionouse só o edificio caso de estudio na foto correspondente, e aplicóuselle o filtro para conseguir o mosaico. O resto da imaxe difuminouse para minimizar a distorsión das cores do edificio a valorar.

Listado de materiais: previo á elaboración das fichas preparouse un listado dos materiais máis comúns para cada elemento construtivo, co fin de que apareza escrito do mesmo modo en cada unha das fichas, de maneira que resulte sinxelo facer unha busca por material.

Base de datos: finalmente elabórase unha base de datos en formato Access por núcleo, tamén nomeada co código da comarca paisaxística seguido do nome do núcleo. Xunto con cada arquivo de base de datos organizáronse as carpetas de imaxes correspondentes, onde se crearon subcarpetas co código de cada edificio. Isto permitiu ter unha visión resumida de cada núcleo, permitindo o descarte de mostras que non se consideraron positivas para a proposta.

Análise histórica

Para poder establecer unha proposta foi preciso coñecer a realidade histórica do lugar, que aínda perdura na memoria de moitos dos seus habitantes. Neste senso atópanse dúas categorías: a paisaxe que se perdeu e a paisaxe que se transformou. Este estudo implicou tres tipos de análise.

1. A análise do que se perdeu no tempo: arquitectura desaparecida.

Para coñecer as arquitecturas que desapareceron foi preciso consultar as seguintes fontes: documentación literaria, lendas de tradición oral e bibliografía específica, así como unha busca fotográfica e pictórica.

2. A análise do que permanece e cómo evolucionou: arquitectura herdada.

Neste caso, ademais da consulta de documentación escrita e gráfica, foi preciso investigar as capas históricas a través de catas de cor in-situ procuradas durante a realización do traballo de campo. Algunhas das edificacións tradicionais presentábanse coma un palimpsesto no que era posible ler a superposición das distintas trazas de cor de diferentes épocas. Tomouse nota das cores orixinais para telas en conta no proceso de elaboración de propostas.

3. A análise dos elementos contemporáneos: arquitectura actual.

É preciso non esquecer o estrato de edificación contemporánea de calidade existente en Galicia, polo que esta foi unha capa a valorar durante a toma de datos e análise, así como á hora de establecer unha diagnose que derive nas conclusións e na proposta.

3.10.3 Diagnóstico de materiais e cores

Dentro da GAP Golfo Ártabro é fundamental facer unha diferenciación entre as dúas comarcas paisaxísticas, Golfo Ártabro Litoral e Golfo Ártabro Interior, xa que as diferenciacións na paisaxe dos ámbitos costeiros e interiores teñen unha clara influencia nos materiais e as cores das construcións.

Golfo Ártabro Litoral

Nas áreas urbanas de Golfo Ártabro Litoral existe unha heteroxeneidade de tecidos que deriva nunha paisaxe complexa e con moitos matices. Conviven distintos materiais de fondos, predominando o enfoscado de cemento pintado. Aínda que a cor máis numerosa é o branco, aparece unha ampla representatividade do resto de tonalidades en distintas proporcións, dominando as cores cálidas e pouco saturadas. Nos zócolos das edificacións hai maior presenza de granito silvestre en ámbitos con arquitectura tradicional, mentres que se atopa unha gran variedade de materiais nas fachadas dos locais comerciais das grandes cidades. En xeral os elementos secundarios preséntanse como un contrapunto máis escuro e definido que os fondos. En carpinterías conviven madeira e aluminio, sendo a primeira máis representativa en urbes como Pontedeume, e diminuindo en favor de outros materiais en Coruña e Ferrol.

Nas áreas rurais atópase un gran número de tipoloxías con presenza de pedra, sobre todo en elementos secundarios. En

fondos predomina o enfoscado de cemento, convivindo en moitas ocasións co granito silvestre en recercados e zócolos. Nestes casos os fondos adoitan ter sempre unha cor clara, xeralmente branca, que axuda a resaltar os elementos de pedra. Nos casos nos que o fondo presenta cor, os elementos secundarios aparecen nunha tonalidade máis escura e definida, dentro da mesma gama cromática. En xeral, a nota de cor apórtase en carpinterías, con tonalidades máis escuras que varían entre os azuis e verdes, así como o vermello como cor complementaria, con excepción das galerías, nas que predomina a cor branca. A cubrición predominante é a tella en edificacións tradicionais, aínda que se rexistran bastantes casos con fibrocemento á vista.

O periurbano presenta unha serie de tipoloxías nas que todos os elementos son susceptibles de ser pintados, polo que a elección de cor ten maior relevancia. Existe unha gama ampla con representatividade de todas as tonalidades que ten dúas variantes: fondos claros con elementos secundarios escuros e a situación inversa, na que o fondo presenta unha cor definida sobre a que destacan os recercados brancos, o que aporta unidade a un conxunto de cores aparentemente disperso. Os zócolos adoptan sempre unha cor escura, na mesma gama que o fondo ou o resto de elementos secundarios. En carpinterías predomina a madeira, na súa maior parte pintada de branco, aínda que tamén se atopa representatividade de verdes, azuis e marróns. En cubertas predominan as cubricións de pedra.

Golfo Ártabro Interior

En áreas rurais atópase unha predominancia de tipoloxías nas que a pedra é protagonista, convivindo moitas veces o granito silvestre coa lousa en fachadas. Boa parte dos fondos son enfoscados e pintados con tonalidades claras e cálidas próximas aos brancos, en combinación con zócolos e recercados de pedra. Os elementos secundarios contrastan co fondo, ben adoitando tonalidades máis escuras en convivencia con fondos claros, ou ben tomando un cariz luminoso que enmarca os fondos de lousa. En carpintarías

predomina a madeira pintada, seguida de cerca polo aluminio. Hai maior representación de cores neutras como o branco e o gris grafito, este último en combinación coa lousa. Se ben a carpintaría branca é a máis numerosa, existe representatividade de verdes, vermello e marróns. En vivendas predominan as cubricións de tella, sendo significativa a presenza de cubertas de lousa nos ámbitos nor-orientais, mentres que en edificación illada emprégase maioritariamente o zinc, sobre todo en combinación con fondos de lousa.

3.11. GALICIA SETENTRIONAL

3.11.1. Descrición xeral

A GAP Galicia Setentrional posúe unha diversidade de valores froito do contraste entre as comarcas do litoral e do interior. Tres grandes espazos naturais sintetizan os valores ecolóxicos da área. Por un lado, a enorme Serra do Xistral que se estende desde A Mariña, As Rías Altas e Terra Chá cara á zona de conservación da Serra da Toxiza ao leste e cara á Serra da Faladoira ao oeste. Nela destacan pola súa altitude O Cadramón (1.055 m) e o Xistral (1.032 m), situados na parte central. Outro dos espazos é o conxunto formado polas rías de Ortigueira e Ladrado, de grande importancia para a avifauna. Por último, na Serra da Capelada combínanse paisaxes de cantís con paisaxes de serra.

Tamén hai espazos naturais protexidos vinculados a cursos fluviais, como as Zonas Especiais de Conservación de Ortigueira-Mera e do río Landro. Ademais, destaca o Monumento Natural da Retorta e os valores naturais do río Sor e concellos como o de Mañón, no que se conservan regueiros rápidos con fervenzas de interese (Augas Caídas).

O gran valor estético da área responde ó contraste entre o litoral e as serras. A presenza das serras xera gran profundidade de vistas e a abundancia de miradoiros permite o acceso a escenas paisaxísticas de alta calidade estética. Nesta GAP destacan cantís de grande altitude, por exemplo A Garita da Herbeira, que supera os 600 m, ademais dos cabos emblemáticos de Ortegal, Estaca de Bares e Punta Candieira.

Cabe mencionar o valor estético dos vales con presenza do sector agrogandeiro pola súa condición de mosaico. Estes inclúen as agras e un tipo de hábitat tradicional que dispón as aldeas en fondo de val e nos bordos dos vales. A falta de alteracións na disposición das aldeas responde a factores socioeconómicos de inmovilismo e altas taxas de abandono, o que favorece o mantemento da disposición do hábitat tradicional, mais supón unha ameaza pola substitución deste mosaico por plantacións forestais.

No tocante ás vilas de relevancia patrimonial tan só destaca Viveiro, cunha morfoloxía medieval que aínda posúe restos da muralla e vestixios do barrio xudeu. Tamén destacan nesta vila o convento de San Francisco e o mosteiro de Valdeflores. Polo demais, existen algúns elementos illados de relevancia, como o castelo de Moeche, o castelo de Narahío, os xacementos

arqueolóxicos da área das Pontes de García Rodríguez e do litoral de Ortegal ou o santuario de Santo André de Teixido.

Entre os valores produtivos destaca o peso do sector forestal, creando un continuo de masas de eucaliptais coa GAP A Mariña-Baixo Eo. Por outra banda, destaca o sector extractivo a través do caso singular das Pontes de García Rodríguez, coa súa central térmica e a lagoa artificial. O sector pesqueiro conta cos portos relevantes de Celeiro, Cariño e Cedeira.

A estas terras pertencen dúas cabeceiras do Sistema Urbano Intermedio: As Pontes de García Rodríguez e Viveiro. Ademais, Ortigueira ten a consideración de Nodo para o Equilibrio do Territorio. O extremo suroccidental da área pertence ao territorio de afección da rexión urbana da Coruña-Ferrol.

O sistema de asentamentos rurais vén determinado pola situación arredada dos principais centros de actividade, agás os achegados á cidade de Ferrol. O fenómeno urbano máis significativo son as vilas de tamaño medio coma Ortigueira, Viveiro e Cedeira na costa, ou o caso singular das Pontes de García Rodríguez, o que evita grandes contrastes na densidade da ocupación do territorio, que conforman núcleos pequenos expandidos nas áreas de influencia destas vilas, con interdistancias pequenas.

As rías de Viveiro, do Barqueiro e de Ortigueira acollen antigas vilas mariñeiras cun tecido histórico evolucionado no que conflúen as relacións dun extenso medio rural circundante, tanto dos concellos costeiros, como dos de interior.

Por Viviero, os asentamentos concéntranse no val do Landro, onde se atopan antigas aldeas de tamaño mínimo con pequenas plataformas de cultivo entre a masa forestal.

No concello do Vicedo os asentamentos concéntranse no contorno litoral debido a un relevo máis suavizado. A alinación da Serra da Faladoira, prolongada polas serras de Coriscada e Solleiro, ata formar o cabo de Estaca de Bares, fai que, ó chegar a Mañón, a existencia de asentamentos de núcleos rurais sexa moi difícil de atopar.

Entre as vilas de Cariño e Cedeira os núcleos rurais tradicionais son moi pequenos e quedan máis espallados entre eles, agás no

caso de Santo André de Teixido, con certa entidade por ser punto final de peregrinación.

Cara ó interior, por Cerdido e Moeche, os asentamentos seguen a estar dispersos no territorio, de tipo polinuclear, como agregación de barrios, lugares ou vivendas illadas, emprazados nas bocarribeiras, modelo que se repita na foxa das Pontes.

Por Muras faise evidente o carácter disperso dos asentamentos na paisaxe, que anticipa a transición cara ás tipoloxías propias das chairas luguesas. No concello de Ourolo, no límite interior desta área, nótase o carácter de transición cara a Terra Chá, cun maior achegamento entre núcleos, que seguen a ser de tamaño mínimo.

3.11.2. Toma de datos

Tratouse de realizar unha mostraxe o máis representativa posible da GAP, de tal modo que quedase reflectida a idiosincrasia dos seus asentamentos, as cores e materiais tradicionais, así como o vínculo actual da poboación coa súa tradición e imaxe.

Despois dun primeiro contacto co territorio decidiuse facer unha toma de datos máis extensa que a prevista, ampliando o traballo de campo a máis núcleos que resultaban de interese pola súa relevancia histórica, patrimonial, exemplificativa ou pola súa envergadura. Tamén se tivo en conta o carácter difuso de determinadas aéreas e estudiáronse núcleos situados na transición con áreas limítrofes ou na proximidade da grande área lendeira co fin de confirmar ou descartar hipóteses e conclusións. En Rías Altas Litorais a recollida de información fíxose nas capitais dos concellos: Viveiro (cabeceira comarcal nas DOT), O Vicedo, O Barqueiro, Ortigueira, Cariño e Cedeira. E nos núcleos de Cobas, Celeiro, a Xunqueira e Landrove, no concello de Viveiro, Porto de Bares e Ribeiras do Sor, no concello de Mañón e en Espasante, no concello de Ortigueira.

Na comarca Rías Altas Interior o traballo de campo realizouse nas

cabeceiras de concello de As Somozas, San Ramón de Moeche, Cerdido e As Felgosas, e nos núcleos de O Porto, A Vila da Igrexa, O Campo do Foxo, A Vila, Castelo, Lugar da Igrexa de Recemel e Recemel, Os Abruneiros, Ulfe de Chao, Regueiro Longo, O Noval, Os Casás, Felgosa, Valiña de Abaixo, Balocos, Leboeiro, Sulleo, A Cabaza, O Pumar de Abaixo, A Garita, A Baiuca, A Riboira, As Filgueiras e Vilanova.

Na comarca de Serras e Fosas Setentrionais estudáronse As Pontes de García Rodríguez, como núcleo de cabeceira sinalado polas DOT, ademais dos núcleos de Marraxón de Arriba e Marraxón de Abaixo, O Campo da Cruz, Vilares, O Chao e Ferreira de Valadouro.

Esta mostraxe realizouse tomando coma referencia os edificios da arquitectura tradicional e de transición construídos ata o ano 1950 que non estivesen alterados en canto a volumetría e composición. Despois de visitados todos os edificios de arquitectura tradicional dos ámbitos sinalados, nas condicións descritas, identificáronse as distintas morfotipoloxías de arquitectura tradicional. Entre todos os edificios identificados, realizouse unha selección das edificacións menos alteradas en canto a acabados exteriores, de tal xeito que houbera edificacións de todas as tipoloxías consideradas. Esta preselección das edificacións estudadas facilitou o proceso de identificación das distintas tipoloxías de arquitectura tradicional e de transición recorrentes en cada comarca paisaxística.

O proceso xeral incluíu o traballo de campo para a toma de datos, o volcado dos mesmos en fichas, as fotografías de vistas xerais das edificacións e as fotografías de detalles significativos dos fondos, das carpintarías, recercos, reixería e contornos. Ademais, sempre que foi posible, recolléronse mostras dos materiais de acabado. A recollida de catas na fase do traballo de campo resultou especialmente determinante para proceder a extraer e seleccionar as cores por elemento arquitectónico, construtivo ou compositivo.

3.11.3. Diagnóstico de materiais e cores

RÍAS ALTAS LITORAIS Arquitectura tradicional de pedra

Na litoloxía da comarca paisaxística Rías Altas Litorais predominan as rochas metamórficas, aínda que existe unha zona na parte leste na que aparecen rochas graníticas.

Nas edificacións de arquitectura tradicional desta zona predominan as estruturas con muros de carga e cerramentos de pedra. As tecnoloxías que se atopan son as seguintes:

1. Cachotería feita con anacos irregulares de granito e xisto. Esta cachotería revístese con mosteiros de cal para protexela dos axentes atmosféricos. Repícalas para deixar a pedra á vista é un erro, pois se destrúe o sistema construtivo orixinal das edificacións. A cachotería non se pode deixar á vista, nin por razóns construtivas nin estéticas, sempre deben de manterse os revocos e se non é posible hai que refacelos.

2. Cantería feita con granito. Constrúense así muros, recercados

de portas e fiestras, linteis, antepeitos e esquinais Aparece algunhas edificacións, poucas neste ámbito, en todo o muro ou só na planta baixa. Esta pedra granítica atópase na zona de boa ou de baixa calidade.

- A pedra de baixa calidade aparece tradicionalmente revestida con enlucidos, xabelgas e pinturas ó cal, do mesmo xeito que o muro de xisto, debido a que non quedaba vista. O recubrimento aparecía de dous tipos:
 - a) Xabelga ou pintura ó cal branca.
 - b) Cal con pigmentos que tentaban igualar a cor da pedra, incluso co debuxo do despece da cantería de pedra.
- A pedra de boa calidade déixase vista, recubríndola só o xisto con morteiros de cal. A entrega do revestimento contra o recercado debe realizarse a plomo e a nivel. Nas aberturas existen unhas pedras chave coa función de trabar o recercado co muro. Estas pedras non teñen que facerse evidentes e polo tanto deixalas vistas, o revestimento do muro débese cubrir. Na arquitectura máis traballada as pedras teñen un resalte

que forma un marco sobre as fiestras, contra o que remata o revestimento. Na arquitectura menos culta non existe este resalte no marco e, polo tanto, ó recubrir co revestimento, o marco da fiestra quedará refundido con respecto ao revestimento e acabado da fachada.

Detectouse, sobre todo en Viveiro e O Barqueiro, que, a consecuencia da sobrevaloración semiótica das pezas de cantería que fixo extensivo o concepto erróneo de que “a pedra toda vista”, tense manifestado unha linguaxe estraña no xeito de volver a revestir os muros, que xera unha paisaxe con demasiado ruído visual e cunha lectura confusa da arquitectura, que debería corrixirse. Detectáronse dúas prácticas que desvirtúan a arquitectura tradicional, ademais de prexudicar o sistema construtivo da propia edificación na que se realiza e á paisaxe cultural en xeral. Por unha parte o picado dos revestimentos feitos de morteiro de cal e/ou bastardos dos muros de cachotería de pedra, deixando á vista pedra que non foi traballada para elo. Por outra parte a realización da entrega dos revestimentos das fachadas cos recercados dos ocos e os esquinais sen ser a plomo e a nivel, deixando á vista e contorneando pedras que non estaban para ser vistas e facendo un “ruído visual” que lle confire un aspecto cando menos estrño as arquitecturas.

Arquitectura mariñeira

Nos núcleos de Viveiro, Xunqueira, Celeiro, O Barqueiro, Porto de Bares, Espasante e Cariño atópanse casas mariñeiras, segundo as tipoloxías descritas por Manuel Caamaño (2003) e Pedro de Llano (1983). Nos seus muros atópanse restos das antigas xabelgas e pinturas ó cal e nas súas carpintarías restos das pinturas utilizadas que, polas súas cores, ben poderían ser pinturas de embarcacións, segundo manifesta a tradición oral recollida.

A cor das pinturas que se atopan nas fachadas é, recorrentemente, o branco do cal, salvo a excepción da rúa Lavandeiras en Celeiro, na que aparecen, nas fachadas actuais dos edificios non habitados e sen mantemento desde hai tempo, unhas cores especiais que se estudaron no traballo por medio de debuxos sacando as cores do estudo pormenorizado dos restos de pinturas que se atopan nas fachadas. A conclusión á que se chega é que esas cores son consecuencia dunha circunstancia que habería que buscar nunha análise da evolución urbanística de Celeiro, tendo en conta que na fotografía aérea de 1956 ditas construcións aparecen a carón dun areal, circunstancia que cambiou cando se procedeu ao recheo que as afastou do mar.

No núcleo de Cariño aparece unha linguaxe cromática especial, que ben puidera ser o reflexo da reivindicación dunha identidade, consecuencia das aspiracións locais históricas para ser concello, conseguidas no ano 1988. Necesitaríase dun estudo individualizado e pormenorizado que podería chegar á conclusión da necesidade dun plan de cor específico, polo posible reflexo no uso da cor nas fachadas dos edificios do núcleo dunha reivindicación histórica, polo tanto, dunha circunstancia social de significación dunha identidade.

RÍAS ALTAS INTERIOR

Esta comarca conta cun espazo tipificado de urbano pero que non se corresponde co carácter habitual dun asentamento de

poboación, senón que define á localización dunha actividade industrial. Polo tanto non existe un espazo periurbano de interfase entre o campo e a cidade. Os asentamentos cabeceira de concellos son tipificados coma rururbano (diseminados) e os demais asentamentos consideráronse como núcleos rurais.

Segundo Caamaño (2003), facendo referencia a Abel Bouhier (1979), a comarca Rías Altas Interior pertence á zona tipolóxica construtiva das agras coruñesas, agás a área do concello de Cerdido, que constituiría un enclave illado das serras setentrionais, neste caso con carácter de media montaña. Os asentamentos descritos mostraban dúas tendencias; aldeas pechadas nas terras altas e montañosas e aldeas abertas con edificacións separadas.

As tipoloxías recorrentes da casa-vivenda describíanse, respectivamente nas serras e agras, da seguinte maneira:

- Casa-vivenda de dous andares; edificios de pequenas dimensións e escasos espazos que van case sempre situados entre medianeiras.
- Casa-vivenda de 2 fachadas lonxitudinais e fiestras en ambas, con ou sen dependencia adxectivas adosadas ó núcleo básico. En caso de existir diferenciaríase claramente deste.

En ambos os casos sinálase que se caracterizan por ser realizacións construtivas sobrias e realizadas cos materiais locais.

Asentamentos

Atópanse, efectivamente, as dúas tendencias descritas, pero non exactamente nas áreas indicadas. Constatouse unha variación na configuración das aldeas, de máis agrupada á máis diseminada, ao alonxarse do límite coa provincia de Lugo cara ós concellos do litoral da costa Ártabra.

A configuración máis pechada presenta edificacións organizadas con certa proximidade, formando un primitivo sistema de rúas, nalgúns casos ó redor da igrexa. Polo xeral, estes asentamentos están constituídos por poucas casas e non se afastan moito uns dos outros. A configuración máis aberta está formada por edificacións separadas, distanciadas unhas das outras en torno a un camiño ou estrada. Os tres concellos totalmente incluídos na comarca paisaxística (As Somozas, Cerdido e Moeche) contabilizan un total de 407 núcleos de poboación.

Nas características arquitectónicas das edificacións constátanse varias etapas de crecemento local. Estes crecementos acentuaron o carácter diseminado, xa que as novas construcións se foron asentando ó longo de calquera eixe da rede viaria constituíndo nalgúns zonas un rosario constante e continuo de edificacións máis ou menos illadas. Isto explica que se trate dun territorio con asentamentos maioritariamente do tipo rururbano, de carácter difuso.

Estado da arquitectura tradicional e tipoloxías locais

Nesta área quedan poucos vestixios da construción tradicional. Non se atopan núcleos abandonados pero si casas deshabitadas, camiño do derrube. Da pouca arquitectura tradicional que queda en pé, a maioría atópase “desnaturalizada” debido a intervencións sucesivas segundo a evolución socioeconómica da comarca. As

alteracións máis comúns residen tanto na volumetría coma noutros aspectos, sendo común, por exemplo, a retirada dos revocos para deixar a pedra á vista.

Porén, aínda se atopa algún exemplar que testifica as características da casa rural tradicional de certa importancia; de planta rectangular ou en "L" cun corpo saínte de dúas alturas ocupado na planta nobre por unha galería estancia ou por una solaina.

Así todo, a tipoloxía máis estendida é a descrita polos autores de referencia mencionados: casa-vivenda de dúas alturas con planta rectangular, con dúas fachadas opostas onde se dispoñen os vans principais. Esta arquitectura funcional e sobria, disposta en volumes illados ou en fileira, con indiferenza da súa localización en zonas de maior ou menor densidade habitada, comparte similitude na súa morfotipoloxía, ademais de adoptar unha imaxe e influencias propias de contornas urbanas, marcados eixos compositivos, recercos xeneralizados, así como esquinais, zócolos, impostas e cornixa. Nas zonas rurais aparecen ás veces tamén elementos singulares como patíns, corredores, solainas ou galerías.

A confluencia entre a evolución do modo de asentamento e esta tipoloxía conforma unha estendida paisaxe de tipo rururbano.

Por outra banda, cabe salientar a influencia da emigración na implantación, non só de estilos arquitectónicos que se afastan dos locais, senón tamén na localización nun ámbito rural destes estilos urbanos, o cal acentúa o carácter xa de por si rururbano. Non é, pois, excepcional atoparse con edificacións de acentuado aspecto urbano en pleno ámbito rural. Isto refírese, por exemplo, á chamada arquitectura "indiana", edificada polos retornados da emigración das Américas (Garrido Moreno, 2000). Pero tamén se detectan construcións con acentos vascos, que mostraban a fachada tradicionalmente lateral, co pinche, de fachada principal, nalgúns casos rompendo coa habitual cuberta a dúas augas cunha terceira ou cuarta pequena vertente perpendicular coroando a fachada pinche. O efecto de "arrastre" das ondadadas pasadas da emigración pode explicar que algúns destes exemplos se atopen nun radio de proximidade.

A impresión xeral é que conviven construcións de épocas moi variadas polo que as veces se atopan contornas moi heteroxéneas.

Materiais habituais e particulares

Os muros das construcións tradicionais sen rematar mostran a amplitude da pedra que se atopa na natureza da contorna. Atópase principalmente sobre o grupo de Moeche; xisto, cuarcita, serpentina, gneis. A comarca tamén se asenta sobre unha zona de anfíbolitas, rocas metamórficas foliadas.

Constátase que a arquitectura tradicional foi edificada cos materiais existentes na contorna, principalmente xisto, gneis e cuarcita. Ás veces tamén se utiliza o granito para antepeitos, xambas e linteis con ou sen tornachuvias nas fiestras, pero adoitan maioritariamente facelo con "pedra de Moeche".

Cabe salientar o uso da pedra orixinaria dunha das canteiras locais. Trátase dunha serpentina de tons grises de fondo e vetas ocreas ou cor Siena, que resulta fácil de traballar e permite

realizar ornamentos e múltiples acabados; do pulido fino ao rugoso pasando polo aserrado. Esta pedra atópase en soleiras de balcóns e galerías, recercos, columnas "nobres" ou funcionais, antepeitos de ventás, chanzos, varandas, cruces, cruceiros, etc. Unha gran cantidade das edificacións atopadas mostran nas súas fachadas algún detalle realizado nesa pedra, determinando así a cor dos recibos. A particularidade desta pedra é que a veta acaba aflorando e mostra un aspecto veludo. Hoxe en día xa só se producen pequenos obxectos decorativos.

A baixa calidade da pedra local obrigaba a aplicar un revoco de cal que sempre era liso. Segundo os medios da casa, cubríase todo o volume ou só o segundo andar. Agás as que sucumbiron á moda da arquitectura desollada (termo tomado prestado do Blog de José Fariña: Urbanismo, Territorio e Paisaxe. No seu artigo do 16/10/2014). Poucas son as construcións que non seguen presentando revoco para protexerse. O máis común dos recibos tradicionais, ademais do "branco" cal, resultou ser o ocre amarelo e os cores terrosos con acentos cor Siena.

Outra das particularidades da comarca é a técnica do salpicado para finxir o aspecto da pedra. Aparece sobre superficies lisas e rugosas, con acentos ocreas amarelos ou cor Siena, mesturado co branco e negro para acentuar a saturación. Ás veces, certas superficies eran rematadas con liñas para finxir cantaría. Durante o traballo de campo comprobouse que existen na zona artesáns especializados nesa técnica. Porén, en rehabilitacións recentes dita técnica xa non se reproduce e vese substituída por pinturas areosas con efecto pedra.

A lousa de tipo "Ortigueira" e a tella curva son os materiais máis utilizados para a cubrición das cubertas. É frecuente atopar un uso mixto; lousa nas vertentes e tella curva nos cumios e limas tesas.

SERRAS E FOSAS SETENTRIONAIS

Ámbito urbano

Tomouse como núcleo de referencia para o estudo de cor e materiais na paisaxe desta comarca a cidade das Pontes de García Rodríguez, pois se trata dunha cabeceira do Sistema Urbano Intermedio establecido nas DOT.

O Catálogo das paisaxes de Galicia diferencia dúas áreas no interior da cidade, unha área rururbana e unha urbana de maior extensión. A área rururbana concéntrase no centro da cidade, o que se pode designar comunmente centro histórico. Aquí a tipoloxía semella construción rural tradicional, de gran volume, con envolvente a base de muros de carga de cachotería de xisto e pedra local, con carpinterías en madeira e con elementos saíntes no primeiro andar a modo de solainas e corredores. Estas construcións presentan morteiros de cal como acabado na fachada, así como cachotería vista sen encintar. A cores son as relacionadas coas propias do material do elemento construtivo. No resto da cidade as edificacións son de carácter urbano, entre medianeiras, xerando rúas e prazas, que teñen as características propias da época na que foron construídas.

Para a toma de datos tívose en conta a recollida de materiais e cores daquelas construcións que non se viran alteradas por modificacións ó longo do tempo. Este traballo viuse afectado polo

feito de que a maioría das edificación do núcleo presentan cambios significativos en canto ás cores e materiais de revestimento. Tendo en consideración os datos relativos á veracidade histórica de cores e materiais das tipoloxías descritas neste documento como urbanas, cabe salientar certas características:

- As cores empregadas son de gran variedade cromática, debido á influencia da proximidade cos núcleos costeiros das rías altas galegas, afastándose das áreas paisaxísticas interiores limítrofes, o que tamén determina o emprego de revestimentos cerámicos no exterior.
- Cabe salientar o elemento de galería no primeiro e segundo andar, construído en madeira e rematado en pintura branca, continuo ou con balcón central, marcando un eixo de simetría vertical na fachada.
- As construcións de influencias racionalistas abundan ó longo de toda a extensión do núcleo urbano, caracterizadas por un orde predominantemente horizontal marcado por molduras, cornixas e antefaces agrupando fiestras.
- As edificacións que abranguen características de ornamento ou volumetría son de pouca entidade dentro do núcleo de As Pontes de García Rodríguez.

Debe mencionarse neste punto que as tipoloxías urbanas presentes nesta comarca paisaxística non son unicamente propias de núcleos urbanos, senón que se atopan en núcleos clasificados como rurais no planeamento urbanístico. Neste ámbito as tipoloxías que máis abundan son aquelas con características de eixos, ornamento e volumetría. Destacan as edificacións vinculadas a unha vía, de tres eixos en fachada e dous andares, con revestimento de morteiro de cal que deixa á vista a cantería de maior calidade que conforma os ocós de fachada e os esquinais.

Ámbito rural

O modelo predominante nestas áreas é a casa terrea de dous andares con sobrado, en construción illada das outras no mesmo entorno nuclear, formada por un corpo de planta rectangular á que se engaden unha serie de corpos destinados a dependencias agrarias. A volumetría é complexa e a calidade construtiva vén dada polos materiais da zona onde se sitúa.

3.12. A MARIÑA-BAIXO EO

3.12.1. Descrición xeral

A Mariña-Baixo Eo conta con dúas comarcas: a Litoral e a Interior, nas que se poden diferenciar tres rexións naturais. O litoral, desde Ribadeo ata Burela, caracterízase pola rasa cantábrica. No interior occidental localízase o val do río Ouro, que transita desde os macizos da Serra do Xistral ás zonas húmidas de pradarias, hortas e brañas do fondo do val. Por último, nos límites orientais existe unha zona con relevo máis montañoso e accidentado. A esta variación no relevo correspóndelle tamén diferencias litolóxicas que condicionan os materiais utilizados tradicionalmente nas edificacións de cada unha destas rexións.

O Monumento Natural da Praia das Catedrais e a Zona Especial de

A cuberta confórmase a dúas augas na maioría dos casos, agás que haxa que cubrir unha gran superficie de vivenda, caso no que se recorre ás catro augas. As cubertas están formadas por lousas de xisto e, logo da colocación das lousas, pónense ó longo de todo o faldón elementos de peso coa finalidade de que non as arrastre o forte vento. As cubertas non sobresaen da liña de fachada, ou apenas cun aleiro de poucos centímetros da primeira fiada de lousa que pode ser de granito ou de xisto.

Os muros confórmanse dependendo da pedra existente e por iso presentan diferentes calidades; en xeral aparecen vistos, onde pode apreciarse a diversidade de rochas empregadas para a súa construción, gneis, xisto, granito e incluso pezas de seixo. A cachotería pode ir colocada en seco ou con barro. Cando a construción é de baixa calidade protéxese cun recebo de barro caleado. Cando a fachada é revestida déixase á vista os recercos dos vans en cantería, así como cadeas de canto nos esquinais da edificación.

Os vans abertos nos muros redúcense ós exclusivamente necesarios, con dimensión pequenas nas fiestras, sen un orde compositivo. Pódese apreciar unha sinceridade construtiva na colocación das rochas escollidas na formación das fiestras. En ocasións, para as portas de acceso ó primeiro andar, sitúanse pezas de gran formato nos lindeiros.

Caracterízase por ser una arquitectura práctica de sinceridade construtiva e nada ornamental. Nestas construcións poden aparecer elementos singulares propios das casa-vivendas rurais con funcións variadas que modifican o volume da edificación, como son o patín, o corredor, a solaina, o soportal e a galería.

As edificacións deste tipo que se atopan en Galicia Setentrional presentan muros de cachotería de xisto ou granito visto no primeiro andar e un revogo de cal liso no segundo andar. Aparecen os esquinais reforzados en granito coas pezas vistas ó igual que nas xambas, linteis e tornachuvias das fiestras. Os vans seguen un orde claro, aínda que comeza a aparecer unha lóxica construtiva na colocación superposta dos ocós en diferentes niveis.

Conservación Ría do Eo son espazos protexidos que conectan cos espazos tamén protexidos dos grandes ríos da GAP: o Eo, o Masma e o Ouro, que tras atravesar a área de sur a norte, xeran nas súas desembocaduras interesantes espazos intermareais. Ademais, a Zona de Especial Conservación da Costa da Mariña Occidental é outro dos valores naturais a destacar no litoral. As áreas de media montaña tamén contan con figuras de protección, como son Monte Maior e os ramais da Serra do Xistral.

A dualidade costa-interior estrutura a área en tres grandes liñas visuais: costa, rasa e outeiros. A franxa litoral é rectilínea, o que, xunto coa orografía chaira da rasa, xera amplitude de vistas co

fondo escénico do Mar Cantábrico, ademais dun continuo de elevacións do terreo que nalgúns casos actúan como miradoiros naturais. No amplo espazo chaira intermedio sitúanse as entidades de poboación de maior relevancia: Ribadeo, Foz, Burela e Xove, cuxos bordes teñen unha alta exposición visual. Tamén se atopan nesta rasa os espazos de cultivo e prados en marcado contraste cos montes e outeiros próximos de dedicación forestal.

O sector interior presenta unha maior fragmentación paisaxística coa existencia dunha maior mestura de escenas. Distínguense dous grandes grupos en canto a valores estéticos: vales e serras. Os primeiros conservan mosaicos tradicionais e nos segundos dominan as plantacións forestais.

Conta cun gran valor patrimonial a ruta do Mariscal Pardo de Cela polo val do río Ouro. No val do río Masma atópanse hórreos, muíños e fornos de cal de tipo romano. Toda a área conta con numeroso patrimonio arqueolóxico, relixioso, civil e etnográfico. Cabe salientar o casco histórico de Mondoñedo, coa súa catedral declarada Patrimonio da Humanidade pola UNESCO. Sen dúbida destaca tamén o interese histórico de Lourenzá, polo conxunto conformado polo mosteiro de San Salvador declarado monumento histórico-artístico, o seu pombal e a igrexa de Santa María. No municipio de Foz, atópase a Basílica de San Martiño de Mondoñedo que foi a primeira sede episcopal. En Ribadeo destaca o seu casco histórico, o castelo de San Damián, as antigas murallas e a arquitectura indiana, da que a Torre dos Moreno é un dos principais expoñentes. De feito, esta arquitectura ten unha forte pegada en toda a área da GAP, con especial presenza nos municipios costeiros. Na franxa costeira é de salientar o núcleo de Rinlo, en concreto o barrio do porto, polo seu carácter singular, así como os distintos faros que espertan cada vez máis o interese turístico.

En Cervo, debe mencionarse o conxunto histórico do antigo complexo siderúrxico e cerámico de Sargadelos, ca antiga fábrica de cerámica, as antigas fundicións, pazo do Marqués de Sargadelos e demais patrimonio relacionado. No concello de Alfoz destaca o Castelo ou Fortaleza Pardo de Cela en Castrodouro. Esta área conta ademais ca fortaleza de Tovar o Castelo de Toxiza ou a Torre de Garrete. Cabe sinalar tamén a presenza de rutas xacobeas do Camiño do Norte, declarado tamén patrimonio da humanidade pola Unesco, e que conta con dúas variantes que entran en Galicia por Ribadeo e Trabada, para unírense en Lourenzá e seguir por Mondoñedo cara a Santiago.

Un dos principais valores produtivos da área é o forestal, especialmente a madeira de eucalipto. O valor produtivo destas plantacións contrasta coa súa escasa diversidade ecolóxica e

paisaxística. Destaca igualmente o sector agrogandeiro, localizado no val do Ouro, Lourenzá ou nas ganderías de Trabada, A Pontenova e o interior de Ribadeo. A tradición pesqueira ten o seu maior expoñente no porto de Burela. O valor industrial ten escasa relevancia, excepto pola industria de transformación mineral de Xove.

Sendo unha área periférica con respecto ás áreas urbanas estruturantes de Galicia, conta coa vila de Ribadeo, clasificada como cabeceira do Sistema Urbano Intermedio, dúas subcabeceiras máis na beira litoral, como son Burela e Foz, e un Nodo para o Equilibrio do Territorio na localidade interior de Mondoñedo. Viveiro non se atopa dentro desta delimitación, aínda que a súa área de influencia en canto a relacións funcionais comerciais e administrativas, inclúe os concellos noroccidentais desta área.

Os asentamentos mostran moitos puntos de coincidencia coa área contigua da Galicia Setentrional, por compartir a súa organización en franxas derivada da conformación xeomorfolóxica. A franxa litoral presenta un perfil esencialmente lineal, con poucos entrantes agás as rías do Eo, de Foz ou a desembocadura do río Ouro, provocando que os núcleos mariñeiros atopasen historicamente difícil acomodo, implantándose nos poucos e reducidos abrigos naturais existentes e desenvolvendo unha relación prioritaria co medio rural inmediato. Deste xeito, agás no caso do porto de Rinlo ou asentamentos menores como Portocelo ou San Cibrao, serán as vilas mariñeiras os lugares que acaden un maior desenvolvemento urbano e concentren os crecementos no seu contorno. Na rasa cantábrica, as características son de pequenos asentamentos próximos entre eles, formando conxuntos polinucleares. O desenvolvemento turístico da contorna das praias provocou a notable expansión do patrón diseminado, onde acaban de enlazarse as aldeas tradicionais con novos desenvolvementos illados de segunda residencia ou pequenos paquetes de urbanización. Nos concellos litorais de Cervo e Xove o achegamento ás serras setentrionais marca o modelo de ocupación territorial; malia que segue predominando unha relativa dispersión, as agregacións polinucleares concentran algo máis a edificación. En Lourenzá e Mondoñedo, os núcleos polinucleares, continuos e cos seus límites difíciles de deslindar, conforman unha morfoloxía dispersa. Trabada e A Pontenova, concellos de interior, caracterízanse por núcleos que diminúen de tamaño conformando agregacións mononucleares moi cativas ou polinucleares de estrutura aberta e con grandes claros. Na Pontenova, as antigas aldeas adoitan ser asentamentos pequenos, mais ben densos ou compactos, fortemente condicionados pola orografía. As máis recentes agregacións parroquiais son polinucleares de estrutura tamén compacta, pero con grandes claros de agras intercalados.

3.12.2. Toma de datos

Esta GAP conta con dúas comarcas: A Mariña-Baixo Eo Litoral e A Mariña-Baixo Eo Interior.

Nunha primeira fase planeouse unha aproximación que procurara identificar as características esenciais das edificacións conformadoras dos núcleos, que condensaran o carácter e identidade da súa arquitectura.

Así, na comarca de A Mariña-Baixo Eo Litoral, visitáronse 6 zonas do núcleo urbano de Ribadeo: o casco vello, a rúa San Roque, o conxunto da praza de España e as rúas Moreda, Reinante e San Francisco. No concello de Barreiros, visitouse o núcleo de Reinante. E no concello de Foz, achegouse ata o núcleo rural da Espiñeira, situado na ribeira de ría do Masma. Deste concello tomáronse tamén os datos do Polígono Industrial, Foz e elementos illados

en solo rústico, concretamente en Vilaronte. No outro extremo da comarca litoral estúdiouse Vilachá, situado no concello de Xove. Semellou importante ter en conta o complexo industrial de Sargadelos situado no concello de Cervo.

Na comarca de A Mariña-Baixo Eo Interior, considerouse necesario achegarse a Mondoñedo onde se visitou o Casco Vello, barrio dos Muíños, avenida As San Lucas e José María Pardo e rúa San Lázaro. Como cabeza de concello estúdiouse As Rodrigas, de Riotorto. Como exemplos de núcleos rurais, Adelán e A Laxe, respectivamente nos concellos de Alfoz e Valadouro. Foron de interese tamén o polígono industrial de A Pontenova así como Santo Tomé de Lourenzá.

O proceso xeral incluíu o traballo de campo para a toma de datos, o volcado dos mesmos en fichas, as fotografías de vistas xerais das edificacións e as fotografías de detalles significativos dos fondos, das carpintarías, recercos, reixería e contornos.

Despois deste primeiro contacto co territorio, á vista de que cada comarca posuía zonas de características propias e moi diferenciadas debido as influencias da orografía e a litoloxía local, revertendo no tipo de materiais utilizados tradicionalmente, e polo tanto nas cores idiosincráticas, decidiuse volver a facer traballo de campo para comprobación de datos e sobre todo recollida de mostrase, volvendo a lugares xa explorados e achegándose a outros novos para contrastar a visión resultante das pescudas anteriores. Neste proceso, tomáronse os datos das cores das edificacións seleccionadas co colorímetro portátil.

3.12.3. Diagnóstico de materiais e cores

Se ben esta GAP divídese en dúas comarcas definidas, segundo se analizan os materiais das construcións, os hábitos de remate, as cores predilectas ou o tipo de asentamentos e casa-vivendas, atopámonos con máis de dúas zonas.

Segundo a publicación de referencia "As Construcións da Arquitectura popular. Patrimonio Etnográfico de Galicia" de M. Caamaño, esta GAP conta basicamente con dous tipos de casa-vivendas: a da Galicia das Chairas e depresións lucenses en toda a área, agás nos concellos de Riotorto e A Pontenova, onde predomina a casa-vivenda típica da Galicia das Serras, en concreto a das Serras orientais, de media montaña. Esta descrición apunta á denominación da GAP contigua polo sueste, salientando o evidente parentesco de paisaxe, morfotipoloxías, materiais e cores entre elas. Isto pon en evidencia a importancia das características orográficas e litolóxicas sobre estes aspectos. O carácter fundamentalmente utilitario da arquitectura popular, as solucións técnicas utilizadas para edificala, supeditadas á dispoñibilidade efectiva dos materiais usados, da lugar a unha arquitectura enraizada no territorio. De feito, mais que dúas comarcas, detectamos catro zonas diferenciadas resultantes da confluencia entre relevo, a economía de subsistencia propia que subxace destas condicións, e os materiais dispoñibles na contorna.

Asentamentos

Ampliando o que se describiu con anterioridade, na zona de chairas

En relación coa comarca Mariña-Baixo Eo Litoral, en Ribadeo ampliouse a área estudada, englobando os dous barrios mariñeiros, Porcillán e Cabanela, e a Rúa Nova. No concello de Foz, ademais de volver ó lugar de A Espiñeira, visitouse a núcleo cabeza de concello. Ampliáronse as pescudas sobre a fronte litoral ata Burela. En Barreiros, ata San Xusto, situado no trazado do Camiño de Santiago. En Cervo ampliouse o estudo ao núcleo cabeza de concello e a San Cibrao. En canto ó concello de Xove, observouse Xove, núcleo cabeza de concello e os núcleos rurais de Portocelo e Prada, ademais de volver a observar Vilachá.

En canto á comarca interior, ampliouse o estudo a San Tomé e San Adriano de Lourenzá ademais de Vilanova de Lourenzá, núcleo cabeza de concello. Á vista do estado do núcleo cabeza de concello de A Pontenova, pareceu necesario engadir os núcleos rurais da contorna, incluíndo o lugar de Rececende. Comprobouse o núcleo cabeza de concello de Trabada e o entorno inmediato así como Ferreira de Valadouro pasando por Castrodouro, pertencente a Alfoz. Finalmente decidiuse recoller mostrase tamén en Mondoñedo nos distintos barrios xa visitados.

Tratouse de realizar unha mostraxe o máis completa posible da GAP, á vez que se tomaba nota das morfotipoloxías recorrentes, comprobábase o estado de conservación da edificación tradicional e tomábase nota do actual vínculo da poboación coa súa tradición e imaxe.

e depresións, cunha topografía bastante aplanada, o tipo de asentamento dominante caracterízase por unha grande dispersión de numerosos núcleos de poboación, maioritariamente compostos de pequenas aldeas de poucos habitantes, disgregadas, conxuntos polinucleares, formadas xeralmente por un pequeno número de casais ou granxas illadas e agrupadas en barrios, de forma profusa e continua. Os núcleos máis grandes resultan ser os formados polas cabeceiras dos concellos.

Pola contra, estes asentamentos espallados nas franxas litorais, modifícanse substancialmente en canto nos achegamos ás altitudes das serras, onde se manifestan en aldeas máis ou menos grandes pero pechadas en si mesmas, caracterizadas por edificacións pegadas unhas a outras sobre o accidentado relevo, formando conxuntos compactos de vivendas e construcións anexas separados por estreitos camiños que aseguran a accesibilidade ao núcleo. Canto máis abaixo cara ó val, as mellores condicións climáticas e o relevo menos abrupto permiten certo grado de dispersión das vivendas, chegando a formar barrios de 2 ou 3 unidades.

Estas condicións inflúen nas morfotipoloxías atopadas, así como na percepción dos materiais e as cores, percepción das cubertas, cores sobre fondos, distancias de visualización, etc. Cabe mencionar que os límites das dúas comarcas paisaxísticas non reflicten esta realidade histórica. Non obstante, o desenvolvemento urbanístico e a presión inmobiliaria do fin do século XX, principios

do XXI, provocada pola atracción do litoral e das praias, volve a marcar unha diferenza entre litoral e interior reflectida na división comarcal da área paisaxística.

Estado da arquitectura tradicional e tipoloxías locais

A casa-vivenda tradicional das chairas e fosas, xeralmente emprazada á beira dalgún camiño ou no remate dunha corredoira, adoita mostrar edificio nuclear de volume sinxelo, disposto illadamente sobre o terreo, con planta regular cadrada ou rectangular, de dous andares e cuberta xeralmente a catro augas. Construcións adxectivas, xeralmente engadidas ao volume inicial, conflúen a xerar unha gran variedade volumétrica.

A casa-vivenda que atopamos na zona de tipo serra, adoita ser de dous andares, cunha tipoloxía moi elemental e rústica. É común que nin muros ni carpintarías presenten acabado. Pode contar con espazos de maior ou menor dimensión e calidade segundo o relevo ó que se adapta, adoitan ser máis grandes e de mellor calidade na media montaña. Malia estar en terreo de tipo serra de media montaña, nesta zona non se atopan casas-vivenda de tipo palloza.

A Mariña lucense presenta maiores variacións tipolóxicas, de materiais e cores, pero en todo caso, hoxe alterada irremediabilmente polos novos desenvolvementos residenciais dos últimos anos, coa conseguinte renovación ou destrución da arquitectura e do sistema de asentamentos tradicionais. É salientable constatar, por exemplo, a desaparición dos tellados tradicionais de lousa de xisto de cor cinza e a colocación de coberturas de tella cerámica que modifica substancialmente a paisaxe e a imaxe dos propios núcleos ca perda da súa idiosincrasia.

No polo oposto atópase a desertización demográfica progresiva nas aldeas e parroquias das zonas de montaña, co abandono masivo das poboacións e ca consecuente perda do patrimonio edificado tradicional, de indubidable interese etnográfico. Cando non é éste o caso, constatase que a arquitectura dos núcleos vese alterada ou substituída por obras de renovación ou de nova construción, feitas xeralmente con descoñecemento ou insensibilidade. Aínda así, vense tamén intervencións de calidade e gran respecto ao patrimonio.

Cabe sinalar que máis aló da arquitectura tradicional, que pode presentar pegadas máis ou menos locais ou de carácter circunscrito, existe unha arquitectura que reflicte a historia da poboación e da comunidade, a súa dependencia das épocas de crise ou bonanza, como é a arquitectura "indiana", as influencias Modernistas ou Art decó, ou a arquitectura racionalista que se estende por todo o territorio, atopando exemplares no máis remoto núcleo minimamente consolidado.

Malia a pegada do aspecto orográfico, constatamos que a litoloxía local resulta determinante na conformación da paisaxe e da súa percepción. Esta realidade sobrescribese sobre as condicións morfotipolóxicas. A disposición de granito na contorna xera determinadas cores e acabados. Pola contra, a cachotería de xisto e cuarcita induce outros hábitos na maneira de acabar. Tendo en consideración este aspecto, catro son as zonas que se distinguen:

a franxa litoral da rasa costeira, Foz incluído; o resto da franxa costeira ata a ría de Viveiro, xunto cos concellos interiores que lindan ca área paisaxística da Galicia Setentrional, que conta con granito; o territorio que linda con Asturias ó leste e ca área paisaxística das Serras Orientais coa que comparte materiais e acabados; finalmente, coa zona conformada polos concellos de Mondoñedo e Lourenzá onde se atopan bolsas de pedra calcaria ("caliza").

A dispoñibilidade de pigmentos condicionou as cores das carpintarías que se repiten con frecuencia en cada área, sen cambios substanciais, fóra das procedentes de rehabilitacións recentes ou de obra contemporánea.

Materiais habituais e particulares

Como xa se indicou, non é representativa da realidade unha delimitación que distingue litoral e interior. Porén, con carácter xeral, a arquitectura caracterízase por ser de muros de pedra local revestida. A cuberta tradicional para toda a área é de lousa de xisto e as carpintarías de madeira pintada, xeralmente de madeira de castiñeiro.

É unha arquitectura supeditada á dispoñibilidade efectiva dos materiais, elixindo os da contorna. Por outra banda, cando os materiais no proviñan directamente da natureza da contorna, a oferta era tan reducida que influíu en xerar unha harmonía existente entre asentamento e contorna, así coma certa percepción unitaria.

• Valadouro, Cervo, Xove e Burela.

Nas zonas que contan con abundante granito, como é o caso dos concellos de Valadouro, Cervo, Xove e Burela, a propia pedra cobra case todo o protagonismo. Prevalecen construcións de muros de cachotería careada e recuberta destacando con recortados os esquinais, recercados, impostas, balcóns, cornixas, etc., que son de cantaría de granito que se deixan á vista. As variables máis significativas están nestes elementos. O revestimento da cachotería é de argamasa de cal e nalgún caso mostra finxidos de cantaría.

Tamén existen fábricas de cantaría, ben para todo o fronte do edificio, ben para a planta baixa. En calquera dos casos, cando a edificación non contaba con remate, prevalecía o tratamento das xuntas en seco, aínda que ocasionalmente poidan tratarse con rexuntados resaltados.

Hoxe en día, agás en edificacións máis antigas e moitas veces abandonadas, nas que aínda se poden apreciar recibos de cal cun ton ocre suave, as fachadas están maioritariamente repicadas e rexuntadas. Os rexuntados realizados de argamasa de cemento, as veces pintados, modifican radicalmente o aspecto da construción e da paisaxe en xeral.

Pola uniformidade de cor que teñen o protagonismo da pedra e da argamasa utilizada, non dá lugar a moitos contrastes, deixando á carpintaría a función de elemento tónico. O uso de rexuntados inflúe levemente nesta percepción.

• Ribadeo, Barreiros y Foz.

Ribadeo, Barreiros e Foz contan con pouco granito. O terreo contén xisto, cuarcita, especialmente roca sedimentaria da rasa costeira cantábrica. Atópase traballada coma cantaría en substitución do granito. Esta cuarcita é local, nada ten que ver coa que se atopa nas áreas de media montaña. Mostra uns tons grises azulados, verdosos nalgúns momentos, con vetas ocre. Nalgúns casos dominan eses tons ocre, pero non é o mais común. As fábricas adoitan ser de pedra, de cachotería de xisto e cuarcita, revestidas de argamasas de cal. Coexiste o uso das cantarías de granito ou cuarcita para reforzo das esquinas e dos ocos, podendo ser nunha mesma edificación. Con todo, a cuarcita tallada é máis frecuente. Sólese deixala á vista, recortando o recebo ao redor con formas mais ou menos regulares segundo a propia regularidade da pedra.

A falta de granito combinada ca vontade de mostrar os valores prestados o seu uso orixinou a utilización de recursos e métodos para finxir a pedra. Este arte chegou a altos niveis ca arquitectura ornamentada, onde incluíanse as veces pezas que finxen ser tallas de complexas e artísticas estereotomías. Non obstante, sen chegar a estes niveis de sofisticación, nos ámbitos urbanos, e en Ribadeo especialmente, son variados os elementos de composición utilizados para enriquecer as fachadas; recercados mais ou menos moldurados, remates de cornixa, cinchos, impostas, zócolos, finxidos de cantaría, texturas, etc. Existen aínda nesta localidade edificios da transición entre os séculos XIX e XX de moi grande calidade arquitectónica, revelando a presenza dunha cultura relevante no traballo ornamental con argamasas, con técnicas avanzadas tales como esgrafiados, estucos e finxidos de cantarías feitos con argamasas e pinturas de cal, con gran calidade na súa execución.

Esta arquitectura mostra gran variedade en varandas e galerías que pasan a ser uns elementos fundamentais na composición das fachadas. Atópase tamén unha arquitectura sinxela, inclusive tipicamente mariñeira, con exemplos relevantes da arquitectura modernista. O conxunto mostra polo tanto unha gran variedade e riqueza de morfotipoloxías, de acabados, cores e xogo destas.

• Riotorto, A Pontenova y Trabada.

Comparten características de serra de media montaña os concellos de Riotorto e A Pontenova. Pero o concello de Trabada, aínda que se considera pertencente as chairas, comparte con eles esas mesmas condicións construtivas, uso de materiais e cores recorrentes debido á localización ao longo do río Eo, fronteira natural con Asturias.

O material tradicional das construcións dos muros, tanto no ámbito rural coma urbano, é a cachotería de lousa e de cuarcita. A escaseza de granito fai que non se poidan labrar pezas de gran tamaño para a execución dos linteis ou das xambas dos ocos. O material empregado para estes elementos é a madeira ou cuarcita en bloque tallada. En edificacións máis nobres, non é pouco frecuente encontrar este tipo de pezas de cantaría utilizada coma se fose granito en esquinais ou na contorna dos ocos. Cando é o caso, moitas veces déixanse á vista e recórtase

o recebo ao redor para salientalas. Existen moitas edificacións nas que a cachotería quedaba á vista ou era rexuntada con morteiros de barro. No caso de revocar os muros, os morteiros tradicionais eran de area e barro, e de cal e area, que se pintaban con pintura ao cal. No ámbito urbano principalmente, cando as fábricas de cachotería revestíanse cos morteiros tradicionais de cal, marcábanse os elementos compositivos das fachadas como cercados, impostas, zócolos, etc. Realizábanse con morteiro, as veces en relevo, as veces a pano, e diferenciábanse mediante o uso da cor. As cores localízanse fundamentalmente nas carpintarías.

O conxunto de xisto e cuarcita da área presenta unhas características tonalidades de ocre vermello, cores terrosos, grises escuros e negros.

Tanto no rural como no ámbito urbano vense bastantes vivendas abandonadas ou que non reúnen unhas condicións mínimas de habitabilidade. As reformas e ampliacións con materiais e solucións construtivas distintas das orixinais representan as alteracións mais significativas.

• Mondoñedo e Lourenzá

Mondoñedo e Lourenzá atópanse sobre un terreo do mesmo tipo que o descrito no capítulo anterior. Non obstante diferencianse notablemente por contar con granito, aínda que sexa de grao groso, en medio territorio mindoniense, na parte que linda con Alfoz, á vez que posúe xacementos de pedra calcaria (caliza) no entorno inmediato dos núcleos principais. Atópase o uso conxunto destas dúas pedras. Cabe salientar que tanto o granito coma a caliza de Mondoñedo mostran tons ocre de maior saturación que o granito utilizado na área composta polo Valadouro, Cervo, Xove e Burela. Incluso hai pezas con tons de terras vermellas. No mesmos núcleos basta con observar as pezas de granito en edificacións mais recentes, aínda que non actuais, para comprobar a diferenza. Tamén constátase o uso de cantaría de cuarcita, en tons grises ou pardos, moi próximos os tons das fábricas de xisto.

Agás en edificacións relevantes, as construcións, cando podíanse permitir, utilizaban estas pezas nos reforzos de esquinas, en recercos de vans, cornixas ou zócalos. O resto da fábrica consistía en cachotería de lousa e de cuarcita revestida cos morteiros tradicionais de cal. Nas edificacións mais humildes todas as paredes eran de cachotería de xisto e cuarcita, con linteis e marcos de madeira en vans e ventás. Neste casos, o remate con morteiro de cal non era sistemático. Non é pouco frecuente encontrar recercos de finxidos de pedra de argamasa ou pintada ca técnica do salpicado. Encontramos tamén cubrexuntas de madeira diante de recercos de cuarcita de cantaría; tallados con gran expresividade ornamental, alternativa mais económica que a talla de pedra adecuada. Nos núcleos urbanos é corrente o uso de técnicas de finxidos, principalmente de pedra, pero tamén atopamos finxidos de ladrillo nalgúns exemplares de arquitectura da primeira metade do século XX.

No caso de contar con pezas de cantaría nas fachadas, tanto se son de granito coma de cuarcita, adoitan deixarse á vista,

buscando máxima expresividade con recibos en relevo e formando recortes rectangulares ao redor das cantarías, debuxando rexuntados lineais, efecto acentuado polo contraste entre as pedras ocre e a pintura cando é branca.

Cabe salientar que en Lourenzá algún recebo mostra tons rosáceos, tanto en arquitecturas sinxelas como nas altamente ornamentadas. Malia as diferencias entre zonas, existen nas construcións dous aspectos comúns a toda esta GAP: as cores das carpintarías e o uso xeneralizado de lousa de xisto para as cubertas tradicionais.

Carpintarías

As carpintarías tradicionalmente de madeira adoitan mostrar cores brancos, ou cor "oso", verdes, grises azulados, ocres tostados, vermello de variada saturación e finalmente a gama dos azuis, que aínda que presentes non é o máis recorrente, nin tan sequera na costa.

Pódese subliñar que nos lugares onde abunda o uso do granito, a cor branca para carpintarías é a máis presente. Atópase un gran uso dos verdes nunha ampla variedade de tons tirando a amarelos ou azuis. Existe o uso moi frecuente de carpintaría en tons verdes pálidos combinados con cores ocres de fondo ou recibos que finxen a pedra. Compre sinalar que na franxa que linda con Asturias, zona de media montaña, moitas carpintarías non se pintaban, pero cando era o caso, a cor era utilizada nestes elementos como acento. Nestes casos, a cor branca non era nin moito menos a cor máis estendida, buscábase establecer un contraste harmonioso coas cores da cachotería ou das revocaduras tradicionais. Onde non se podía optar por cercados de granito, nin de cantaría de cuarcita, colocábanse marcos de madeira que recibían o mesmo acabado que a propia carpintaría. A substitución das carpintarías de madeira por carpintarías de aluminio, e agora tamén de PVC, cas súas propias condicionantes cromáticas e moitas veces branca, supón outra alteración non pouco rechamante.

Cubertas

Segundo nos atopemos no rural ou en ámbito urbano, ou en terreo máis ou menos montañoso, as coberturas teñen pouca presenza cromática, sendo en moitos casos o elemento que define a imaxe dos núcleos desde a distancia.

No rural, os lousados que solen ser en pedra de cor cinza, sempre adquiren un protagonismo máis expresivo que nos medios urbanos. Varía a profundidade dos beirados segundo nos aproximamos á montaña. Moitas edificacións adoitan complementar a cuberta con pezas de pedra (coílos ou granito), ou pirámides de cemento nas variantes máis recentes. Xa se salientaron os efectos da progresiva desaparición destes tellados en pos de coberturas de tella cerámica. É de subliñar que os lousados de lousa de xisto constitúen un aspecto importante en termos de integración paisaxística, por tratarse dun material abundante na contorna. O seu abandono, a opción por outro material de cor radicalmente diferente, modifica e modificou substancialmente a paisaxe. Esta tendencia pódese relacionar cas zonas que sofren máis presión inmobiliaria. Fora destes ámbitos, este material segue a usarse

nas construcións máis recentes, aínda que utilizando pezas de menor espesor e de factura regular.

Fondos

Outro dos elementos integradores do conxunto da GAP son as cores e acabados recorrentes.

Destaca unha tendencia para o uso de cores claras e pouco saturadas, quentes e moitas veces simulando a cor da pedra clara. As dúas cores que predominan nas edificacións sinxelas son os brancos e ocres, con máis ou menos saturación. No rural da zona de media montaña, cando as fábricas presentan revocadura, adoita rematarse de cal branca. Cabe salientar que o branco é un branco "cal" que nada ten que ver co aspecto dos brancos das pinturas habituais hoxe en día. O ocre preséntase nunha ampla variedade de saturación pero dentro dos límites que permitían os pigmentos de ocres naturais. Atópanse poucos vermello que son propios de ámbitos urbanos ou rururbanos. Atopamos o uso moi puntual dos azuis, principalmente ligado á arquitectura ornamentada, con notables influencias "indianas" ou modernistas. Pola contra, os verdes non pertencen á paleta xeral. A tendencia, cada vez máis estendida, a picar as revocaduras tradicionais para deixar a cachotería de pedra vista, produce importantes alteracións na imaxe das edificacións e, por conseguinte, na escena urbana.

Elementos compositivos

Nos casos máis sinxelos, os elementos compositivos márcanse con diferenza de tons entre o fondo e ditos elementos compositivos, un máis claro e outro máis escuro (código cromático binario), sen que se poida establecer regra sistemática en canto a cal é o claro e cal é o escuro.

Como xa se destacou no parágrafo sobre Ribadeo, existe en toda esta rexión unha significativa cultura da cal, que se traducía no uso de simulacións doutros materiais nos paramentos, tales como a pedra, tanto simulando fondos de albanería, coas súas estereotomías, como en remates ornamentais con decoracións en relevo feitas con masas (estucos). Era tamén tradicional acabar as paredes con argamasa de cal, por veces mesturando agregados moi finos tales como o pó de pedra ou area moi fina (os "lucidos") resultando superficies moi lisas e cor moi clara.

Os finxidos de pedra e de xuntas de pedra eran feitos con argamasas de cal, cuxa textura e cor se obtiñan cunha coidadosa selección de agregados (areas de distinta granulometría e cor) para imitar un determinado tipo de pedra. Cando as masas comezaban a secar, eran lavadas e cepilladas para deixar sobresaír a cor deses agregados. As xuntas eran finxidas, con incisións (por veces marcadas con cor), raspados ou sobrepoñendo regras paralelas antes de aplicar a argamasa.

Os problemas que poden aparecer neste tipo de acabados requiren intervención de técnicos moi especializados para unha adecuada actuación. Isto motiva que se pinte por riba. Non obstante, repintados non tan recentes xa esconden finxidos de cantarías ocultos en moitas das edificacións existentes pondo en tela de xuízo a aparente actual dominancia da cor branca en

determinados núcleos. Semella que existiu outro cromatismo que o que temos hoxe en día por tradición. Ademais, nos casos de "repintura" máis recente, invértese esta tendencia, xurdindo agora cores moito máis saturadas. Tamén atopamos finxidos de fábrica de ladrillo e técnicas de esgrafiado de diferentes niveis de complexidade, chegando a altos niveis nas arquitecturas de influencias indianas e modernistas.

Evolución actual

Detectase un xiro nas preferencias de cor. Nesta tendencia destaca Ribadeo, onde o casco vello estase cambiando notablemente polas recentes intervencións promovidas pola ARI. Se constata que as cores máis recentes non coinciden coas cores de substratos máis antigos. Pódese comprobar tamén a inversión da relación das partes

claras e escuras dos elementos compositivos arquitectónicos que modifica, altera ou incluso anula o sentido tectónico da fachada. Ademais se recorre só ao branco ou utilízanse cores cada vez máis fortes, incorrendo na inversión entre a cor dominante e a cor tónica. No caso do branco, tanto no seu uso como fondo como para a cor dos elementos compositivos, pódese comprobar que o branco actual resulta moito máis intenso e luminoso que o feito coa cal, incidindo na anulación dos mesmos.

Cómpre sinalar a existencia de bastantes actuacións nas que se eliminaron os revestimentos das fábricas de cachotaría de pedra, quedando espida, co que ademais de desprovelas dunha conveniente protección, transforman considerablemente a arquitectura á vez que converten os elementos compositivos, cando se manteñen, en caricaturas ornamentais.

BIBLIOGRAFÍA

- Abelleira Doldán, M. (2016). La arquitectura en Galicia durante la autarquía: 1939-1953 (Tesis doctoral). A Coruña: Departamento de Composición. Universidade da Coruña.
- Aguiar Portela da Costa, J.M. (2002). Cor e Cidade Histórica: Estudos Cromáticos e Conservação do Património. Porto: FAUP publicações.
- Alonso González, M. (2014). Racionalismo y Materialidad. Estudio sobre las Texturas de la Arquitectura Racionalista en A Coruña. (Trabalho fin de Máster de Rehabilitación Arquitectónica) A Coruña: Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña.
- Alonso Pereira, J.R. (1975). Racionalismo al margen: el estilo Salmón. *Arquitectos: Revista del Consejo Superior de los Colegios de Arquitectos de España*, 65,44.
- Alonso Pereira, J.R. (1985). Madrid 1898-1931. De Corte a Metrópoli. Madrid: Consejería de Educación y Cultura, Comunidad de Madrid, Servicio de Documentación y Publicaciones.
- Alonso Pereira, J.R. (2000). Casa de Indianos. Xunta de Galicia.
- Borobio Sanchiz, M.; Castillo Rodríguez, F.; González-Cebrián Tello, J.; Ferreira Villar, M.; Pérez-Cepeda Vila, L. (2013). Guía de Boas Prácticas para a Intervención nos Núcleos Rurais. Santiago de Compostela: Consellería de Medioambiente, Territorio e Infraestruturas, Xunta de Galicia.
- Bouhier, A. (1979). La Galice. Essai Géographique d'analyse et d'interprétation d'un Vieux Complexe Agraire. La Roche-sur-Yon.
- Caamaño Suárez, M. (2003). As Construcións da Arquitectura Popular. Patrimonio Etnográfico de Galicia. Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos.
- Dalda Escudero, J.L.; Pérez Franco, J. (1984). La casa en la Hilera. Obradoiro: *Revista de Arquitectura y Urbanismo*, 9, 37-44.
- De Llano Cabado, P. (1983). Arquitectura Popular en Galicia. Santiago de Compostela: Colegio Oficial de Arquitectos de Galicia.
- De Llano Cabado, P. (2006). Arquitectura Popular en Galicia: Razón e Construcción. Xerais e Fundación Caixa Galicia.
- Díaz-Fierros Viqueira, F.; López Silvestre, F. (2009). Olladas Críticas sobre a Paisaxe. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Galán Gómez, T. (2007). Xénese do Espazo Urbano en Galiza. Noia, A Coruña: Ed. Toxosoutos.
- García, A.; Llopis, J.; Masiá J.V.; Torres, A.; Villaplana, R. (1995). El color del centro histórico. Arquitectura histórica y color en el Barrio del Carmen de Valencia. Ajuntament de Valencia.
- Garrido Moreno, A. (2000). Elementos ornamentales en la arquitectura indiana de Galicia. En: Bores, F. (Coord.), Casas de Indianos [p. 61-90]. Xunta de Galicia.
- Garrido Moreno, A. (2002). Aproximación a la primera arquitectura decó en Galicia: el modelo coruñés. *Quintana* 1, 225-239.
- Fariña Tojo, J. (1980). Los Asentamientos Rurales en Galicia. Madrid: Instituto de Estudios de Administración Local.
- Lancaster, M. (1996). Colourscape. Londres: Academy Editions
- Lenclos, J.P., Lenclos D. (1990). Les Couleurs de la France. Maisons et Paysages. Paris: Editions du Moniteur.
- Lizancos Mora, P. (1993). Debuxo e ornamentación na arquitectura do sur da provincia de Lugo. *Boletín Académico Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña*, 17, 27-34.
- Lizancos Mora, P. (2006). A Casa Contemporánea en Galicia. A Nosa Terra.
- López Gómez, J.L. (2015). Arquitectura Art Déco en Ferrol. Ferrol Análisis: *Revista de pensamiento y cultura*, 29, 116-129.
- Lorenzo Fernández, X. (1982). A casa. Vigo: Galaxia.
- Lorenzo Fernández, X. (2004). Da casa rural a casa vilega. Galaxia
- Lynch, K. (2010). La Imagen de la Ciudad. Barcelona: Editorial GG.
- Mallo Lagoa, F.A. (1991). A Casa Mariñeira en Cangas de Morrazo e Arredores. Pontevedra: Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos.
- O'Flanagan, P. (1996). Xeografía Histórica de Galicia. Vigo: Xerais.
- Otero Pedrayo, R. (1962). Historia de Galiza. Buenos Aires: Editorial Nós.
- Porter, T., Mikellides B. (2015). Colour for Architecture Today. NY: Routledge.
- Quaroni, L. (1980). Proyectar un Edificio, Ocho Lecciones de Arquitectura. Madrid: Xarait ediciones.
- Redondo, A., Rodríguez, M., Valladares, J. (2016). Guía de Boas Prácticas para as Actuacións nos Camiños de Santiago. Santiago de Compostela: Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, Consellería de cultura, educación e ordenación universitaria, Xunta de Galicia.
- Riera Ojeda, O.; McCown, J. (2008). Elements in Architecture. Colour. Köln: Evergreen.
- Rodríguez Cheda, J.B., Muñoz Fontenla, C.; Quintáns Eiras, C.; Raya de Bias, A.;
- Rodríguez Galera, E. (2002). SECA: Construcciones de Junta Seca en Galicia. Santiago de Compostela: Colegio Oficial de Arquitectos de Galicia.
- Soraluce Blond, J.R. (2005). La arquitectura ecléctica en Galicia (2005). *Abrente*, 35-37, 183-226.
- Táboas Veleiro, T. (1991). El Color en Arquitectura. Sada, A Coruña: Edicións do Castro.
- Ventura Real, J. M. (2012). Cintados de Cal na Galiza: Paredes para Ler. A Coruña: Boreal.

